


Lara Méndez comenta as estratexias coas que se está a transformar a cidade

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, ten un follo estratéxica de presente e futuro para a cidade amurallada desde o inicio do seu mandato no ano 2015 que pasa "pola transformación sostible na cidade, co fin de reforzar tamén a loita contra o cambio climático, evolucionar e ter maior resiliencia como cidade ou diversificar a economía". Explica a alcaldesa que malia que a pandemia afectou a todas as administracións tivo que facer a nivel organizativo unha restruturação de prioridades e introducir actuacións que non estaban previstas na folia de ruta. **Pax. 6-7**

Novo ano, novas expectativas

Colectivos da cidade fan un estudo dos seus propósitos de cara ao 2022 así como das necesidades que acumulan e ás que tentarán poñer solución



Os colectivos e asociacións lucenses márcanse propósitos, desexos e obxectivos de cara ao vindeiro ano 2022 aínda que o principal de todos eles é o de gozar de boa saúde e a volta á normalidade, un factor que se viu afectado nestes dous últimos anos por mor da pandemia que paralizou a vida social, o comercio, as actividades ou os festexos. Nos últimos meses fóronse reactivando moitos destes sectores, favorecendo así unha mellora na calidade de vida da veciñanza e aínda que volven estar en situación de risco nesta nova vaga teñen xa o seu plan de traballo deseñado. **Pax. 2-4**

sociedade. A asociación veciñal denuncia o estado do Leirapárking. **Pax. 11**

cultura. Nova exposición que mostra a diversidade cultural de Lugo. **Pax. 12**

economía. O orzamento municipal será de 106,8 millóns de euros. **Pax. 14**

zona rural. Falamos con Isabel Vilalba, secretaria xeral do SLG. **Pax. 17**

infraestruturas. Comezan as obras da Esquina de San Roque. **Pax. 18**

deportes. 900 persoas participaron na carreira Lugo Monumental. **Pax. 30**

entrevista. O presidente do CP Lucense fala sobre o club deportivo. **Pax. 31**

Entrevista a Adace-Lugo




O dano cerebral afecta a 35.000 galegos. **Pax. 10**

Regresa o programa da biosfera



Presentan novas actividades gratuítas. **Pax. 13**

Nova obra no Museo Provincial



Engadido un óleo de Federico de Madrazo. **Pax. 13**

Aprobado o Plan Único cun investimento de 21,5 millóns

A Deputación sacou adiante as bases do Plan Único do ano 2022, que está dotado con 21,5M€ e que simplifica aos concellos a xestión dos fondos ao eliminar trámites administrativos intermedios. A propos-

ta foi aprobada cos votos a favor do PSdeG e do BNG, e coa abstención do PP. Prevese que a principios de xaneiro xa se poida abrir o prazo para presentar os proxectos que queren desenvolver. **Pax. 22**

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES EN LUGO Y RIBADEO DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS

VA VEIGUELA ABOGADOS

ESPECIALISTAS EN DERECHO CIVIL, HERENCIAS, SUCESIONES, DONACIONES, PACTOS DE MEJORA

PLANIFICA TU HERENCIA EN VIDA

AHORRA BENEFICIÁNDOTE DE IMPORTANTES VENTAJAS FISCALES

1ª CONSULTA GRATUITA
Llámanos: **982 228 606**

📍 Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. ☎ 982 228 606

📍 veiguelabogados 📱 veiguela abogados

A FONDO

Os propósitos dos colectivos

Asociacións e formacións lucenses márcanse os obxectivos para o 2022 entre os que figuran moitas das súas reivindicacións históricas

Os colectivos e asociacións lucenses, ao igual que os cidadáns, márcanse novos propósitos e desexos de cara ao novo ano. Dende aquí queremos dar voz a tódalas agrupacións que conforman e facilitan a vida dos veciños de Lugo.

Hai un único desexo e obxectivo que é común e une a todos os colectivos e cidadáns. Este é o da saúde, un factor que se viu moi minguado nos últimos dous anos. A covid 19 irrompeu paralizano a vida social, o comercio, as actividades, os festexos e todo tipo de acto que consistirá nunha pequena agrupación de persoas. Nos últimos meses, fóronse reactivando todos estes sectores, favorecendo unha mellora na calidade de vida dos lucenses e dos grupos que conforman.

Aínda que as administracións públicas están a favorecer e impulsar os distintos sectores, para axudar e dinamizar a economía e promover a cultura e as diferentes actividades sociais, as asociacións e colectivos reivindicamos un incremento no apoio que lles facilite a volta á normalidade.

COLECTIVOS

Eduardo Núñez, presidente da **Peña Anda** a Asociación benéfica protectora do Asilo de Anciáns de Lugo afirma que “de cara a este ano o noso maior obxectivo é o de incorporar xente nova e así rexuvenecer a Peña, é dicir, incorporar sabía nova, porque esta Peña ten 60 anos de historia e o 60% ou

70% dos socios son moi maiores. Por iso, a nosa idea é esa xa que rondamos os 500 socios”.

Por outra banda, aproveita para recordar que “somos unha asociación benéfica pero xurde como unha Peña de amigos que quixo axudar naquel momento ao asilo de San Roque xa que tiña moitas carencias. Afortunadamente hoxe en día non as ten. Esta segue sendo unha das nosas liñas principais, a atención á terceira idade, e sobre todo a de prestar atención as causas benéficas necesarias. Por iso, nese senso o noso orzamento é moi reducido e nós vivimos sen axuda das administracións, sostémonos coas achegas dos socios e a lotería. Así que o único que pedimos é que todo o mundo colabore nas nosas causas”.

A colaboración e sustento da mesma é unha parte esencial que garante un envellecemento de calidade e digno na cidade amurallada

Este tipo de agrupacións fan máis afable a vida dos nosos maiores polo que a colaboración e sustento da mesma é unha parte esencial que garante un envellecemento de calidade e digno na cidade amurallada.

Outra asociación que tamén se encarga de facilitar a vida dos lucenses é **Afalu Alzheimer**, unha organización sen ánimo de lucro que favorece unha mellora na calidade de vida dos seus pacientes, un apoio para as familias e un factor fundamental na campaña de concienciación, prevención e



De arriba a abaixo, a Federación de Veciños e os Mercenarios Galaicos

información sobre as demencias neurodexenerativas.

Neste senso, María Carmen Pena Ledo presidenta da asociación destaca dous obxectivos principais de cara ao 2022 “seguir insistindo na prevención mediante a estimulación cognitiva e a terapia e, dar visibilidade á problemática á que se enfrontan día a día os enfermos e as súas familias. Seguiremos defendendo os seus dereitos

e as súas necesidades”.

Aproveita para pedirlle ao novo ano “que as administracións públicas sigan colaborando co noso colectivo así como ampliar e axilizar os recursos para os doentes de Alzheimer e demencias neurodexenerativas e as súas familias”.

CULTURA

Este foi un dos sectores máis pa-

ralizados e un dos que máis dificultades están tendo para volver a reactivarse. Son circunstancias onde existen aglomeracións de xente e é complicado poder ofrecer unha programación ampla e variada de actividades culturais sin que supoñan un risco. Coa chegada das vacinas volvéronse abrir teatros, actuacións e retomáronse as celebracións de diferentes festividades a medio gas. Polo que, o obxectivo é común para todos os colectivos que fomentan as actividades culturais da cidade, que o virus permita encher teatros e realizar as festas tradicionais da cidade coma nos anos anteriores á aparición da Covid.

Os **Mercenarios Galaicos** unha asociación de recreación histórica creada no 2013 para o Arde Lucus márcanse como obxectivo para o 2022 “participar nalguna festa de recreación histórica, na que poder dar a coñecer o Arde Lucus, fóra das nosas fronteiras, dar un pasiño máis e internacionalizarnos. Para iso xa estamos en contacto con asociacións de varios países”.

Con respecto á festa lucense “de cara o Arde Lucus 2022 imos facer de novo todo o campamento, estamos xa ensaiando novas actividades e a día de hoxe somos sobre 100 persoas na asociación e abriremos a cota ata chegar aos 100 adultos, polo que chegaríamos aproximadamente as 150 persoas”.

Como reivindicación ás administracións locais, o colectivo ani-



tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

COMPRA ON LINE

FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE
APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD



COMPRA ON LINE

www.promedisa.com

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374

ma a “que sigan traballando por facer o Arde Lucus o mais grande posible, cousa que están a facer bastante ben. O único pero que se lles pode poñer e que intentan facer cousas para as que nos avisan con moi pouquiño tempo e é complicado organizar á xente”.

Paloma Lugilde de **Palimoco Teatro** tamén manifestou os seus desexos e propósitos para o ano 2022 con respecto á dramaturxia lucense. “Nós o que pretendemos este ano é volver poder intervir nas rúas como facíamos con Quen ocupa esta cadeira? ou con Letra viva e seguir formando os grupos e crecendo xuntos. Investigando. A verdade é que os rapaces e rapazas botan máis de menos poder actuar na rúa sen as máscaras. Entendemos que iso non depende de ninguén, senón do virus polo que esperaremos e agardaremos a que a situación mellore. Seguiremos facendo as cousas como estamos facendo, con moita prudencia”.

Por outra banda, agradece que “a nivel cultural estase facendo moitísimo polo teatro galego en Lugo porque agora podemos presenciar case todas as obras que se dan no circuíto da rede. E, tal vez, agora reivindicar un pouco máis de apoio aos autónomos lucenses, porque témolo pasado francamente mal para poder manter o ritmo que levábase as escolas. Se cadra, unha proposta para as administracións é que se reúnan co sector para ver e avaliar un pouco cal é a situación e en que nos poden botar man. Sobre todo á hora de ter máis facilidade para alugar e ter máis oportunidades e lugares onde poder presentar as nosas obras e traballos das diferentes escolas así como os intercambios entre as mesmas. Pero aí estamos. Pouquiño a pouco que son tempos complicados para os xestores culturais e para os autónomos.



De esquerda a dereita e de arriba a abaixo, o CP Casás, o parque infantil de Augas Férreas, Lugo Monumental e unha terapia de Afalu



COMERCIO

Os negocios e establecementos lucenses desexan un ano con máis compras por parte dos lucenses, que admiten, cada vez son máis conscientes de que realizar as xestións nos establecementos de proximidade promoven e xeran riqueza na cidade, movendo a economía, creando postos de traballo e favorecendo as pequenas empresas.

Dende a Asociación de Empresarios **Lugo Monumental** que representa unha boa parte dos negocios de Lugo afirman que non existen propósitos especiais para o 2022 xa que “a nosa política nisto é facer previsións coma se fose un ano normal e, en función da situación sanitaria, ir modificando a programación coas anulacións e

os cambios que procedan”.

Pola contra, no capítulo das reivindicacións móstranse claros e directos ao afirmar que “é necesaria unha política realista, afastada de slogans e xestos que non teñen trasfondo real. Por exemplo, podería faltar dos bonos da Deputación, que lles custaron un ollo da cara aos empresarios xa que se lles pagou coma se fose unha subvención para eles e non para o usuario do bono, polo que téñeno que declarar e pagar os impostos correspondentes, cando realmente é unha forma de pago sinxelamente”. A isto, engaden que “a medio prazo tamén cremos que é fundamental que os recursos se usen para cubrir necesidades, e non, para facer obras innecesarias como a famosa Intermodal, que non vale para nada xa que non hai

trens decentes e suporá afastar da súa magnífica localización á estación de autobuses”.

Jaime Luís López Vázquez secretario xeral da **Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)** marca como obxectivos de cara ao 2022 “continuar co apoio e incentivo do tecido empresarial na provincia de Lugo a tódolos niveis. Ademais de seguir coas liñas de traballo que desenvolvemos habitualmente, de información e asesoramento laboral, xurídico, económico... ás nosas empresas asociadas, ou de promover novas iniciativas a través da nosa participación e impulso de entidades como a Fundación CEL, que para o próximo exercicio chega a 25 anos apoiando ós emprendedores lucenses, ou a Fundación Agroalimentaria de Galicia, que vimos de

constituir neste 2021 para impulsar o peche de ciclos produtivos e a mellora da competitividade no ámbito do sector agroalimentario, cara o 2022 está no noso horizonte a reapertura das nosas oficinas na zona Sur e na zona Norte da provincia, co apoio da Xunta, de cara a retomar un contacto máis achegado coas empresas e emprendedores nesas áreas, nun contexto no que necesitan máis que nunca dun asesoramento directo, por exemplo, nas diferentes liñas de axuda que están lanzando as Administracións Públicas nestes intres”.

Ademais, recalca e reivindica que “ao marxe de seguir insistindo nestes intres no necesario apoio que precisan as nosas empresas e emprendedores para superar a crise da Covid-19, moi especial



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camino Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

Parking gratuito

clínica **TEST** dental

mente nalgúns sectores, as principais reivindicacións da CEL nos últimos anos, e desgraciadamente non cremos que varíen para 2022, relaciónanse coa dotación de infraestruturas para a nosa provincia. Para empezar, é necesaria a finalización, canto antes, da Autovía a Santiago e o impulso da Autovía con Ourense, de interese para a conexión vía estrada con Portugal e a zona Atlántica, ademais de para noso vertebrado interior. E non debemos esquecer o necesario vertebrado do norte provincial vía autoestrada cara Ferrolterra e a modernización das liñas FEVE nesa zona para transporte de mercancías e viaxeiros". Non quixo esquecer "o necesario que é un compromiso claro para que Lugo non siga quedando ao marxe da alta velocidade: o mínimo é conectar Lugo con Ourense para que poidamos chegar á Meseta e ó resto do país en tempos competitivos, porque somos a esta hora a única capital de provincia en Galicia que queda fóra deste importante avance nas comunicacións. A maiores, a interconexión ferroviaria de Lugo con Santiago e A Coruña en tempos competitivos sería algo tamén de gran relevancia para a provincia. Consideramos asemade imprescindible que se execute canto antes a conexión ferroviaria Monforte - Lugo - A Coruña co Corredor

Atlántico para garantir a saída dos nosos produtos".

Por último, Jaime Luís continúa dicindo que "o prezo da enerxía tamén está dentro das nosas preocupacións principais a día de hoxe: hai que garantir que as nosas empresas accedan a prezos de enerxía competitivos, que non comprometan a súa viabilidade presente e futura. Relacionado con todo o anterior (a dotación en materia de infraestruturas, os incentivos ao tecido produtivo e a novas iniciativas...) está a loita contra o despoboamento: hai que tomar medidas xa para revertir esa tendencia á perda de poboación e o empobrecemento da denominada España Baleirada da que Lugo forma parte, desafortunadamente".

EDUCACIÓN

O eido da educación é fundamental para a creación dunha sociedade. Encárganse de aportar nocións básicas aos máis novos co fin de crear persoas que sexan capaces de desenvolverse por si mesmas nun futuro. Os nenos, foron os grandes esquecidos na pandemia, moitos perderon capacidades para socializar, así como o contacto directo cos seus mestres dificultando a labor educativa.

Martín Jose Araujo Velasco, presidente da **Anpa Rosalía de Castro**

confirma que de cara ao 2022 "temos previsto continuar mellorando o noso colexio e facer proxectos para os nenos".



Como pai e falando de maneira persoal, propón ás administracións que se encarguen de "facen unha cidade amable cos nenos, xa que nunca se conta con eles, non teñen espazos onde xogar, o importante é facer terrazas e edificios. Debería haber nos centros das cidades e nos barrios pistas de fútbol salta, baloncesto, patinetes, skate, zonas de bancos onde sentarse e falar. Onde levamos ós nenos? Ao parque parece que molestan... Tan só hai que ver o increíble espazo creado na parte superior de Vialia, canchas pistas, tobogáns, parques... en Vigo, a anos luz de Lugo. A sociedade é egoísta cos nenos, non contan para nada e nunca se pensa neles. Falo dende pequenos ata nenos adolescentes. Considero que hai que darlles outras opcións diferentes a facer botellón".

Fernando Rois Rois, presidente da **Confederación Galega de Asociacións Veciñais "Rosalía de Castro" - CoGaVe**. Un colectivo que representa a unha gran parte da sociedade lucense confirma que entre os obxectivos de cara ao 2022 están o de "seguir defendendo os intereses de tódolos galegos e galegas, independentemente de onde vivan. Temos que seguir dando batalla en materia de cobertura de telefonía móbil e internet, que segue sen chegar a moita xente. Tamén seguiremos enriba da mellora de conexións entre Galicia e tamén de Galicia co resto da península. Tamén en materia de atención presencial, especialmente en tema sanitario. Seguiremos denunciando os abusos das entidades bancarias. En definitiva, seguiremos defendendo aos veciños e veciñas de toda Galicia".

En canto as reivindicacións, o presidente recorda que "na maioría dos casos non obtivemos resposta nin tampouco execución en tempos aceptables. Esixiremos que estean á altura das necesidades da cidadanía, xa que son entidades públicas, ao servizo das persoas".

DEPORTE

O deporte en Lugo é un sector no que tamén influíu moito a pandemia. Por iso, ao novo ano os clubs lucenses teñen como propósito e obxectivo seguir inculcando o deporte como hábito saudable aos máis cativos. Por outra banda, tamén pretenden seguir competindo e realizando encontros de gran envergadura na cidade, como a Champions de fútbol sala que tivo lugar o pasado mes de decembro ou o Campionato galego absoluto de inverno de natación que se celebrou no Club Fluvial. Adolfo Somoza presidente do



De arriba a abaixo, o CP Lucense, usuarios de Afalu e Palimoco Teatro

CP Casás afirma que "o club ten como obxectivo para o 2022, se a covid o permite, seguir medrando e ofrecendo deporte de calidade aos lucenses. En fútbol sala, loitaremos por manter as categorías alevín, infantil e cadete nas Ligas Galegas e intentaremos ascender á mesma co equipo xuvenil. Un dos nosos propósitos máis importantes e no que mantemos o foco é o de ampliar e crear equipos femininos cos que as nenas da cidade poidan competir e xogar. Este é un aspecto no que o noso club foi pioneiro no fútbol sala lucense. En canto ao fútbol 11, continuaremos co proxecto que estamos a levar de maneira conxunta co outro club do barrio a SCD Residencia". Ademais, recorda que "este ano volvemos ás competicións de atletismo tras un par de temporadas sen contar con esta disciplina no club, o fin é o de fomentar este deporte e crear hábitos saudables nos rapaces".

No tocante ás administracións, o presidente do club móstrase satisfeito "estamos moi contentos cas axudas prestadas por parte de tódalas administracións, tanto Concello, como Deputación, como Xunta. O que si é certo é que o Concello de Lugo ten unha carencia de instalacións deportivas e si que lle pediríamos ás mesmas que

solvente dita precariedade, construíndo algún polideportivo máis así como algún campo de fútbol". Óscar Rodríguez presidente do **CP Lucense** afirma que "este ano aspiramos a referendar os resultados do ano pasado onde conseguimos ser campións galegos en categoría alevín. Isto foi unha continuación do ano anterior onde xa alcanzamos o campionato galego en categoría benxamín de balonmán. En atletismo individualmente hai deportistas que si que aspiran a competir nos galegos. O noso obxectivo principal é fomentar o deporte. E formar aos nenos. Os resultados virán se hai boas condicións e se traballan ben".

Como reivindicación, coincide co presidente do CP Casás ao afirmar que é necesario "mellorar as instalacións deportivas. Lugo está mal dotado de instalacións onde levar á práctica a realización de deporte. Hai moita oferta de actividades moita demanda por parte dos nenos e as instalacións quédanse escasas para cubri-lo. É unha demanda reiterada durante os últimos anos. As administracións teñen os recursos que teñen e entendo que as administran da mellor forma que poden loxicamente, pero si que é certo que hai necesidade".



Marfer

INFORMATICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO
LUGO Y PROVINCIA



Distribuidor Autorizado



OKI
PREMIUM
PARTNER



EPSON



CRM



CONTABILIDAD



PRODUCCIÓN



EXIT ERP
SOLUCIÓN
MODERNA Y FLEXIBLE



GESTIÓN



E-COMMERCE



INVENTAR

C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

Avanzamos nunha nova MOBILIDADE



Concello de Lugo
Área de Mobilidade e
Infraestruturas

Tenencia de Alcaldía
Concello de Lugo

#ActivandoLugo

O IES Nosa Señora dos Ollos Grandes participa no programa Escola Verde

O IES Nosa Señora dos Ollos Grandes participa no programa educativo Escola Verde da Xunta, impulsado por MeteoGalicia.

Este curso este programa acollerá a participación dun total de dez centros de ensino. O programa arrancou cunha xornada formativa telemática dirixida aos 110 profesores que se encargarán desta iniciativa, que chegará a máis de 1.400 alumnos dos centros participantes.

O obxectivo deste programa é acadar cambios de comportamento e fomentar actitudes responsables co medio ambiente nos aspectos do eido escolar.

Así, cada centro escolle unha temática sobre a que traballar durante o curso escolar, para concienciar aos alumnos no respecto pola biodiversidade e a natureza desde as idades máis temperás. Escola Verde —xunto con MeteoEscolas— é un dos programas recollidos no Plan Proxecta.

O programa que se levará a cabo no IES chámase “Plantas aromáticas e insectos” xa que moitas plantas aromáticas non so aportan un gran aroma ao xardín ou terraza, tamén poden ser utilizadas na cociña, poder ser un repelente natural para os insectos que aparecen no verán.



MILAGROSISTAS DO ANO. A Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais Distrito da Milagrosa distinguiu a 19 persoas da cidade. Os agasallados foron José Ramón Rey Lombao, Víctor Fraga Gayoso, Grupo Sargadelos, Corina Porro, Óscar Poy, Grupo San Froilán, Martín Varela, Patricia Otero, Benedicta Sánchez, Isabel Álvarez Méndez, César Mogo, José Luis Piñeiro Santos, Javier Soto Garrido, Diego As, María Isabel Villamor Cabado, Paula Alvarellos e Antonio Fontenla.

Os premios Son Muller galardoa ás empresarias e emprendedoras

A cuarta edición dos premios Son Muller, organizados pola Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Lugo (AELU), tivo lugar nun acto celebrado no Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL), no que colaborou a Deputación Provincial cunha achega de 3.500€. José Tomé subliñou que “os Premios Son Muller estanse convertendo nun referente para visibilizar e poñer en valor o excelente traballo que fan as mulleres da provincia de Lugo no ámbito do emprendemento e da empresa”.

No acto tamén participaron a deputada de réxime Interior, promoción do territorio e turismo, Pilar García Porto, e o deputado de promoción económica e social, Pablo Rivera, a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, a subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, representantes da Xunta de Galicia e de Abanca, e a presidenta de AELU, Beatriz Varela.



Entrega dos premios Son Muller

A Deputación apoia economicamente este certame, co que colabora dende o primeiro momento porque “compartimos plenamente os seus obxectivos”, asegurou o Presidente, destacando que a institución aplica o impacto de xénero en todas as accións que desenvolve. Neste sentido lembrou que, entre outras medidas,

a Deputación sacará adiante previsiblemente nos primeiros meses do ano 2022 o primeiro Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da entidade, “un fito que servirá para garantir unha estrutura interna e unhas relacións da institución coa sociedade guiadas pola igualdade de xénero”.

Reciclaxe do vidro na hostalaría

O Concello puxo en marcha este mes de decembro unha campaña para impulsar a reciclaxe de envases de vidro no sector hostaleiro do municipio. A alcaldesa, Lara Méndez, presentou a iniciativa acompañada de Germán Fernández, xerente de Ecovidrio, entidade sen ánimo de lucro que colabora nesta iniciativa e que é a encargada da xestión da reciclaxe.

A rexedora avanzou que esta campaña,

nunha primeira fase, “comezará coa realización de enquisas e entrevistas a todos os establecementos de hostalaría para coñecer de primeira man cales son as súas necesidades e poder adecuar os recursos existentes”. Ademais, ofrecerase información detallada aos locais de como reciclar correctamente e das vantaxes sociais, económicas e ambientais que ten a reciclaxe de envases de vidro, algo que a rexedora lle trasladou

xa aos representantes do sector. Nunha segunda fase, e para facilitar a reciclaxe de vidro no canal Horeca, actuarase sobre a contenerización existente e estudarase a instalación de iglús especiais dotados cunha boca máis ancha para un baleirado máis rápido e mesmo, algúns deles incluirán un sistema de elevación hidráulico que permiten a reciclaxe de grandes cantidades de vidro como as xeradas polos hostaleiros.

A Deputación financia máis de 135 actividades culturais

A Deputación financia máis de 135 actividades culturais e de actuacións de mellora en locais sociais nas distintas comarcas a través axudas de concorrencia competitiva para asociacións. Así, publicouse no BOP a resolución da concesión das subvencións, que suman un importe de 200.000 euros.

130.000 euros destínanse a financiar actividades dos colectivos culturais, como formación e difusión da música tradicional, certames literarios, xornadas divulgativas ou festivais ata publicacións e producións audiovisuais. 71.000 euros distribúense entre os colectivos que

solicitaron axudas para realizaren melloras nos seus locais sociais. Así, a área de Cultura financia adquisición de mobiliario, equipos informáticos e audiovisuais ou instrumentos musicais e tamén traballos de restauración e reforma ou de mellora do illamento térmico así como a instalación de sistemas de calefacción.

Nese sentido apuntaron que “a maioría das beneficiarias son asociacións de ámbito parroquial ou de municipios pequenos que ofrecen a posibilidade de desfrutar e de participar da actividade cultural máis aló das grandes vilas das comarcas”.

Ousá
Panadería | Pastelería | Cafetería

San Martín de Guillar s/n. Outeiro de Rei - Lugo. T. 982 201 126

A Protectora de animais recibe unha axuda de 25.000 euros

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda achega 25.100 euros á Sociedade Protectora de Animais e Prantas de Lugo a través da nova liña de axudas para colaborar con entidades inscritas no Rexistro galego de asociacións para a protección e defensa dos animais de compañía. Así, abónanse custos de esterilización cirúrxica dos exemplares que tutelan; a identificación dos mesmos mediante implantación de microchip, a inscrición no Rexistro galego de identificación de animais de compañía (Regiac) e a expedición do pasaporte sanitario. A

Xunta tamén axuda á compra de alimentos, a vacinación preventiva, a desparasitación e outras medidas profilácticas.

Ademais, concédense fondos para realizar campañas de concienciación, promoción da tenza responsable e fomento das adopcións, así como para comprar material non funxible co fin de dotar aos centros que xestionan este tipo de entidades dos medios necesarios para atender aos animais.

Trátase dunha das liñas de acción do Goberno galego para garantir a protección e defensa dos ani-

mais domésticos abandonados. Tamén hai outra orde de subvencións dirixidas ás administracións locais, como responsables da recollida e acollemento e da xestión das colonias felinas. No caso da provincia de Lugo, esta convocatoria beneficiou ao concello de Ribadeo, que recibe unha achega de 5.650 euros.

O municipio de Lugo destaca polo seu elevado censo canino. No Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía constan 20.482 cans inscritos na cidade, e no conxunto da provincia a cifra ascende a 100.077.

Aberto o prazo de inscricións para o Plan de Formación

O Concello de Lugo presentou as accións do novo plan de formación deseñado polo executivo municipal, co obxectivo de axudar a mellorar a empregabilidade dos e das lucenses e promover a súa inserción laboral a través da formación en competencias clave, coñecementos e capacitación.

A programación contempla dous grandes bloques: formación presencial no Centro de Innovación e Empresas (CEI-Nodus) do Concello; e formación online a través dunha nova plataforma de e learning, denominada Lugo Job.

Polo que se refire á formación presencial, ofertaranse un total de 8 cursos e 120 prazas, con un máximo de 15 participantes por curso. Estará dirixida, exclusivamente, a persoas inscritas como demandantes de emprego. A selección dos participantes realízase a través do SEPEG.

Custodia do Territorio recibe o premio Cogomelo Lucus



Entrega do premio

O deputado de Medio Ambiente, José Luis Raposo, participou na entrega do premio Cogomelo Lucus que nesta ocasión a Sociedade Micolóxica Lucus decidiu conceder á Asociación Galega de Custodia do Territorio, que xestiona espazos de titularidade provincial tan importantes como as Insuas do Miño e Ollos de Be-

gonte, integrados na Reserva da Biosfera Terras do Miño. No acto, celebrado no Restaurante España e que contou cunha degustación de fungos, Raposo valorou que "ademais dun valor ambiental moi importante, os cogomelos son un apreciado produto culinario que xera valor engadido".

A Asociación Veciñal Lucus Augusti denuncia o estado do pavimento do Leirapárking



A Federación de Asociacións Veciñais "Lucus Augusti" da provincia de Lugo denuncia o estado no que se atopa o pavimento do Leirapárking do HULA.

Afirmar que durante as últimas semanas foron moitos, os usuarios, que remitiron as súas queixas debido ao "desastroso estado do pavimento do aparcadoiro da zona, destacando que esta é unha instalación municipal que na actualidade se encontra chea de fochancas e fochas, moitas delas de importantes dimensión, de 30 e 40 cm".

Esta situación supón un aumento do risco na vida diaria de miles de persoas que acoden ao HULA. Por iso, solicitan ao Concello a súa reparación de maneira urxente xa que "os usuarios do HULA non o son por capricho, senón que visitan esta infraestrutura sanitaria por necesidade, e merecen unhas instalacións municipais dignas, polo que as Administracións deben estar á altura".

A pavimentación desta zona facilitaría o acceso ao hospital sen poñer en risco os vehículos nin as persoas do seu interior que poden resultar feridas ao caer ou tropezar nalgunha destas fochancas.

UNIDADE DE ICTUS. Solicitan que

se dote ao Hula dun Neuro radiólogo específico para a unidade de Ictus que poida axudar na detección do trombo cerebral e atender os casos de Trombectomía que ata o momento son desprazados a hospitais foráneos.

A Federación requiren que a unidade inclúa un neurólogo de servizo durante as 24 horas do día de presenza física hospitalaria, un neuro radiólogo para o diagnóstico e tratamento, un equipo de enfermaría, unha dotación de monitorización neurolóxica, un servizo de rehabilitación específico e protocolos de acceso rápido e preferente ao hospital e acceso a tac e resonancias de urxencia.

APARCADOIRO. Reclaman tamén a gratuidade do aparcadoiro do HULA. Loitando así por un dereito para os cidadáns e unha mellora na calidade de vida dos lucenses ao facilitar a chegada ao centro de saúde. A Asociación dirixiuse ao conselleiro de Sanidade obtendo como resposta que "A Xerencia está elaborando xa uns novos pregos nos que se aplicará unha redución das tarifas para lograr que estean máis adaptadas as necesidades dos usuarios e que se asemellen as que se aplican no resto dos hospitais públicos.

NUEVA EDICIÓN

Programa de Acompañamento á Dixitalización

Reiniciate
Digitaliza a túa empresa

100% GRATUITOS

RESERVA A TUA PRAZA

T:982 260 204 / M:672 063 331

digitalizacionpymeslugo@eoi.es lugoformaciondigital.es

Programa de Acompañamento á Inserción laboral da Mocidade

Reiniciate
ENFOCA O TUA FUTURO

T:982 260 204 / M:627281418

empleojuvenlugo.es

empleojuvenlugo@eoi.es

“Gustaríame que todos e cada un dos lucenses se sintan orgullosos da gran cidade que temos”

Lara Méndez, alcaldesa de Lugo dende o 2015, comenta as estratexias coas que se está a transformar a cidade

Como é Lugo como Concello?

Eu si teño que utilizar unha palabra diría privilexiado. É unha cidade que unifica o urbano e o rural, na que intentamos optimizar as oportunidades da contorna, dende a riqueza ambiental, paisaxística, patrimonial, histórica, de patrimonio inmaterial, como o San Froilán, o Arde Lucus... Todo isto, nos da unha riqueza moi boa. Pero tamén, hai que ter en conta a cidadanía que conta cun talento excepcional. Este, é outro dos parámetros a ter en conta porque a parte, así o reflicten moitas iniciativas que temos postas en marcha dende o Concello. Con todas estas características como cidade o que nos permite e, no que estamos a traballar, é a segunda gran transformación da cidade que sempre dividimos en dúas vertentes. Por un lado, a mellora de calidade de vida dos lucenses a través de gañar espazos públicos. Co tema da pandemia nos dimos conta de que era necesario ampliar as zonas de confort dos nosos fogares a toda a cidade e os espazos comúns. A outra vertente é a transformación económica para dar oportunidades.

Por que debería vivir a xente en Lugo?

Lugo é a mellor cidade do mundo e polo tanto ofrece esa cidade confortable, esa extensión dos nosos fogares. Queremos que ofrezca oportunidades. Eses son os dous eixos vertebradores de esta segunda gran transformación que está sufrindo Lugo e que, é necesaria para ter esa sensación de sentirnos de primeira, que o somos. Estamos a través de distintas campañas como pode ser Localmente Lucense para que se xere o movemento. Creo que o esta-

mos acadando, nótase na cidadanía, nas conversas cos veciños, os cambios de hábitos, cambio de vida que estamos a percibir. Lugo ofrece todo, dende unha cidade amable ata unha cidade de oportunidades.

Cales son os beneficios de Lugo?

Todos os territorios teñen as súas particularidades, as súas costumes e tradicións propias que determinan o comportamento social. Lugo ten moito talento e a oportunidade de xerar un tecido económico en torno a este e á riqueza natural. Isto é unha oportunidade para impulsar a economía verde. Queremos diversificar un só modelo produtivo nunha cidade moi envorcada no sector servizos. Ademais, vimos que ante unha pandemia este é dos máis afectados e polo tanto, o que queremos é fortalecer, aproveitar esta situación que nos puxo o foco nas debilidades que podíamos ter para potenciar as habilidades innatas que temos e apostar pola economía verde, unha economía circular baseada na competitividade. Isto vai fortalecer o sector servizos e amplialos a base da diversificación económica e diversificación produtiva do noso Concello. Aí temos un exemplo claro, unha das estratexias que temos en marcha, vinculada a uns fondos dun proxecto pero que é unha estratexia común. Unha delas é o uso da madeira para a introdución no sector construtivo e creación das vivendas do futuro, do crecemento urbanístico da cidade e, tamén de utilizar os recursos naturais para diversificar a economía. Ese é o exemplo máis gráfico que podemos amosar, como potenciamos isto e, como estamos a traballar

nesa segunda gran transformación en base a estas estratexias. Proxectos como pode ser a dinamización do sector forestal onde Galicia e, Lugo particularmente, teñen moito que dicir. Queremos ademais, evitar o que pasou coa leite, sendo Lugo a maior produtora de leite, a segunda e terceira transformación non se produce aquí e, polo tanto, o valor engadido non o temos aquí. O que pretendemos é reter ese valor engadido para seguir xerando riqueza e seguir aproveitando un sector como pode ser o primario vinculado á reindustrialización. Para iso, estamos a poñer en marcha un fondo de capital risco, un fondo de emprendemento de 12 millóns de euros exclusivamente propios, co fin de seguir diversificando ese modelo produtivo da cidade para captar inversións de empresas que estean localizadas noutros lugares e, atraelas a Lugo para fortalecer as existentes.

Cal é o maior proxecto que levou a cabo dende que goberna?

Eu falaría máis de estratexias. Porque realmente dentro de tódalas estratexias que temos vinculadas aos fondos, que é unha estratexia integral de transformación sostible na nosa cidade, co fin de reforzar tamén a loita contra o cambio climático, ser proactivos, falaría da segunda transformación sostible que estamos a desenvolver na nosa cidade.

Dentro das distintas estratexias, hai moitos proxectos concretos como o uso da madeira como elemento estrutural, a integración do Miño na cidade como elemento vertebrador do territorio e dinamizador da economía, o Lugo transforma para diversificar o modelo produtivo e dentro de cada un deles poderíamos falar doutros proxectos, xa que a integración do Miño na cidade estamos a levala a cabo a través da conectividade, coa pasarela, co paso soterrado, coa peonalización da calzada da Ponte. A través do Lugo transforma estamos a realizar a diversificación da economía, atraendo a empresas con impacto social, empresas vinculadas co I+d+i, empresas vinculadas coas enerxías limpas, e polo tanto aproveitar así os recursos que veñen de Europa. Estaríamos falando que dentro destes proxectos hai moitas actuacións. Son moitos proxectos pero unha única estratexia integral de transformación sostible.

Cal foi o maior reto nestes 6 anos?

Retos xorden todos os días. A xestión de proximidade. Cando a administración está máis lonxana da veciñanza, os retos quedan máis esvaídos. Os



Lara Méndez, traballando no seu despacho

retos aparecen todos os días desde que calquera veciño ao saír a rúa te para e che di cal é o seu problema. O que me gustaría acadar é esa concienciación local de cidade de primeira porque o somos. Que sexamos conscientes de toda a riqueza que temos, que nos sintamos orgullosos do noso é un reto a parte de apaixonante, é un reto a conseguir para ter unha visión de cidade de primeira. A min me gustaría que todos e cada un dos lucenses se sinta orgulloso da gran cidade que temos.

Cal é a proxección de futuro para Lugo?

Seguir nesta loita do cambio climático. Evolucionar e ter maior resiliencia como cidade. Diversificar a economía é fundamental para dar oportunidades ao talento, dar oportunidades aos xoves e retelos na cidade, evitando así, que teñan que marchar e buscar oportunidades noutros lugares que os leva a realizar o seu proxecto de vida alí onde encontren as oportunidades.

Como afectou a covid?

Como a todas as administracións. A nivel organizativo houbo que facer unha reestruturación de prioridades, introducir actuacións que non estaban previstas na folla de ruta e, polo tanto, houbo que facer unha reestruturación de esforzos para poñer a disposición da cidadanía todos os recursos públicos existentes. O primeiro e gran obxectivo era non deixar a ninguén atrás e, poñer o foco nas persoas máis vulnerables ou que, sin selo, se converten en vulnerables ben pola perda de emprego, como por outras circunstancias. Fixemos

un esforzo titánico para achegar soporte económico a todas as familias que o necesitaban, un gran esforzo no Fogar do Transeunte, un gran esforzo en combater e paliar axudas de esforzo social e, tamén despois, un gran esforzo para conter, e que ninguén tivera que sufrir a perda do seu emprego ou pechar a porta do seu negocio porque non puidera facerlle fronte aos custos que lle viñan encima, sin ter ningún tipo de ingreso. Fomos o primeiro concello que anunciou as axudas de cinco millóns de euros, o domingo 15 de marzo do ano 2020, e non foron as únicas. Creo que si que estivemos á altura das circunstancias e a pesar de non ter a competencia vimos a problemática que se nos viña e estivemos aí. Só con eso quixemos ver as oportunidades que se podían xerar para seguir tendo capacidade de crecemento e emprego, que é unha das mellores políticas sociais que podemos facer. Como lamentar, a soidade coa que nos vimos, sin ter respaldo da Xunta de Galicia, para facerlle fronte a todas as facturas Covid destes 22 meses. Tampouco de sentarnos a falar para que nos preguntase cales eran as problemáticas que estábamos a detectar e cales eran as complicacións que estábamos a ter para xestionar esta pandemia, polo que esta orfandade pola comunidade autónoma da Xunta, da administración competente en temas tan importantes, como era a sanitaria e social. Non tivemos nin unha soa mostra da súa parte. Ese déficit si que o tivemos e, por iso se cabe, pon máis en valor todo o esforzo que fixemos todas as administracións locais.



UNHA LARA MÁIS PERSOAL

Que é o máis difícil da súa profesión?

Non o chamaría profesión, é unha dedicación, vocación, compromiso a un servizo público e, polo tanto, sempre hai dificultades nesa dedicación. Quizais os momentos máis complexos que nos poda suceder é non poder levar a cabo un proxecto ou non poder atender unha reivindicación individual porque como administración temos que pensar no colectivo. E tamén, a pouca visualización que temos as mulleres nos postos de decisión con capacidade de transformación que hai que poñelo máis en relevancia. Temos conceptos e percepcións distintas e son complementarias e boas. Aí onde estamos gobernando mulleres como o meu caso, ou o da alcaldesa da Coruña, Inés Rey, vemos que hai outra forma de gobernar e afrontar os problemas que moitas veces son máis prácticos e efectivos. Hai que visualizar o traballo que facemos as mulleres nos cargos de decisión.

Nalgún momento quixo abandonar?

En ningún. Hai momentos máis duros e difíciles pero eu ante a dificultade tendo a crecer e buscar máis e mellores solucións. É certo que hai momentos complexos pero en abandonar, en ningún momento, porque non me houbera metido aquí. Non son de abandonar ningún proxecto, nin cuestión na que me implico.

Algunha vez sentiu algún tipo de discriminación por ser muller?

Toda muller tivemos discriminación polo feito de selas. No ámbito político, no persoal, no laboral, en calquera dos ámbitos en maior ou menor medida, mais sutil ou menos pero, todas as mulleres desgraciadamente sufrimos algún tipo de discriminación, porque non temos unha igualdade real. Polo tanto, temos que traballar por conseguilo.

Que é o que máis lle gusta de Lugo?



Lugo. Esa sería a resposta porque me gusta todo e cada cousa que ten a nosa cidade. Se vamos a pormenorizar e falamos de tapeo falaría da Milagrosa, o meu barrio, que é unha zona con tapas riquísimas, elaboradas, abundantes. Se falamos de degustación un bo prato de polbo. Se falamos dun bo paseo, a muralla de Lugo, a zona do Miño e do Rato. Depende do que falemos poderemos concretar.

Naceu en Suíza, actualmente ten algunha relación con este país?

Non, vivín moi de nena e con catro anos. Teño recordos moi vagos da miña etapa na que vivín en Suíza. Non é un tema do que falamos e añoramos na casa. Nunca perdemos a seña de identidade que moitos emigrantes perden ao sentirse identificados no país residente. No noso caso non, somos dos emigrantes retornados e podemos estar na nosa Galicia na que nos sentimos orgullosos e onde estamos satisfeitos de poder seguir desenvolvendo os proxectos de vida na nosa contorna.

Estudou Enxeñaría Técnica Agrícola, sérvelle como base para tomar algunha decisión?

Eu creo que si, evidentemente teño esa compoñente rural e arraigo ao sector primario, teño esa visión

de conciliar o ser unha cidade de vangarda, con capacidade de crecemento e oportunidades económicas. Como se pode ver o vínculo moito ao sector primario, as novas tecnoloxías para ser esa cidade sostenible, verde. Esa compoñente profesional onde realicei as labores preto de 10 anos si que me da ese sesgo e visión polo que moitos dos proxectos e deseño da cidade teñen esa compoñente de Enxeñaría Técnica Agrícola.

Como se iniciou na política?

Inicieime nas xuventudes socialistas coa rebeldía propia da idade e a idea de querer cambiar o mundo e, con esa idea sigo. O mundo cámbiase a través das transformacións que é o que estamos realizando.

Estábamos nunha situación de perda da alcaldía naquel intre e, como defensora de causas perdidas, decidín que era o momento de implicarse de forma máis activa. A inquietude de querer cambiar, aportar e sumar o tiven sempre alí onde estiven, en distintas asociacións culturais, deportivas ou dende o punto de vista profesional. Tiven a oportunidade de traballar como técnica cunha asociación de desenvolvemento rural onde xestionábase tamén fondos europeos para a transformación da sociedade a través do rural e, polo

tanto, esa inquietude que un ten se materializa dando un paso adiante. No meu caso foi nas xuventudes socialistas, con ese ímpetu que caracteriza aos xoves que é o que fai que movan utopías e que algunha utopía se converta en realidade.

Que fai no seu tempo libre?

Que é iso do tempo libre? O pouco tempo libre que teño dedico a miña familia, a miña pequena, a intentar desfrutar con ela. A lernos un libro mutuamente, ir ao cine, ter unha conversa. As veces algo que pode resultar tan banal por ser cotián, no meu caso, se complica. O feito de poder sentarnos as dúas e manter unha conversa convértese no meu tempo libre e desfrute.

Que propósitos ten para o 2022?

Seguiría na mesma liña do anterior, intentar desfrutar máis da familia e dos pequenos momentos. A situación pandémica evidenciou que hai que desfrutar da comida, da sobremesa, do paseo, sentarse nunha terraza cuns amigos a tomar un café... Polo que, os propósitos persoais serán que o pouco tempo do que dispoño poida desfrutalo con familia e amigos.

Ten algún soño por cumprir?

Soños temos todos. Son unha persoa que me gusta moito viaxar e tiven a

oportunidade de facelo a través dun grupo folclórico no que estiven 19 anos e, polo tanto, de convivir con outras culturas e outras persoas favorecendo ese crecemento persoal. Boto de menos eses viaxes nos que me gusta calear, perderme polas rúas... eso é unha das cousas que quero seguir facendo cando dispoña de máis tempo.

Cal é o mellor recordo da súa vida política? E persoal?

Máis que falar de recordo, porque sería un momento, a maior satisfacción como política é ter a capacidade de transformación da sociedade e mellorar a vida dos veciños e veciñas. Ese é o gran obxectivo e, polo tanto, ese é o gran recordo. Momentos habería moitos, momentos transformadores que sería moi complicado falar dalgún recordo concreto. O feito de ser alcaldesa de Lugo permíteme facer esa transformación e visualizala. Para min é un orgullo ser alcaldesa de Lugo é unha gran satisfacción, gran responsabilidade tamén. Pero isto, permíteme transformar a cidade e visualizalo. Dende o ámbito persoal, un tópico a chegada ao mundo da miña pequena. Supuxo un antes e un despois porque cambian as prioridades e o foco de prioridade se visualiza nos nosos fillos. Este é un fito na miña vida e o momento máis especial persoalmente falando.

De que se sente máis orgullosa?

Podería dicir moitas cousas, proxectos e estratexias pero así como pinxelada a proxección que está tendo Lugo no eido nacional e internacional precisamente por ese modelo de cidade. O modelo de cidade que estamos implantando e esas transformacións. Somos referentes a nivel nacional e internacional, así nolo están recoñecendo e están demandando que vaíamos presentar o deseño da cidade que estamos a executar.

Pódese ler a entrevista completa en www.lugoxa.com

Atención sanitaria - Atención psicológica - Podología - Fisioterapia y rehabilitación - Terapeuta ocupacional - Trabajo social
Animación sociocultural - Comedor y control nutricional - Servicio de lavandería - Vehículos adaptados

Ronda Fontiñas 7 bajo, 27002 Lugo - Tfno.: 982 06 07 08 - ofogardegalan@gmail.com

ATENCIÓN PERSONALIZADA
Horario: de 08:30 a 20h.
Nos adaptamos a tus necesidades horarias

O dano cerebral adquirido afecta a 35.000 galegos

O dano cerebral adquirido (DCA) é unha lesión que se produce nas estruturas cerebrais de forma súbita en persoas que naceron sen ningún dano no cerebro, causándolles diferentes secuelas físicas, psíquicas e sensoriais.

Calculábase que en Galicia existen preto de 35.000 persoas afectadas, e cada ano se producen sobre 7.000 casos novos.

A principal causa do dano cerebral adquirido é o ictus. As consecuencias despois de sufrir un ictus poden ser físicas, sensoriais, cognitivas, trastornos afectivo-comportamentais ou poden ser orgánicas.

Outras causas que producen dano cerebral adquirido son os traumatismos craneoencefálicos que no 80% dos casos débese a accidentes de tráfico, e afecta fundamentalmente a persoas máis novas. Os accidentes cerebrovasculares, secundarios a isquemia ou a hemorraxias cerebrais como a trombosis, as embolias ou as malformacións, os tumores cerebrais, as encefalopatías anóxicas por parada cardiorespiratoria ou as enfermidades neurodegenerativas que poden afectar ás estruturas do sistema nervioso e cursan con afectación cerebral.

Adace-Lugo, unha asociación sen ánimo de lucro, de ámbito provincial, formada por persoas afectadas por este problema, as súas familias e outros colaboradores. A entidade xurde pola necesidade existente en Lugo debido á falta de recursos e atención ao dano cerebral adquirido, e pola iniciativa de colaboradoras, afectados e familiares, que se unen cunha finalidade común, crear unha asociación para poder atender a tódalas persoas relacionadas co DCA. Adace-Lugo constituíuse legalmente en xaneiro do ano 2006, completándose así a rede galega de asociacións de afectados por DCA.

Entre os obxectivos desta asociación está o de promover a acollida, infor-

mación, orientación e asesoramento a familiares e afectados de dano cerebral sobrevido, sensibilizar ós poderes públicos e á sociedade en xeral sobre a problemática do afectado de DCA e das súas familias, promover a defensa dos dereitos, a rehabilitación, a integración, a normalización social e mellora da calidade de vida das persoas afectadas por dano cerebral, promoción e reivindicación dos servizos sanitarios, asistenciais, educativos, laborais, residenciais, sociais e lúdicos necesarios e axitados para cubrir as necesidades das persoas afectadas de DCA.

Tamén se encargan de promover estudos epidemiolóxicos e de organizar campañas informativas e preventivas sobre dano cerebral adquirido. Ademais axudan a reivindicar no nome dos afectados os dereitos destes diante das institucións públicas e privadas.

SERVIZOS. Entre os servizos que ofrecen aos seus pacientes e familiares están o centro de día no que se realizan diferentes obradoiros de estimulación cognitiva para traballar a psicomotricidade, a destreza manual, as habilidades sociais, a comunicación non verbal e a lectoescritura. Realizan actividades da vida diaria, laborterapia, orientación á realidade e actividades deportivas. Contan cun programa de autonomía persoal e recuperación funcional no que se enmarcan sesións de fisioterapia, terapia ocupacional, logopedia, neuropsicología e psicología.

Ofrecen servizo de traballo social, dende este servizo realízase a primeira acollida das persoas afectadas de dano cerebral adquirido e as súas familias. A intervención do traballador social depende da fase na que se atope o afectado. Dende esta área ofrecen asesoramento sobre recursos sociosanitarios e prestacións das que se poden beneficiar. Axudan e tramitan os mesmos. Encárganse da

elaboración dun plan individualizado de atención e fan un seguimento e revisión de maneira trimestral proporcionando a información e os recursos necesarios durante todo o proceso.

Nas sesións de fisioterapia aplícanse técnicas que curan, prevenen e adaptan a persoas afectadas de DCA con disfuncións psicósomáticas, somáticas e orgánicas. A fisioterapia en DCA ocúpase fundamentalmente do aspecto sensoriomotor. Proporciona estímulos mediante o movemento, o contacto e a comunicación. Incide sobre as secuelas físicas. Estas repercuten sobre as alteracións mentais e estas sobre as conductuais, mellorando así a comunicación e a relación co entorno. Traballan sobre a corrección postural, marcha e alteracións do ton muscular a fin de conseguir a maior mobilidade e funcionalidade posible do afectado.

A logopedia aborda os trastornos asociados á comunicación que son moi frecuentes tralo dano cerebral sobrevido xa sexa por alteracións na fala ou na linguaxe oral ou escrita.

Os ámbitos de actuación son a comunicación nas que se traballa as funcións cognitivas, sistemas alternativos e aumentativos de comunicación. As áreas da linguaxe, a linguaxe escrita e lecto escritura nas que se leva a cabo rutas de acceso ó léxico e outros procesos implicados, a musculatura orofacial e respiración e a intervención directa co entorno. Na área de neuropsicología avalíase e establécese un diagnóstico clínico tanto cognitivo como comportamental e emocional. Lévese a cabo unha rehabilitación e tratamento psicoterapéutico e ofrécese orientación a familiares, pacientes e persoal sanitario e asistencial e á sociedade. A terapia ocupacional está destinada a potenciar ao máximo as capacidades físicas, cognitivas e sociais dos usuarios mediante a realización de actividades específicas, facendo



especial fincapé nas actividades da vida diaria e prestando atención ás habilidades motoras, perceptivas e cognitivas. O principal obxectivo da terapia ocupacional é mellorar o desempeño ocupacional e conseguir unha maior independencia e calidade de vida para o usuario e a súa familia. Realízanse tamén asesoramentos personalizados sobre produtos de apoio e adaptacións do fogar. Dende a asociación formulan actividades de ocio, tempo libre e inclusión social que dende unha perspectiva social e educativa, teñen como obxectivo que estas persoas poidan continuar coa súa mellora e mantemento das habilidades e capacidades adquiridas. Para isto, fan uso dos recursos comunitarios que hai ao seu alcance favorecendo as relacións interpersoais dos usuarios co resto de compañeiros.

Tamén realizan actividades de respiro familiar que son actividades de atención temporal a corto prazo ás persoas afectadas de DCA, co fin de liberar do estrés a familiares e cuidadores. Favorecendo dinámicas familiares, evitando o desarraigo e o deterioro das familias que teñen unha

persoa afectada de DCA. Prevén situacións de crise familiar. Alivian as sobrecargas que soportan as familias cun afectado de DCA. Favorecen a satisfactoria permanencia no entorno familiar natural da persoa afectada con DCA, evitando a inclusión en programas menos normalizados e de maior custo económico e social.

As terapias con familias son encontros para familiares onde poden compartir un problema común e intercambiar experiencias, serven de apoio emocional, expresión de sentimentos e aprendizaxes. Crean grupo de apoio informal con actividades terapéuticas.

Contan cun servizo de transporte adaptado para os usuarios do servizo de centro de día.

A área de educación social encárgase de intervir na realidade sociocultural dotando aos usuarios de ferramentas que fomentan as súas relacións sociais e a súa inclusión tanto no centro como na sociedade. Para levar a cabo esta intervención é necesario delimitar as áreas de traballo avaliando as necesidades individuais e grupais adaptando os obxectivos da maneira máis precisa posible.



Membros da asociación

“O máis difícil é atopar os apoios e os recursos necesarios”

María Ángeles Rozas aclara as dúbidas sobre a asociación e as súas funcións.

Que ten que facer unha persoa que queira beneficiarse dos servizos?

As persoas que desexen ser parte de Adace, poden poñerse en contacto coa asociación, e dende a área de información pedir que se lles expliquen os recursos dos que dispoñemos e como participar. Os socios pagan unha cota anual.

Cantos socios son na actualidade?

Na actualidade somos 247. Estamos atendendo a máis de 30 persoas.

Que motiva aos voluntarios a colaborar?

As persoas voluntarias que participan nas actividades fano por querer colaborar coa xente con discapacidade, coñecer a súa realidade.

Como afectou a covid?

Afectou ás persoas usuarias da nosa asociación xa que durante ese tempo deixaron de recibir a rehabilitación que precisan. Ao mesmo tempo cortouse a socialización destas persoas que para nós é un elemento clave na atención á xente con dano cerebral.

Que beneficios ten formar parte da Asociación?

Os socios de Adace poden participar en todas as actividades formativas e informáticas que plantexa a asociación. Así como en actividades específicas que se poden crear para socios. Ao mesmo tempo que por unha pequena achega económica, poden colaborar a que se realicen actividades encamiñadas a mellorar a calidade de vida das persoas con dano cerebral, a dar visibilidade ao noso colectivo e a facer forza nesta sociedade.

De que forma chegan a máis xente?

Facemos moita difusión a través de redes sociais e web das actividades que realizamos, así como difusión máis concreta en hospitais, centros de saúde, concellos, etc..

Que maneiras hai de colaborar?

A xente que así o desexe pode colaborar con Adace coa cota de socio, facendo donativos ou colaboradores como voluntarios

Ten algún evento próximos?

Agora non temos actividades planificadas, de cara a este novo ano estamos facendo un novo calendario

de actividades de ocio e formativas, presencias e telemáticas.

Que foi o máis difícil de crear a Asociación?

O máis difícil de crear unha asociación e encontrar os apoios necesarios, os recursos materiais, persoais, económicos. Cada pequeno paso é un esforzo enorme.

Como sobrevive unha Asociación destas características?

As asociacións como a nosa recibimos subvencións públicas, copados pola prestación de servizos, donativos privados, cotas de socios...

“A suba da luz está motivando a renovación dos equipos de instalacións térmicas”

Pedro Tella atópase á fronte da empresa Geoclima, que conta con 20 anos de experiencia no sector

Geoclima é unha empresa que naceu en Lugo, está formada por profesionais con máis de 20 anos de experiencia no sector das instalacións térmicas. A súa labor é a de satisfacer as necesidades de climatización en fogares e empresas creando as mellores condicións ambientais.

Nesta empresa encárganse de deseñar, instalar e facer os mantementos e reparacións oportunos en todo tipo de instalacións térmicas, cunha innovación constante e mantendo o seu compromiso co medio ambiente.

Este tipo de equipos axudan a aforrar grazas a que se basean nas enerxías renovables.

O xerente Pedro Tella Rodil resolve as dúbidas acerca deste negocio e a súa rendibilidade.

Canto tempo levan funcionando?

Dez anos.

Como xurdiu a idea?

Había necesidade dunha empresa que se dedicara ás enerxías renovables e bombas de calor principalmente. Viñamos dun sector no que xa traballáramos moito no tema das bombas de calor e esa foi un pouco a orixe de todo.

Que tipo de servizos prestan?

Prestamos todo tipo de servizos dende particulares, a empresas e sector terciario. Atendemos tanto a parte eléctrica, como a parte térmica, caldeiras, bombas de calor, refrixeración, xeotermia, enerxía fotovoltaica, hibridamos as bombas de calor coa fotovoltaica.

Cales son os produtos e servizos

máis demandados?

Agora mesmo nas bombas de calor aerotérmicas somos o servizo técnico oficial da marca Sony. Temos moita demanda dese tipo de equipos tanto para vivendas como para edificios.

Cambiou o traballo nestes últimos tempos por mor da pandemia?

Non, tal vez agora hai máis carga de traballo. Non sei cales son os motivos pero non, non se notou. Segue sendo o mesmo traballo.

Os produtos novos consumen menos ca os vellos?

Si claro, por suposto. Todo o que son equipos novos teñen máis eficiencia e teñen menos consumo. Non se percibe porque sobe a enerxía eléctrica.

Está a afectar a suba da luz na oferta e demanda destes produtos?

Si, o que se está facendo é renovar moita parte dos equipos. Estanse metendo moitas instalacións fotovoltaicas con baterías para poder acumular enerxía para as horas punta que é onde máis cara é a enerxía eléctrica. Iso si que se notou moito.

É un bo momento para que empresas renoven equipos?

Si, totalmente. Agora mesmo hai bastantes axudas. É o momento idóneo. A mellor forma de amortizar agora mesmo que está a enerxía tan cara e quen se poida permitir facer unha instalación vai rendibilizar rápido a súa instalación.



Instalación de paneis solares nunha vivenda

Que zona cubren?

Cubrimos Galicia, parte de Ponferrada, parte de Asturias. Temos unha zona de traballo moi ampla.

Cales son as últimas novidades do sector?

As últimas novidades son as bombas de calor de CO2 que están a chegar ao mercado e despois o tema de almacenamento en baterías de litio que é algo que leva un par de anos pero agora mesmo é o que se está levando á practica coas instalacións fotovoltaicas.

Que proxectos ten de cara ao futuro? Que obxectivos se marca?

Seguir medrando seguir aumentando o parque de instalacións con enerxías renovables de baixo consumo, un consumo case nulo. Integrar todas as enerxías renovables nunha vivenda de tal forma

que a vivenda teña un consumo enerxético practicamente nulo. Que o cliente sabe que vai facer unha inversión pero vai ter unha alta rendibilidade da súa instalación.

Que recomenda?

A aerotermia é un sistema de calefacción e auga quente idóneo por aforro enerxético e inversión. Habendo outros equipos que pode ser un pouco máis eficiente a inversión a facer é moito maior, mentres que a aerotermia é a enerxía máis limpa e máis barata. Se a eso lle sumamos a fotovoltaica con baterías con acumulación, calquera vivenda sin ter un grado de illamento moi alto, vai ser unha vivenda case nulo de enerxía. Isto é o recomendable no futuro porque a enerxía non vai baixar.


O Banco de Alimentos recibiu un total de 12.900 quilos de produtos



O Banco de Alimentos de Lugo recibiu 12.900 quilos de produtos do agro como patacas, tenreira galega e mel así como 1.365 pezas de queixo da Denominación de Orixe Protexida (DOP) Tetilla, por parte do director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias. Esta entrega enmárcase na canle de Mercaproximidade.

No acto, o director xeral destacou que esta iniciativa se enmarca dentro da rede Mercaproximidade, a canle alternativa de comercialización habilitada polo Goberno galego ao inicio da emerxencia sanitaria para garantir que as producións do noso sector primario atopaban saída nas principais cadeas de distribución.

Ao abeiro de Mercaproximidade, no conxunto de Galicia estanse a distribuír, ao longo deste mes de decembro, un total de 62.800 quilos de produtos, contabilizando patacas, Ternera Gallega, mel, porco celta e cordeiro, así como 4.055 pezas de queixos con DOP, 70 pezas de salchichón e chourizo cular e un cento de tarrinas de requieixo. En total, estes produtos de calidade acadan un valor que se achega aos 89.000 euros. Todo este material estase a entregar aos bancos de alimentos da Coruña, Lugo, Ourense, Vigo, Rías Altas, Monforte, A Mariña e Santiago de Compostela.



C-27-001194

Prueba nuestros tratamientos

Salud Bucodental • Cirugía dental • Estética dental
Implantología • Ortodoncia • Odontopediatría

Te damos una razón para sonreír

¡PRIMERA VISITA GRATUITA!
¡Les deseamos un
Feliz Año 2022!

Calle Valle Inclán 1 Lugo, 27004 - Tel.: (+34) 982 80 31 32 - info@mosqueraotero.es - mosqueraotero.es

Dúas lucenses, galardoadas no certame Talento Mozo

Talento Mozo é un certame que se encarga de premiar as traxectorias e os proxectos emprendidos pola xuventude galega. Esta iniciativa promovida pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social, busca recoñecer e dar visibilidade ao enxeño e capacidade da mocidade en cinco modalidades: Ciencia, Cultura e creación, Deporte, Empresa e Rural.

Os premios Talento Mozo alcanzan este ano a súa segunda edición, que permitiu ao Goberno galego premiar as mellores candidaturas de 2020 e 2021 cunha dotación económica de 5000 euros por categoría.

A resolución desta convocatoria, que se publica hoxe no Diario Oficial de Galicia (DOG), premiará este ano na categoría de Ciencia o labor da investigadora Natalia Barreiro Piñeiro, natural de Vedra e residente en Santiago, e doutora en Medicina Molecular no CiQUS da Universidade de Santiago de Compostela. Na modalidade de Rural, o recoñecemento será para Lucía Seoane López, natural de Folgoso do Caurel e promotora do proxecto

empresarial "Artesanía do Caurel".

A viguesa Susana Rodríguez Gacio, pola súa banda, farase co galardón no eido de Deporte; mentres a lucense Sofía Prosper Díaz-Mor, quen posúe unha empresa tecnolóxica vinculada coa privacidade dixital, levará o de Empresa. O coruñés Alberto Miguélez Rouco, músico e profesional do canto clásico, pola súa banda, será o destinatario do premio na disciplina de Cultura e Creación.

Lucía Seoane López é a artífice do proxecto empresarial Artesanía do Caurel, unha proposta para visibilizar a necesidade e a posibilidade real de emprender no rural pola xuventude de maneira creativa, innovadora e sostible, empregando os recursos proporcionados pola natureza, como é a madeira. A iniciativa desta lucense é unha clara aposta pola visibilización dos oficios artesáns, a dinamización social e cultural dos traballadores manuais da madeira cos que aínda conta a zona e que foi parte da economía da zona nos tempos pasados.

O Concello colabora coas asociacións achegando libros do fondo bibliográfico

A área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua vén de abrir unha nova liña de colaboración coas asociacións veciñais, a través da cal a área de Cultura achegará libros procedentes do fondo bibliográfico municipal co fin de garantir que toda a veciñanza teña acceso a libros en galego.

A área de cultura entregará lotes de libros a todas as asociacións veciñais que o soliciten para ampliar os libros existentes nas coleccións que moitas asociacións gardan nas súas instalacións, e facilitar que as persoas que forman parte delas poidan acceder aos

libros editados polo Concello.

A primeira entrega foi a parroquia de Coeses onde realizaron a entrega dun lote de libros procedentes do fondo bibliográfico municipal á asociación veciñal.

A concelleira de Cultura destacou o gran éxito que tiveron as distintas iniciativas postas en marcha durante este ano para achegar á veciñanza os libros procedentes deste fondo. Centos de persoas recolleron libros en galego editados polo Concello en datas importantes como o día do Libro, o día das Letras Galegas ou o día dos Museos.

'Somos 113+', unha exposición que mostra a diversidade cultural

O Museo de Lugo inaugurou a exposición *Somos 113+*, resultado do proxecto artístico sobre diversidade cultural realizado pola fotógrafa e deseñadora Evelin Ruiz Crego.

O título fai alusión ás máis de 113 nacionalidades presentes no padrón de habitantes do Concello de Lugo, segundo datos de 2019, os últimos dispoñibles no momento en que, a comezos de 2020, a Rede Museística e a Asociación Rioplatenses de Lugo puxeron en marcha o proxecto, co obxectivo de visibilizar os valores da convivencia entre persoas de distintas procedencias e acervos culturais. A través das redes sociais, abriuse unha convocatoria que permitiu poñer cara ás persoas migrantes residentes en Lugo e abrir canles de diálogo que deron como resultado a mostra exposta, con máis de setenta retratos de mulleres nadas en Andorra, Alxeria, Arxentina, Austria,



Inauguración da mostra

Bielorrusia, Bolivia, Brasil, Bulgaria, Chile, China, Colombia, Costa Rica, Cuba, Ecuador, Exipto, O Salvador, Eslovaquia, Estados Unidos, Galicia, Honduras, India, Irlanda, Italia, Xapón, Marrocos, México, Mongolia, Nicaragua, Nixeria, Panamá, Perú, Portugal, Porto Rico, Reino Unido, República Dominicana, Roma-

nía, Rusia, Sahara Occidental. Suiza, África do Sur, Ucraína, Uruguai, Venezuela.

A súa orixe reflíctese nas fotografías a través de distintos recursos artísticos que remiten as, linguas, crenzas relixiosas, costumes, gastronomía ou símbolos que identifican os distintos territorios.

A palabra do ano Tanxugueiras formará parte da rúa Menorca

As áreas de cultura e infraestruturas continuarán coa colocación das palabras do ano no 2022 que corresponde a Tanxugueiras. Rubén Arroxo afirmou que "continuamos esta intervención artística que puxo en valor un símbolo tan importante como a lingua galega, e convertiu a rúa Menorca nun atractivo turístico máis de Lugo". "Seguiremos colocando, cada ano, a palabra que a Real Academia designe como palabra galega máis utilizada" dixo Rubén Arroxo que engadiu "o futuro da nosa lingua está vivo e as palabras de cada ano pasan a formar parte do idioma xa que sintetizan parte da realidade de cada época".

As primeiras palabras do ano colocáronse este ano na rúa Menorca durante o mes de maio, coincidindo coas actividades do Día das Letras Galegas. Para a colocación das palabras utilizouse un material duradeiro e que permitirá unha boa e sinxela visibilidade do texto. Vai acompañando a cada verba o ano no que foi nomeada.

Jesús Burgo, gañador do concurso de fotografía 'Estampas de Paz e Acougo'



Entrega de premios do concurso de fotografía

Os premios do VII Concurso de fotografía Estampas de Paz e Acougo xa foron entregados. Nestes, foi homenaxeado o fotógrafo local Carlos Valcárcel, do que Cristina López, concelleira de Participación e Servizos para a Veciñanza, destacou a súa obra, e afirmou "que perdurará na memoria da cidade de Lugo".

O concurso este ano tivo como temática a simboloxía oculta que se reflicte nas construcións funerarias dos cemiterios. O xurado valorou a calidade técnica e artística das obras, dándosele unha espe-

cial relevancia á captación da sensación de paz e harmonía coa que se impregnan os recintos dos cemiterios. O xurado estivo formado polo fotógrafo Eduardo Ochoa, Serafín Saavedra, encargado do Cemiterio Municipal e Carlos Álvarez, traballador da área de Cultura do Concello de Lugo.

Serenidade, de Jesús Burgo, foi a imaxe gañadora dos 600€ do primeiro premio. O segundo premio, con 400€, foi para Ana Cancio, coa imaxe *Coroa de Hedra*. Na terceira posición rematou *Quietude*, de Aída Martín, que levou un premio de 200€.



O ano arrinca con nova actividade no Centro Terras do Miño

A Deputación de Lugo arrinca o ano 2022 cunha nova programación que inclúe oito actividades gratuítas para fomentar o ocio saudable e a concienciación sobre a riqueza e o coidado do medio ambiente entre os veciños e veciñas da provincia no Centro de Interpretación Terras do Miño, na contorna da Reserva da Biosfera Terras do Miño, un territorio xestionado pola propia institución provincial.

Estas propostas desenvolveranse no primeiro trimestre do ano e ata o 25 marzo, e están pensadas para o público adulto e infantil. O prazo de inscrición abriuse este xoves. As persoas interesadas poden anotarse na páxina web da institución provincial.

Para o mes de xaneiro están programadas dúas actividades para público adulto. Por unha banda, entre os días 17 e 21 de xaneiro impartirase o Obradoiro de reciclaxe, reutilización e recuperación. E



a continuación, entre os días 24 e 28 de xaneiro haberá un curso de poda. Estas dúas actividades desenvolveranse en horario de mañá. No mes de febreiro, a Deputación ofrece dúas actividades para adultos. Un deles é un obradoiro de restauración que se impartirá dende o 31 de xaneiro ata o 4 de febreiro; e o outro un curso que se

desenvolverá do 14 ao 18 de febreiro, e que versará sobre o Uso racional dos agroquímicos: iniciación á produción integrada.

Para os nenos e nenas en febreiro organizarase unha actividade con motivo do Entroido. Será dende o 28 de febreiro ata o 2 de marzo e denomínase Entroido científico.

Durante o mes de marzo haberá dúas iniciativas para adultos. Por unha banda, un curso sobre cestería creativa que se desenvolverá entre os días 7 e 11 de marzo. E pola outra banda, un curso de enxerto de árbores froiteiras, que está programado entre os días 21 e 25 de marzo. Estas dúas actividades terán lugar de 10.00 a 14.00 horas.

As iniciativas, debido ás actuais restricións sanitarias, contan cun número de prazas reducido e os interesados e interesadas en participar deberán inscribirse con anterioridade.

Jamil Kaouaji, Ariadna López e Ángela Mon gañan o Maratón Fotográfico

O Maratón Fotográfico do Campus rende a súa particular homenaxe póstuma a Carlos Valcárcel, un dos grandes valedores deste certame artístico promovido ao abeiro do convenio Lugo Cultural, cuxos organizadores aproveitaron o acto de entrega de premios e a apertura da mostra dunha escolma das imaxes presentadas a concurso na Biblioteca Provincial de Lugo para facer unha emotiva semblanza do fotógrafo lugués recentemente finado.

A proxección dalgunhas das imaxes

máis senlleiras captadas a través do obxectivo por Carlos Valcárcel, acompañada de explicacións técnicas e artísticas que permiten definir ou, cando menos, aproximarse á obra fotográfica de Valcárcel, serviu de preludio do acto de entrega de galardóns ás persoas gañadoras dos tres premios que cada ano reparte o Maratón Fotográfico do Campus de Lugo aos autores das tres mellores imaxes.

O xurado distinguiu co Premio Carlos Valcárcel a fotografía presen-

tada por Jamil Kaouaji Liberato, quen recibiu 350 euros en metálico, así como trofeo e diploma. O premio Eduardo Ochoa á mellor fotografía ligada co tema proposto pola organización (o outono), recaeu na imaxe titulada *Marcho que teño que marchar*, de Ariadna López Núñez, quen recibiu 300 euros. O premio á mellor fotografía presentada na modalidade de tema libre, dotado cunha gratificación en metálico de 250 euros, foi para Ángela Mon Corbelle, pola fotografía *Querencia*.

Actualizadas varias vitrinas do Museo Provincial de Lugo e unha nova exposición



Exposición no Museo Provincial de Lugo

As vitrinas de cerámica e vidro da Sala 20 na primeira planta do Museo Provincial de Lugo concluíron os seus traballos de reforma e actualización. Esta renovación fai que a visita sexa máis didáctica, accesible, visual e atractiva para todos os públicos. A intervención consistiu na inclusión de cartelería para identificar as pezas expostas e na colocación de paneis de fondos das vitrinas con debuxos, textos explicativos e fotografías, ademais de substituír algunhas pezas que figuraban na exposición estable por outras da sala. Isto favorece a comprensión dos cidadáns que se acheguen a visitar estas obras. A actuación foi realizada polos departamentos de Belas Artes e Arqueoloxía e Historia coa coordinación de Aurelia Balseiro. Mellora a experiencia das persoas visitantes, contribuíndo ao coñecemento e difusión deste patrimonio do Museo de Lugo. Por outra banda, o Museo de Lugo exhibe unha nova obra de Federico de Madrazo y Kunt (Roma, 1815- Madrid, 1894).

Trátase dun retrato en óleo sobre lenzo que forma parte dos fondos do Museo del Prado e que estará en depósito temporal en Lugo durante cinco anos.

Titulado "Encarnación Rambaud", o cadro pode verse na sala romántica do Museo xunto coa colección de artes decorativas e outros retratos de Esquivel, González de la Peña, Vales Rodríguez e Raimundo Madrazo.

FEDERICO DE MADRAZO. Naceu en Roma en 1815. Pertenceu a unha familia influente e con gran talento. Era fillo de José de Madrazo, un dos grandes pintores do neoclasicismo español que foi director da Academia e que reformou a ensinanza, e de Cecilia Küntz, filla do pintor Tadeo Küntz.

Neste ambiente privilexiado creceu Federico, o que propiciou que desde novo desenvolvese os seus dotes para a pintura.

Con catro anos de idade, o seu pai obtivo o posto de pintor de cámara xunto a Fernando VII e a familia trasladouse a Madrid.

O ciclo Colusión chega á Casa da Música o día 8 de xaneiro

Enmarcada na programación para a xuventude lucense, o día 8 de xaneiro terá lugar na Casa da Música de Lugo o Ciclo Colusión, unha cita onde artistas musicais e visuais se encontrarán para ofrecer un espectáculo singular. Nos últimos tempos destacan grandes artistas galegos como Ortiga, Baiusa, Lois Patiño, Verto, as Tanxungueiras, etc.

O ciclo creouse a través da xuntanza de dúas parellas de artistas, unha musical e outra audiovisual que non tiñan relación entre eles. Durante un mes e medio traballaron de maneira conxunta para crear a actuación que ofrecerán o vindeiro sábado na

cidade amurallada. A cita dará comezo ás 20.00 horas coa música de CRNDS e o vídeo de Inma Veiga, as dúas artistas residentes de Santiago de Compostela. CRNDS é un grupo musical que se encarga de realizar música electrónica a raíz da música tradicional galega. Por outra banda, Inma Veiga, orixinaria de Parga realiza obras nas que deixa ver as raíces do pobo interior galego.

Ás 21:30 terá lugar o concerto da segunda parella conformada por Grima na parte musical e Raquel Álvarez na audiovisual.

As entradas son de balde ata completar aforo previa inscrición.

construferr
Saneamientos, construcción e ferretería

NATURALES
DE CONSTRUCCIÓN Y BARRIAMENTO
PABLO RABADE PAREDES

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO) - Telf: 982 511 200

“O orzamento municipal será de 106,8 millóns de euros, case medio millón máis que o ano pasado”

Destinaranse a políticas sociais preto de 30 millóns, o que supón o 28% do total, e a investimentos públicos un total de 20

O Executivo lucense presentou un proxecto orzamentario, que volve ser expansivo e solidario e continúa coas medidas implementadas este ano para saír reforzados da crise. Os eixos dos orzamentos para o 2022 é manter o potente escudo social de protección á cidadanía, consolidar a senda da recuperación e diversificación económica que se puxo en marcha este ano e o avance na Segunda Gran Transformación de Lugo cara unha cidade sostible e verde na que as persoas son o centro de acción. Estes están pensados para ser motor da reanimación da vida social e económica que comeza a ver a luz tras dous anos marcados pola dureza da pandemia e pola crise que conlevou. As contas para o 2022 ascenden a 106'8 millóns de euros (106.876.755 euros), case medio millón máis que o ano pasado, o que supón un crecemento do 6'8% respecto ao exercicio do 2020.

A rexedora destacou o crecemento nun 31'1% das achegas procedentes do Estado pola vía participación nos seus tributos, que pasará de 17'5 millóns de euros a 23 millóns no 2022. Ademais, o Concello recorrerá a endebedarse en 5'6 millóns de euros, “mecanismo que utilizamos por primeira vez nos orzamentos do 2021 desde que no meu mandato pasado acadamos a débeda 0”, sostivo Lara Méndez, que aclarou que “non descartamos que, como fixemos tamén neste ano, poidamos substituír esta fonte de financiamento polos aforros do remanente, unha vez que coñezamos as magnitudes de aforro estrutural derivadas da liquidación orzamentaria”.

A rexedora aseverou que “a previsión de recadación para 2022 remítenos a escenarios previos á pandemia e a implementación do fondo de capital emprendedor “Lugo Transforma” actuará como impulso de cambio económico da cidade, sen esquecer o indubidable efecto positivo que, como xa dixen, a chegada dos fondos europeos Next Generation vai ter sobre a actividade económica xeral”.

DESIGUALDADE. Lara Méndez apuntou que os orzamentos do 2022 destinarán para políticas sociais preto de 30 millóns de euros, o 28% do orzamento, co fin de acadar mellores niveis de calidade de vida, atender aos colectivos máis vulnerables e integrar aos sectores máis desfavorecidos, así como fomentar a oferta educativa, deportiva, cultural e turística. Deste orzamento, destacan os preto



Presentación dos orzamentos do próximo ano

de 12 millóns dirixidos aos programas sociais de benestar, persoas maiores e infancia, e o incremento dun 12'18% (454.335 euros) ao servizo de Axuda no Fogar, chegando ata os 4'2 millóns de euros, co fin atender aos maiores na súa contorna comunitaria o maior tempo posible.

Así mesmo, crecerá un 39% a partida de atención para os centros de día, cun investimento de 681.391'25 euros, e consolidaranse as axudas de emerxencia social e ao aluguer, cun investimento de 600.000 euros, así como os programas de inserción social, cunha partida de 216.247 euros. En relación ao Servizo de Igualdade e a Casa da Muller, o desenvolvemento do IV Plan de Igualdade e a prevención á violencia machista son os retos máis destacables, e contarán para iso con máis de 800 mil euros (808.070 euros).

A mocidade terá tamén un papel destacado, nunha área que contará cun orzamento de preto dun millón de euros para impulsar programas de lecer, formación e empregabilidade, e para a posta en marcha do Consello da Mocidade, mentres que para a promoción do deporte e da vida saudable destinaremos 3'3 millóns de euros.

Tamén valorou a rexedora outras partidas como grandes dinamizadoras da vida social e do comercio local, como as do festival Caudal Fest, con 217.800 euros, o Arde Lucus, seña de identidade da cidade que mantén a súa dotación de 350.000 euros, ou as festas patronais de San Froilán, que incrementan o seu crédito en 200.000, ata un importe de 1.000.000 de euros.

INVESTIMENTOS. A partida de investimentos públicos será un enorme revulsivo para mobilizar a economía e o emprego. Este ano ascende a 11'1 millóns de euros, que logo ascenderá a un mínimo de 20 millóns coa incorporación dos 8 millóns dos Fondos Next Generation solicitados para finalizar a peonización do Casco Histórico e a actuación na Praza de Santo Domingo.

Cos investimentos seguen a apostar polo desenvolvemento dos barrios. Por iso achegaranse 1.200.000 euros para a posta en marcha do Plan de Intervención e Mellora de zonas de xogo infantil, 660.000 euros para a remodelación de espazos urbanos, prazas e xardíns, 2,5 millóns de euros para o avance das obras DUSI Muramiñae co fin de humanizar o barrio do Carme e impulsar a accesibilidade na contorna do Miño, así como na mellora do patrimonio. Outras das accións serán a peonización da Calzada da Ponte, o Coliving artístico municipal no Carme, a zona azardinada en lembranza da cidadanía en tempos da Covid.

Entre as partidas das cinco áreas dependentes da Tenencia de Alcaldía destaca que os investimentos teñen a finalidade de “continuar a avanzar na mellora de Lugo, facendo unha cidade máis amable para as persoas”. Ruben Arroxo afirmou que “estes orzamentos van permitir xerar emprego en Lugo e estabilizar o emprego xa existente, ademais de continuar coa mellora da cidade executada polo goberno de Lugo estes anos”.

PEONIZACIÓN. No tocante á área de Mobilidade e Infraestruturas, haberá un investimento de 150.000€

para a mellora da seguridade peonil na rúa Gallego Tato. “Integramos esta actuación dentro da mellora do plan de calmado de tráfico nos entornos escolares”, explicou Rubén Arroxo, que engadiu “estudaremos a peonización desta rúa no treito entre as rúas Lavandeira e Magnolia, gañando unha nova praza á entrada do colexio Luís Pimentel”. Arroxo lembrou que “nestes anos executamos distintas accións de calmado de tráfico en todas as zonas escolares da cidade, entre outras medidas para garantir a seguridade das veciñas e veciños, como a senda peonil do colexio de Albeiros”. Tamén destinará 400.000€ para renovar a rúa Lamas de Prado. Arroxo explicou que “estudaremos a peonización de Camiño Real entre Concepción Arenal e a Ronda, gañando un novo espazo para as persoas preto da muralla, nun treito que case non conta con tráfico rodado”. Anunciou partidas dun total de 410.000€ para as renovacións das rúas Xesús Bal y Gay (210.000€) e da praza de Alicante (200.000€).

O plan de renovación de alumeadado público en zonas urbanas e periurbanas continuará tamén no 2022 cunha partida orzamentaria de 300.000€ para renovar o alumeadado e a pavimentación de Aquilino Iglesias Alvariño. Arroxo explicou que “esta actuación será un complemento á renovación de Lamas de Prado, que comezará en breves, para avanzar na mellora dun barrio que conta con máis de 15.000 habitantes”. Continuará coa renovación da rede de alumeadado público nas rúas Hermitas, Dinán e na praza de Bretaña, para o que reserva un orzamento de 270.000€. “Estes investimentos son

rentables en pouco tempo xa que reducen amplamente o consumo eléctrico e reducen o impacto ambiental”, explicou Arroxo.

Arroxo anunciou tamén que a área de Mobilidade e Infraestruturas contempla partidas orzamentarias de 400.000€ para realizar actuacións nas zonas industriais e 800.000€ para renovar pavimentacións de calzadas e beirarrúas.

MELLORAS NOS SERVIZOS. No tocante á área de Participación, destacou un investimento de 190.000€ no Cemiterio Municipal. Entre as actuacións previstas, contéplase a renovación dos teitos dos nichos e diversas pavimentacións no recinto, tamén se creará un centro expositivo que contará cunha exposición permanente da historia do Cemiterio e do antigo cemiterio de Magoi.

Na Praza de Abastos e no Mercado Municipal, a área de Participación destinará 100.000€ para realizar distintas melloras. Renovarase a climatización tanto da praza como do Mercado, “unha demanda que tanto os distintos vendedores e vendedoras como as persoas que compran na Praza de Abastos e no Mercado levan moito tempo realizando, e que será unha mellora moi importante para mellorar unha instalación tan importante para Lugo como é a Praza de Abastos e o Mercado Municipal”, explicou o Tenente Alcalde. Ademais, adquirirase nova maquinaria para a limpeza e renovarase o mobiliario, co obxectivo de “seguir a potenciar unha instalación que está a ter un gran crecemento, especialmente por parte da xente nova, o que se pode ver os sábados coa campaña O noso mercado é un agasallo”, explicou.

CULTURA. A área de Cultura destinará 865.000 euros para a programación cultural do 2022. Desta forma seguen a traballar co tecido cultural local, apostando polas creadoras e creadores de cultura de Lugo, ao mesmo tempo que traen eventos de primeira calidade e recoñecidos a nivel galego, estatal e internacional. O San Froilán 2022 contará con 1.087.000€ de orzamento, que permitirá facer unha nova edición da gran festa do outono galego con actividades de calidade. Adicaranse ademais 137.000€ para a promoción turística da cidade, “avanzando no obxectivo de colocar a Lugo como referente turístico á hora de visitar Galiza, e continuando co traballo realizado nestes anos”.

“En Woocost, ou o traemos máis barato ou non o vendemos”

Alejandro Copa empresario lucense, que inaugura o 10 de xaneiro

Nos vindeiros días celebrarase en Lugo unha dobre apertura. Woocost é unha iniciativa de Alejandro Copa, un empresario da cidade que pon a disposición dos veciños produtos de todo tipo ao mellor prezo posible.

Artigos de bazar, droguería, limpeza, hixiene persoal, alimentación, enxoval para o fogar, roupa, electrónica, e moitas cousas máis que estarán a disposición dos lucenses a partir do 10 de xaneiro por partida dobre na rúa nova e na avenida da Coruña.

O obxectivo principal deste negocio é darlle unha segunda vida a produtos que xa non se ían vender, favorecendo a economía circular.

Alejandro Copa é o empresario lucense responsable desta iniciativa.

Canto tempo levan funcionando?

Woocost cero, é unha iniciativa nova. Pola contra, Sqrups, que foi o prelude deste novo proxecto, é unha franquía que leva 7 anos. É un low cost que ten preto de 40 tendas repartidas por toda España.

Como xurdiu a idea?

Buscando outras alternativas. Decidímonos por meternos ao mundo low cost porque lle vimos futuro. Para comezar empezamos coa franquía pero isto non resultaba rendible. Traballabas a marxe cero sobre todo en alimentación cando a data de caducidade era corta. De aí fun buscando novos provedores externos e agora atopei un socio co que traballo ao por maior e en distintas tendas.

Nós vendemos máis barato ou xa non o traemos. Buscamos dar unha segunda vida útil aos produtos que están de moda, fomentamos a economía circular e o comercio sostible. Todos os produtos están máis baratos por un motivo, por exemplo, nos viños e licores podemos ter un prezo atractivo porque adquirimos os palés nos que se rompe unha botella e mancha ás demais, estas un supermercado non as vende pero realmente o produto do interior está en perfecto estado. Nós encargámonos de acondicionar o artigo e darlle unha segunda vida útil ao mesmo. Tamén traballamos con importación paralela. Na roupa solemos coller aqueles que traen tara de embalaxe.

Cales son os máis demandados?

Centrámonos sobre todo no perfil que temos que son mulleres de 30-40 anos. O que máis sacábamos era o enxoval para o fogar pero agora o principal da nosa tenda vai ser o electrónico. Non hai un sector prin-



Fachada de Woocost

cipal, hai unha rotación de produto moi alto. Un artigo pode estar dúas semanas ou dous meses en tenda. Se visitas o noso negocio un mes e vés o seguinte, os produtos que temos cambian profundamente. Non somos unha tenda a que a xente vaia porque ten unha necesidade senón que o cliente vén dar unha volta, ve unha oportunidade e compra.

Cambiou o traballo nestes últimos tempos por mor da pandemia?

Afecta no sentido de que temos que buscar máis mercadoría en sitios nos que non solemos buscar. A pandemia bloqueou as importacións de China e polo tanto traballamos máis a parte de dar unha segunda vida aos produtos xa existentes. Agora apenas traballamos artigos procedentes deste país asiático.

Que zona cubren?

Comezamos en Lugo e temos páxina web. Os socios cos que traballamos son de Barcelona pero alí van pechar

as tres tendas existentes xa que a crise de comercio afectou moito na facturación. Buscamos centrarnos máis no norte de España.

Cales son as últimas novidades do sector?

Temos novidades cada 15 días, non hai un negocio ao que nos pechemos. Se o traemos máis barato metémolo. Agora imos incluír tamén produtos de ferretería. É un sector no que hai cousas novas de seguido, polo tanto coñezo o que teño agora pero non sei o que vou ter dentro dun mes.

Que proxectos ten de cara ao futuro? Que obxectivos se marca?

O obxectivo principal é o de ir abrindo dúas tendas anuais durante cinco anos. Comezaremos polo norte de España. Para os meses de febreiro-marzo contamos abrir unha tenda en Coruña. Somos maioristas e vendemos a tendas polo que coñecemos cales son os nichos de mercado máis fortes.

Lugo obtivo unha riqueza de 35'5 millóns grazas ás licenzas

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, ofreceu un balance da tramitación das licenzas que, no que vai de ano, tiveron resolución en Xunta de Goberno, dentro das que se atopan comprendidas as urbanísticas, de primeira ocupación, segregación e actividade, así como a caducidade das mesmas.

Resolvéronse 269 expedientes, dos que 176 se corresponden con solicitudes de promotores e particulares neste mesmo ano, e as 93 restantes foron iniciadas en exercicios anteriores e, en moitos dos casos, ficaban pendentes de subsanacións.

Todas estas autorizacións promoveron un volume de negocio no municipio que alcanza, ata este momento, os 35.531.505 euros, “contribuíndo á súa recuperación económica e que, de seguro, axudou, alén, á dinamización e reactivación do sector da construción, mantendo e xerando emprego, con repercusión indirecta sobre outro tipo de negocios afíns

como poden ser os de decoración, equipamento e mobiliario, etc”, di Méndez.

A alcaldesa lucense fixo fincapé, igualmente, en que estes procedementos que esixen da autorización do equipo de Goberno representan só ao redor do 10% do volume total de solicitudes que o Concello recibe ao ano, ao tempo que cuantificou en 3.535 as entradas de Rexistro que se levan contabilizadas no Servizo até o momento.

“A súa abordaxe se compatibiliza co desenvolvemento doutros proxectos importantes para a cidade relacionados co planeamento e a xestión, un aspecto que podemos exemplificar coa urbanización da esquina de San Roque, a contorna do edificio Impulso Verde ou os avances que, dun xeito máis discreto, se están acadando para culminar o PXOM ou para modificarlo e permitir a descatalogación do edificio de Correos, próximo á futura Estación Intermodal”, recordou.

O Concello propón contratar á UTE para o servizo de limpeza

A mesa de contratación, reunida para valorar ás dúas empresas que chegaron coa mellor puntuación ao final do proceso de contratación do servizo de recollida de lixo e limpeza viaria do Concello de Lugo, acordou excluír a Ascan Servizos Urbanos S.L. por non existir coherencia entre a oferta técnica e a económica, así como propoñer como adxudicataria á UTE integrada por Copasa, Geseco e Setec Building.

A licitación, que terá unha duración de dez anos improrrogable, suporá un investimento de 134'1 millóns de euros, o que a converte na de maior

contía económica xa que suporá ao redor do 13% de cada orzamento anual. Un incremento que case duplica ao do contrato anterior.

O novo servizo incluír á execución de todas as operacións precisas para a consecución da mellor limpeza posible dos espazos públicos, beirarrúas, calzadas e zonas peonís, incluídas as manchas no pavimento, as follas ou froitos do arboredo, os residuos voluminosos, así como os excrementos de animais e as herbas que proliferan nos bordos, beirarrúas e escaleiras, ademais das pintadas.

DISTRIBUIDOR AUTORIZADO

MÁSMÓV!L
NEGOCIOS

VALIREY LUGO S.L.
Oscar Valiño Pin

Ronda das Fontiñas Nº 215 Bajo - 27002 Lugo

628 126 720 - info@valireylugo.com

¡SE NECESITAN COMERCIALES!

Librería **Troll**

SI NO SABES QUE REGALAR ESTA NAVIDAD...

VISITANOS PORQUE TENEMOS LOS DETALLES MÁS ORIGINALES Y UNA GRAN VARIEDAD PARA ACERTAR

Síguenos en

Praza do Rei, 16 • 27002 LUGO • T./F.: 982 250 500
info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com

As comarcas manifestáronse contra os novos parques eólicos

Galiza mobilizouse masivamente a prol das montañas e do rural galego e en contra da “actual invasión eólica que ameaza o noso territorio”. Mais de 5000 persoas participaron nas 22 mobilizacións convocadas en toda Galiza pola coordinadora galega Eólica Así Non para este Día mundial das Montañas co gallo de reivindicar diante das administracións públicas a preservación destes ecosistemas fronte a actual vaga eólica, baixo o lema Na defensa das montañas. Eólica Así Non.

Como xa acontecera o pasado 5 de xuño na Praza do Obardoiro de Santiago de Compostela, a resposta da sociedade galega foi contundente. A multitude congregada desta volta en diferentes localidades do país volveu reclamar

á Xunta a paralización urxente, real e efectiva dos case 300 parques eólicos que se atopan actualmente en tramitación e que se prevén instalar. Máis de 170 entidades que fan parte da coordinadora, entre colectivos e plataformas veciñais, de afectados/as, ecoloxistas, culturais, sociais ou políticas, rexeitan a “falaz e inútil moratoria anunciada polo goberno de Alberto Núñez Feijóo, por non ter ningún efecto sobre os actuais proxectos en tramitación e que só pretende confundir a opinión pública e desmobilizar a sociedade. Porén, o goberno da Xunta non conseguiu desmotivarnos. Agora máis que nunca reivindicamos a derogación do desfasado Plan eólico de Galiza e das leis de depredación da Xunta (Lei de fomento de implantación

de iniciativas empresariais e Lei de simplificación administrativa) de cara a deseñar unha nova planificación eólica, participada pola sociedade galega, xusta coas persoas e respectuosa co rural e co medio ambiente galego. Doutro xeito, estaríamos deixando en mans do oligopolio eléctrico o futuro do noso territorio”.

Desde a Coordinadora Eólica Así Non afirman que o éxito desta gran mobilización “debe obrigar á Xunta a reconsiderar un cambio no modelo de implantación eólica e, por extensión, un cambio de modelo enerxético, no que se aposte polas enerxías renovábeis, pero non co fin de satisfacer as ansias especulativas do lobby enerxético e á costa de sacrificar o noso territorio, senón pensando no interese xeral.



Concentración en Lugo contra os eólicos

O 1 de febreiro iníciase o período de solicitude das axudas da PAC do 2022


O Consello de Ministros aprobou o real decreto que modifica outros tres de decembro do 2014 sobre a aplicación da política agraria común e que adapta á normativa nacional outras actualizacións realizadas pola UE.

Estes cambios, como avanzou o Ministerio de Agricultura nun comunicado, permitirán que os agricultores e gandeiros españois poidan percibir máis de 7.425 millóns de euros en axudas no 2022.

Nos 7.425 millóns está incluído tanto o Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria (FEAGA), de onde veñen as axudas directas, ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (Feader), de onde proceden as axudas do segundo pilar. A campaña de solicitude das axudas iníciase o 1 de febreiro. Entre as principais modificacións que recolle esta norma está a definición de «coeficiente de admisibilidade de pastos» que permitirá que as comunidades autónomas poidan establecer na súa normativa un valor mínimo de coeficiente por baixo do que dita superficie non será subvencionable.

Tamén se modifican as axudas asociadas gandeiras. Neste sentido, aclara o procedemento de cómputo de animais elexibles para os que empecen a súa actividade, de tal maneira que a autoridade competente poida aplicar a “opción máis beneficiosa para estes solicitantes”.

Deputación e Correos únense para levar o servizo ao rural



O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o presidente da Sociedad Estatal de Correos e Telégrafos, Juan Manuel Serrano Quintana, asinaron un protocolo entre a institución provincial e esta entidade para impulsar novos proxectos que favorezan a cohesión territorial da provincia e axuden a loitar contra a despoboación ao facilitarlles que poidan realizar xestións independentemente de onde vivan.

O obxectivo é garantir o acceso aos servizos públicos básicos á poboación rural e de zonas con poucos habitantes nas mesmas condicións que o resto de persoas que viven nas áreas urbanas. A Deputación e Correos traballarán en proxectos que aproveiten a presenza territorial da compañía, que conta con 24 oficinas na provincia, 46 puntos de atención rural e máis

de 200 carteiros e carteiros rurais que percorren a diario parroquias e aldeas lucenses.

Este acordo tamén servirá para que naquelas localidades onde as entidades bancarias non teñan oficina, se fixen caixeiros en Correos ou se amplíen os servizos que prestan os carteiros rurais de Lugo a domicilio, como pode ser a entrega de diñeiro en efectivo co servizo Correos Cash.

Este compromiso entre a Deputación e Correos inclúe, ademais, o impulso da plataforma de venda online Correos Market coa finalidade de que os produtores locais radicados na provincia de Lugo dispoñan dunha nova canle de venda e poidan enviar os seus produtos a calquera punto de territorio. A día de hoxe son 14 os produtores da provincia que distribúen a través desta plataforma.

Vacunación

APUNTAMENTOS VETERINARIOS



Breixo González

Hoxe para comezar o ano imos falar dun tema moi manido e cheo de imprecisións intencionadas por certos grupos (que moitas veces veñen por grupos conspiranoicos e pseudocientíficos) e ese tema son as vacinas, e así imos falar de elas dende o enfoque veterinario e no mundo das mascotas.

As vacinas son un pilar básico na erradicación de enfermidades, dende que se descubriu a vacina da variola a finais de 1700 (co cal non podemos dicir que é algo moderno nin testado) e dende enton hai outras enfermidades que foron erradicadas ou cando mínimo reducidas a mínima expresión, como a polio...

E o mesmo ocorreu con enfermidades animais como a rabia... pero nestes últimos anos internet, que moitas veces non ten control do que se publica, comezou a espallar mentiras e información sesgadas e cousas que non se sabe moi ben de onde veñen... Estamos vendo que as taxas de vacinación dos animais baixaron e incluso vemos camadas que veñen a clínica sen desparasitar nin vacinar... e ahí veñen os problemas.

As vacinas, a mellor comparación que podemos facela sería que ensinamos (mediante diversos mecanismos en función da vacina e do patóxeno) ensinamos o noso sistema inmune cales son os patóxenos dos que deben defenderse, e cando o patóxeno aparece en el, fai que o corpo e o noso sistema inmune. E iso estámolo vendo no caso desta última vaga da Covid, na que a pesares de ter uns números de contaxios enormes, temos menor taxa de ingresos, e isto é a causa da vacinación. E do mesmo xeito a vacina

non impede que nos infectemos (si, reducen o risco de infección pero se non temos os cuidados debidos, infectaremonos igual), a diferenza está que o dano que nos causen sexa moito menor, do mesmo xeito que un chaleco antibalas evita que morramos dun disparo no peito pero non evita que se rompan rompan as costelas no proceso.

Esto mesmo ocorre cas vacinas animais e por iso é fundamental a boa xestión das pautas de vacinación.

Primeiro: as vacinas son medicamentos veterinarios de prescrición e aplicación veterinaria, e teñen que cumprir unha estricteza de frío, co cal as vacinas non poden ser vendidas nin aplicadas por particulares (cousa que vemos e sempre están asociadas a súa ineficiencia).

Segundo: Os programas de vacinación teñen unhas pautas de aplicación (tempo entre doses, tipo de vacina) dadas pola experimentación do laboratorio e os resultados dos mesmos.

Terceiro: As pautas de vacinación deben vir acompañadas de unha exploración do estado xeral do animal e deben ir acompañadas de un programa de control de parásitos (que tamén só o pode prescribir un veterinario). Ademais a desparasitación é fundamental no cachorro, xa que vemos que moitas veces acooden cachorros a vacinar e teñen cargas parasitarias moi elevadas, eses mesmos parásitos danan as súas paredes intestinais e diminúen as súas defensas facéndoos susceptibles a contraer enfermidades como a parvovirose. E as vacinacións deben repetirse cunha base fixa en animais adultos para manter a inmunidade o longo da vida das nosas mascotas.

Estamos vendo casos de camadas enteiras afectadas de parvovirose, animais adultos afectados de moquillo e brotes de tos das canceiras e nos gatos de panleucopenia... e é unha magoa que se produzan xa que todas elas teñen vacina.

“Hai que ter un sistema de produción local en condicións”

Isabel Vilalba renovou como secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego

Falamos con Isabel Vilalba Seivane, relexida ata 2024 secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, e na que carga contra a aprobación da nova lei estatal de cadea alimentaria.

Foi reelegida novamente como secretaria xeral do SLG. Como recibe esta renovación?

É unha honra traballar nun colectivo no que cres e que sintes o apoio da xente. Levo nel dende o 2012. Afronto esta renovación nun contexto de moita preocupación e con moitos retos e moi importantes, como a ameaza das subas de costes ou do cambio climático, que parece que está moi lonxe pero non. De feito xente que estaba no congreso que fixemos, como produtores e agricultores dixeron que están a notar un incremento nas pragas que antes non había, danos meteorolóxicos moi fortes que as veces levaban as colleitas enteiras, entón temos retos moi importantes.

Como se atopa o agro galego?

É un momento de moita preocupación para os sectores gandeiros e agrarios cos que traballamos porque en xeral hai una suba moi importante de custos de produción e una ameaza de que neste novo ano que vén eses custos como electricidade, alimentación, combustibles, fertilizantes, etc. van continuar nunha tendencia de subida.

Paralelamente temos uns prezos que se manteñen á baixa ou con mínimas variacións e isto coloca ao sector nunha grave tensión e nun grave momento de dificultade. Este é o marco actual, un marco de preocupación, de como se porán as medidas que nestes momentos necesita o sector.

Contan con alianzas de traballo?

Creemos moito nas alianzas porque parécenos que necesitamos de todo o tecido social e tamén do mundo urbano para apoiar as reivindicacións que nos defendemos. Neste sentido tivemos una ampla participación na última reunión e na que comentamos os nosos grandes parámetros de traballo.

Cal é un dos obxectivos máis importantes do SLG?

O primeiro é a renda digna para as persoas produtoras. As persoas produtoras necesitan rendas dignas e o modelo de produción ten que ir encamiñado para producir alimentos saudables para o conxunto da sociedade, non so un modelo que produza produtos ecolóxicos e de alta calidade para unha elite. Por outra banda parécenos unha gran

irresponsabilidade seguir destruindo aquí alimentos e pensar que despois veñan dende miles de quilómetros sobre todo co escenario que estamos vendo.

Outro punto é que nos enganamos se pensamos que somos alleos a esta tendencia global que hai de encarecemento, por exemplo nos combustibles fósiles xa que todo nos está a indicar que nun futuro serán máis caros ou menos dispoñible se moito do noso sistema de produción e alimentario tanto para os animais como para as persoas veñen de moitos quilómetros ou doutra parte do mundo.

Por iso cremos que hai que cambiar o modelo para facelo moito máis autónomo e que non poña en perigo á sociedade no sentido de que nun momento dado os alimentos non cheguen ou se o fan serán carísimos, e non falo so dos humanos senón tamén para os animais.

E coa nova Lei da cadea alimentaria?

O Ministerio de Agricultura aprobou unha modificación da e nos seguimos pensando que lle faltan ferramentas para que sexa real. É dicir, se esa Lei pon que está prohibido vender por debaixo dos custos non deixa de ser un titular se non se poñen as ferramentas como os índices oficiais de custos de produción ou un sistema de mediación de contratos para que as condicións e os prezos non sexan abusivos. Hoxe se a xente está recibindo prezos abusivos nas súas granxas non hai ningún sistema legal de mediación que actúe para rematar con ese abuso ou resarcilo. Isto é unha preocupación importante e pensamos que a Xunta e o Ministerio non poden seguir botando balóns fóra.

Tamén falan dos alimentos saudables, non?

Outro dos nosos obxectivos está en ter un sistema de produción de alimentos saudables que cheguen a totalidade da poboación, e que eses alimentos se produzan aquí de maneira principal e que detrás haxa unas condicións boas de vida para as persoas produtoras e tamén que esta actividade sexa coidadosa co medio, que coide a paisaxe, que faga que a terra estea viva e sen contaminación e que poidamos transmitir as vindeiras xeracións.

Entendo que apoian e valoran o comercio local.

Nos pensamos que unha vía moi importante é que as persoas produtoras poidan chegar o máis directamente posible aos consumidores,

por iso a venda directa nos mercados ou a venda pública son maneiras para que poidan desenvolver esa parte. Así na venda pública poderían estar os seus produtos nos hospitais e nos comedores escolares que son vías de apoio importantes. Pero tamén necesitamos un cambio no marco pois moitas normas hixiénico sanitarias están feitas a medida das grandes industrias. Por exemplo, ti se produces polo ecolóxico ti non tes salas de despece ou matadoiros que che permitan comercializar eses polos directamente aos consumidores. Por iso necesitamos un marco como a que hai noutros países para que eses produtos de alta calidade se poidan comercializar e que ese marco este adaptado aos pequenos produtores.



Polo tanto falta vontade política?

Claro, hoxe por hoxe vemos en todo o territorio proxectos moi interesantes de producións e de produtos de moi boa calidade, pero se as políticas van totalmente na dirección contraria de pouco serve esa axuda... Por exemplo no caso da mocidade, a xente nova que se instala no rural ten unha burocracia increíble. Coñezo un caso en Lourenzá dun proxecto de horta moi ben feito e moi sólido no que estaban unhas persoas moi traballadoras, pois negáronlles a axuda de incorporación porque tiñan unha factura cuns ingresos mínimos de agrarios. E despois cando se dirixiron a oficina pertinente para falar con eles e poder solucionar ese problema mareáronlles dunha oficina a outra, e así foi que abandonaron o proxecto. E isto é o que non pode ser.

Entón necesitanse máis axudas?



Por suposto. A realidade é que non hai un programa de axuda á vivenda no rural e tal é así que fomos perdendo o 40% da superficie agrícola útil nos últimos 40 anos. Pero non hai un programa para axudar á xente a instalarse e facilitarlle tamén o acceso á terra ademais de atoparse con dificultades para vender os seus produtos, etc.

A PAC basease en dereitos históricos, pero á xente nova ou non recibe pagos ou nunha cantidade moi pequena ou moito menor que a media do seu sector. Así temos un balance tremendamente negativo onde desaparecen moitas máis granxas e son mínimas as incorporacións de xente que colla o relevo.

Outro dos temas principais son os eólicos, porque prexudican tanto ao agro?

Nós pensamos que é unha gran eiva ter tan pouca superficie agrícola útil, neste momento pouco pasamos do 20% cando en moitos países europeos xa pasan do 50%. Pero hai un problema importantísimo que é como afecta á xente pois están poñendo aeroxeradores de 200 metros moi preto das vivendas.

Como é posible?

Porque traballan cunha normativa dos anos 90 onde os aeroxeradores eran de 50 ou 70 metros e están a aplicar a mesma normativa pero con estes muíños eólicos que triplican esa altura.

Ademais son un lastre paisaxístico e ambiental, non?

Si, afectan ao valor paisaxístico, ao turismo que busca tranquilidade, aos bens inmobles, aos veciños, etc, necesitamos outro modelo enerxético que non destrúa todo. Hai moitos proxectos é non se están a facer uns análises reais de calidade do seu impacto ambiental.

Cal é o problema do modelo enerxético eólico?

Este modelo enerxético é totalmen-

te demencial, é dicir, nos temos máis potencia eólica instalada que consumo pero preténdese evacuar grandes cantidades de enerxía e está en mans de empresas que nada teñen que ver co territorio. Aquí quedan os impactos pero non os beneficios e enchén o noso territorio de liñas de alta tensión.

Que leva implícito o lema Más labregas, mellores alimentos. A vida das persoas e do planeta no centro?

Este lema é unha das cuestións que sempre tivemos moi presentes. Está claro que a xente necesita alimentarse pero é importante tamén saber que tipo de alimentos lles chegan, se son alimentos de agriculturas totalmente industrializadas con gran cantidade de pesticidas, de antibióticos na cría de animais, con macrocebaeiros, con grandes impactos sobre a terra e a auga? Ou son alimentos feitos por un modelo sostible e coidadoso co medio e coa saúde das persoas e do planeta? Hai que ser moi conscientes xa que hoxe en día hai miles de mortes na Unión Europea por resistencias a antibióticos porque na cría industrial de animais úsanse dunha maneira moi importante e se os estamos inxerindo de maneira continuada fará que cada vez teñamos bacterias multiresistentes. Isto é un exemplo pero podería falar dos residuos de pesticidas ou de outras moitas cuestións que afectan á saúde. Entón eu creo que é moi importante pensar que a saúde ten unha relación directa coa alimentación e para iso ten que haber moitas persoas que non usen materias primas que acaben sendo prexudiciais para a saúde.

Por iso nos insistimos no lema pois o que nos venderon sempre foi que canta máis poboación agrícola desaparecera máis moderna era a sociedade, e eu creo que iso é unha equivocación, porque tamén ten que ver con ter menos emprego, menos riquezas rurais, peor calidade dos alimentos e modelos máis agresivos para o medio ambiente.

O Plan de Embelecemento manterá en bo estado os espazos públicos urbanos

A alcaldesa de Lugo lanza un Plan de Embelecemento da cidade coa finalidade de manter en estado óptimo de conservación todos os espazos públicos urbanos. Plan que permitirá realizar pequenos labores de acondicionamento, arranxo e recuperación nun prazo máximo de quince días desde que o Concello comunique as tarefas a realizar á adxudicataria deste servizo. O obxectivo é “poder dar unha resposta áxil ás demandas da cidadanía nos distintos barrios co fin non só de mellorar o ornato da cidade e a súa imaxe, senón tamén de aumentar a vida útil dos elementos que conforman os espazos públicos e aumentar a seguridade das vías, dando continuidade ao traballo que estamos a desenvolver no modelo de Lugo sostible”, afirmou. Neste sentido, a rexedora sostivo que é un labor de todos, da Administración local e da veciñanza, o coidado do noso municipio, “polo que o plan irá acompañado da posta en marcha dunha campaña con

dous obxectivos, que a cidadanía nos faga chegar as súas demandas pero tamén para que se implique na protección dos espazos que son comúns e que compartimos”. Para este fin, a rexedora avanzou que, mañá, a Xunta de Goberno Local aprobará o inicio do proceso de licitación do Plan de Embelecemento, no que o Concello investirá 160.000 euros durante o 2022 y 100.000 no 2023. O contrato está reservado a centros especiais de emprego de iniciativas sociais e empresas de inserción, xa que outro dos fins que se perseguen é “facilitar a inclusión no mercado laboral das persoas con discapacidade”, aclarou Lara Méndez. Entre as obras que se poderán acometer destacan intervencións de conservación, mantemento e instalación de mobiliario urbano, mellora da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, así como de reordenación de espazos urbanos, ou o arranxo de beirarrúas e pavimentos, entre outros.

O MIHL contará con nova iluminación exterior



Rubén Arroxo, na inauguración da nova iluminación exterior do MIHL

O tenente alcalde, Rubén Arroxo, xunto co edil de infraestruturas, Alexandre Penas, visitaron o MIHL, onde veñen de comezar os traballos de instalación do alumeadado na zona exterior do museo. Arroxo explicou que “continuamos a avanzar na mellora da accesibilidade da zona, eliminando unha zona escura da cidade e mellorando o acceso ao museo”.

Con esta actuación, o Goberno de Lugo instalará 23 novas luminarias LED, de 53W, avanzando na instalación de luminarias de baixo consumo en todas as instalacións da rede de alumeadado público de Lugo.

En total invístense 41.331,18€. Arroxo explicou que “os traballos desenvolveranse durante as vindeiras semanas”.

O tenente alcalde destacou o potencial do MIHL como espazo expositivo, e destacou que “este ano, unha soa exposición do MIHL recibiu máis de 10.500 visitantes, superando todas as marcas históricas do museo”, e engadiu “desde o Goberno de Lugo continuaremos a achegar propostas expositivas de calidade ao MIHL para facilitar que todas as persoas de Lugo e as persoas que nos visiten descubran unha instalación tan singular coma esta”.

Comezan as obras de urbanización da Esquina de San Roque

Comezan as obras de urbanización da Esquina de San Roque. Este proxecto pretende poñer en valor un enclave no que conflúen dous Bens Mundiais, como son o Camiño Primitivo e a Muralla, e tamén dignificar unha das principais entradas ao recinto histórico da cidade.

Logo de ser autorizado inicialmente o pasado mes maio, recibía en outubro o visto bo definitivo da Xunta de Goberno, co informe favorable da Dirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural, dando por concluído o procedemento burocrático.

Os traballos contemplan tarefas de demolición e reposición de pavimentos na calzada, apertura de gabias para redes de servizos, derruba de muros e de dúas edificacións en San Roque (números 5 e 7), así como a construción da infraestrutura para a nova beirarrúa. Obras que afectan ao subsolo nunha zona de ámbito PEPR polo cal será a obrigatoria a



realización das escavacións arqueolóxicas o que esixe, á súa vez, un proxecto de control permanente sobre as mesmas.

Os labores están cuantificados en 123.757 euros e terán un prazo de execución de 6 meses.

Completaranse coas medidas necesarias para o establecemento da prioridade peonil do devandito Carril das Flores, incorporando ele-

mentos de sinalización e regulación viaria e, en canto ao deseño do firme, procurárase a continuidade do trazado do Camiño sobre a rúa de San Roque e a Rolda da Muralla, sen perder de vista a futura perspectiva dunha recuperación total dos usos peonís en todo o ámbito, dentro dos futuros plans de mobilidade e circulación que poida deseñar o Concello.

Os veciños do Sagrado Corazón desfrutarán dunha nova praza



Obras na praza do Sagrado Corazón

A obra de humanización da praza do Sagrado Corazón foi visitada polo tenente Alcalde, Rubén Arroxo, e o edil de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas. “Desde a área de Mobilidade e Infraestruturas poñemos en marcha esta obra de humanización para dar continuidade ao traballo realizado tras a instalación do novo ascensor” detallou o Tenente Alcalde que se reuniu con responsables da obra durante a súa visita.

Esta obra está a ser executada pola área de Mobilidade e Infraestruturas urbanas para garantir as boas condicións dos servizos públicos e mellorar a calidade de vida e o benestar da veciñanza da contorna. O edil Alexandre Penas explicou os detalles, “mellorárase o firme da praza e a súa ilumina-

ción, o que converterá este lugar nun espazo máis aberto e amábel coas persoas” subliñou o concelleiro “e comunicará a praza co ascensor recentemente inaugurado”.

O proceso conta cun orzamento municipal de 86.020 €, nun prazo de execución de 3 meses. Para a área de Infraestruturas Urbanas, os barrios teñen que ter as atencións necesarias. Alexandre Penas indicou que “podemos facer moitas actuacións sen grandes gastos que melloren a calidade de vida das persoas”. Coa renovación do alumeadado público avanza na implantación de luminarias LED, que contan con consumos inferiores ás luminarias instaladas actualmente, e terán unha tonalidade máis agradable que a actual.

Lugo Monumental reclama sinalización do patrimonio cultural nas autovías

Lugo Monumental rexistrou dous escritos dirixidos ao delegado Territorial da Xunta e á alcaldesa no que solicita novamente que se preste atención á sinalización do patrimonio cultural. “Cando se fai o percorrido desde Madrid a Galicia pódense observar sinais turísticos que informan aos condutores de que existe un acueduto romano en Segovia a escasos quilómetros da autovía A6. Este sinal, cos logotipos da Junta de Castilla y León e Iberpistas, sinaliza ese destino e permite ao condutor realizar unha parada turística que doutra maneira quizais non faría. Son paradas equiparables ao consumo de “compra por impulso” que pode ser unha das claves para aumentar o número de visitantes á cidade. Con todo, nada sinaliza que Lugo conta con tres bens Patrimonio da Humanidade. Os nosos principais atractivos non están sinalizados da forma que se merecen e desde a asociación Lugo Monumental expúxose este tema en varias ocasións”, din.

Lugo Monumental propuxo esta sinalización xa en 2014, insistindo en anos posteriores sen que ata o momento atendeuse a petición, algo dificilmente explicable xa que se trata dunha publicidade sinxela, efectiva e barata, que é incomprendible que non estea executada.

Unha plataforma de baño pública situarase no parque do Miño

O Concello de Lugo aprobou o inicio do procedemento para instalar unha Plataforma de Baño Pública no Parque do Miño.

O emprazamento no que se ubicará a nova dotación foi o lugar elixido para a comparecencia, en pleno cinturón verde da capital, á altura da Tolda de Castela. “Unha localización, segundo explicou, que se considerou idónea, logo das conclusións do estudo de alternativas elaborado e da batimetría realizada”.

Lara Méndez avanzou que “o que se pretende é a colocación dunha estrutura flotante, de 64 metros de lonxitude, mediante un sistema modular, que terá carácter temporal xa que estará operativa tres meses ao ano, e que se destinará a zona de baño tanto para adultos como tamén para crianzas”, ao tempo que debullou algunhas das súas características técnicas. “A instalación, inspirada no deseño da exitosa enseada de La Villete de

París, estará composta por varias seccións. Por unha banda, unha estrutura superior, que servirá como zona de estancia, repouso e para acceso ás piscinas. Estará construída mediante cubos flotantes debidamente ensamblados e aparafusados, o que lle conferirá unha gran flotabilidade e nulo risco para as persoas usuarias. E, pola outra, contéplase a creación de catro piscinas de distintas características, con superficies útiles de 1’20 m., 0’80 m., e dúas de 0’40 m., cumprindo así coas expectativas en canto a público infantil, xa que cada unha delas estará delimitada para un rango de idade determinado”, afirmou.

As piscinas disporán de fondo, conformado igualmente por cubos flotantes ensamblados e unidos á estrutura superior mediante un sistema de cordas de amarre así como rede de nailon marítimo específica para os laterais das mesmas, permitindo, deste xeito, unha recirculación constante

no fluxo de auga e impedindo, ao mesmo tempo, as entradas e saídas polos laterais onde, por outra parte, se adecuarán dúas zonas para que os adultos poidan acceder ao río, xa sen piscina, de maneira segura.

A alcaldesa aclarou tamén que, “ao tratarse de elementos modulares isto facilitará a súa montaxe e desmontaxe, que se realizará basicamente de maneira manual, sen emprego de maquinaria pesada, co obxectivo de ocasionar a mínima afección á contorna fluvial e non alterar nin estragar en absoluto a marxe do río, sen danar a fauna e flora existentes mentres que se manteñen as debidas condicións de seguridade”.

“A estrutura e as zonas de baño disporán, alén, de escaleiras metálicas de acceso desde a auga, para que os e as bañistas poidan saír tanto das piscinas como da zona libre sen problema algún. Igualmente, o conxunto da plataforma foi dotado dun sistema de se-



guridade consistente nunha varanda que impedirá un mal uso pero tamén protexerá ás e aos usuarios”, adiantou Miguel Fernández. Será un balaústre metálico que estará unido por tres liñas de sogas ou cabo náuticos e que se instalará na parte posterior e na parte frontal da estrutura para impedir a entrada ao río pola zona non prevista, deixando os laterais para baño libre. “O conxunto flotante irá amarrado mediante cadeas metálicas a mortos náuticos, confeccionados en formigón, de maneira que impida movementos en función de ondas ou imprevistos. Así mesmo, na súa cabeceira ou acceso a terra amarrarase mediante cadeas metálicas. Deste

xeito a estrutura terá nula capacidade de movemento, sendo moi sinxelo adecuala a posibles subidas ou baixadas de caudal e por tanto de nivel”, abondou o tamén portavoz do Goberno local ao tempo que engadiu que o acceso a terra se realizará mediante unha pasarela, “construída no mesmo material de cubos e que irá ensamblada conformando un todo homoxéneo. A zona de terra acondicionarase con laxas xa existentes nesa zona, de maneira que o impacto visual será nulo”, engadiu Fernández. A actuación, que estará cofinanciada pola Deputación, terá un custo de 379.149 euros e un prazo de execución de 12 semanas.

Localmente Lucense dinamiza os barrios a través dos negocios locais

Comezou a nova campaña de dinamización da cidade que pon en marcha o Concello de Lugo baixo o título Localmente Lucense.

Esta campaña nace para impulsar a economía dos barrios de Lugo mediante o fortalecemento e o incentivo da compra nos comercios e na hostalaría de proximidade.

A rexedora avanzou que “o obxectivo é crear o movemento cidadá Son Localmente Lucense que abandere un sentimento de orgullo e defensa do noso, da vida dos nosos barrios, porque temos que defendela entre todos sendo conscientes de que a recuperación da economía comeza na porta das nosas casas”. Con este obxectivo, a campaña que durará todo o ano 2022, combinará unha ampla oferta de lecer e entretemento por barrios con formación específica e asesoramento dirixido a locais comerciais e de hostalaría para que resulten máis atractivos.

Esta campaña que conta cun orzamento de case un millón de euros, enmárcase na Estratexia global de dinamización, reconstrución e reactivación da economía de Lugo que puxo en marcha Lara Méndez para paliar as consecuencias da crise provocada pola covid-19.

A campaña divídese en dúas grandes programacións, a primeira é un plan de dinamización que se desenvolverá por cinco zonas da cidade e conta cunha achega de 653.400 euro e, a segunda un plan de fomento do



empredemento e consolidación empresarial que conta con 326.700 euros.

Para unha maior cobertura créanse cinco agrupacións de barrios como zonas de actuación. Cada área conta cunha imaxe icónica que a representa e que se corresponde con algún elemento arquitectónico moi recoñecible.

A Zona 1 (centro) está formada polos barrios do casco histórico e A Tinería. Esta área, a máis antiga da cidade e rodeada pola muralla romana, aspira a converterse no cuarto patrimonio da humanidade da cidade. A súa icona é unha porta da Muralla.

A Zona 2 (Norte) composta polos barrios de Albeiros, Garabolos, A Milagrosa, Avenida da Coruña e Barrio Feijoo. Estes barrios forman a zona máis multicultural de Lugo, exemplo de convivencia. A súa icona é a Igrexa da Milagrosa.

A Zona 3 (Este). Esta área, que conxuga tradición e modernidade, está formada polos barrios da Cheda, A Ponte, Anxo Carro, A Piringalla, A Residencias, Casás, Louzaneta e O Castiñeiro. A súa icona é a Ponte de orixe romana sobre o río Miño

A Zona 4 (Sur) formada polos barrios de Acea de Olga, Augas Férreas, Fingo, Montirón, Paxariños, Ramón Ferreiro, Recatelo, San Fiz e San Roque, nesta área teñen as súas casas estudantes universitarios, familias novas que mercaron aquí a primeira residencia e veciños de toda a vida. A súa icona son os pináculos do Parque de Rosalía

A Zona 5 (Oeste). Finalmente, os barrios da Chanca, Paradai, Castelo, A estación, As Gándaras, Fontiñas, Gallegos e Sagrado Corazón conforman un importante núcleo comercial, empresarial e de comunicacións. A súa icona é o Viaduto da Chanca.

O Concello sufragará as obras na Capela do Carme



Vista do exterior da capela do Carme

O Concello sufragará parte do arranxo da Capela do Carmen, atendendo así a petición realizada pola Confraría Virxe do Carme.

A alcaldesa asinou un convenio, a través do cal se formaliza a concesión dunha subvención municipal de 70.000 euros que se destinará ao arranxo dos danos que presenta a construción.

“Entre outras actuacións, urxe a reparación integral do tellado xa que o deterioro que presenta compromete a conservación dos bens dos séculos XVIII e XIX que atesoura no seu interior, así como a mellora do illamento exterior e a eliminación de humidades que lle afectan”, sinalou a rexedora.

Lara Méndez destacou a importancia que esta obra terá para o templo, “cun significativo valor patrimonial e identitario moi vinculado á historia de Lugo e á do Carme, polo que a acción tamén se enmarca no impulso decidido que, dende a Administración local,

lle estamos a dar á recuperación do barrio”, apuntou a alcaldesa en alusión á Estratexia Dusi Muramiñae a través da cal, o Executivo está a desenvolver accións como o acondicionamento do Camiño Primitivo e a Vía Romana XIX ou a realización das catas arqueolóxicas ao lado da Porta Miña coas que se pretende incrementar a conectividade da trama urbana coa contorna fluvial dunha forma sostible e respectuosa.

A alcaldesa indicou alén que a Diocese comprométese pola súa parte a ceder ao Concello os terreos ubicados na traseira da Igrexa, “o que nos permitirá proxectar neles accións que redunden na habitabilidade e humanización da zona e na prestación de servizos de utilidade para a veciñanza nunha localización tan emblemática coma esta na que conflúen os tres patrimonios da Humanidade cos que contamos en Lugo: a Muralla Romana, a Catedral e o Camiño Primitivo”.

A Escola de Piraguismo sufrirá unha reforma

A Deputación prepara a reforma da Escola de Piraguismo, un centro de formación e adestramento a disposición dos clubs e deportistas desta modalidade situado a carón do río Miño, na avenida Marqués de Ombreiro, xunto a área recreativa de "Los Robles". Os vestiarios ampliaranse aproveitando outros espazos en desuso na planta baixa do edificio e renovaranse por completo, habilitándose unha zona de vestiario e outra de duchas abertas, así como aseos e duchas adaptadas. Ademais, renovarase o sistema de auga quente cunha nova instalación de enerxía solar termica e a

renovación da fontanería e cara a lograr que a temperatura, caudal e presión do subministro sexa o adecuado. Tamén se instalarán emisores eléctricos para calefacción. No exterior, a actuación centrarase na ampliación da beirarrúa que bordea o edificio, que pasará de para facilitar o tránsito por ela e na creación dunha rampa de acceso á porta principal. A zona dedicada a hangares, onde se gardan e reparan as piraguas, tamén se reformará eliminando a división existente e creando un espazo único, comunicado directamente coa zona de embarcaderoiro.

Adxudicada a peonalización da rúa Rafael de Vega

O tenente de alcalde e concelleiro de mobilidade e infraestruturas, Rubén Arroxo, anunciou que o Goberno de Lugo aprobou a contratación da peonalización da rúa Rafael de Vega. O proxecto da nova zona peonil foi elaborada pola área de Mobilidade e Infraestruturas "mantendo xuntanzas coas veciñas e veciños da zona, contando co seu apoio e tendo en conta as súas necesidades para transformar esta rúa e gañar unha nova zona para o disfrute de toda a veciñanza", explicou Rubén Arroxo.

O Goberno de Lugo adxudicou os traballos a Construcciones Sanle Lugo, que presentou unha oferta por valor de 221.427€ e un prazo de execución de 6 meses. "Trátase dunha zona con moita poboación pero que non conta con zonas verdes nin peonías amplas", explicou Rubén Arroxo, que engadiu "con esta humanización conseguiremos un espazo de lecer necesario para a veciñanza ao mesmo tempo que se continuará a traballar na redución de tráfico rodado en toda a cidade".



A alcaldesa, visitando o banco no que se fixeron as obras

O banco de 14 metros do barrio de Paradai loce renovado

O Concello de Lugo investiu máis de 6.000 euros no arranxo do gran banco de Paradai, de 14 metros de lonxitude, acondicionando, con esta actuación, un dos espazos máis utilizados pola poboación residente neste barrio.

A adecuación do banco, que presentaba un estado de degradación importante debido ao seu uso e ao paso do tempo, consistiu na repo-

sición dos taboleiros de respaldo, tratados cun sistema contra a humidade, e as pletinas, así como na limpeza do mesmo.

Méndez avanzou a creación da nova zona de descanso na confluencia de Río Sil, Hórreo e Ferro Caaveiro, incluída na estratexia de humanización de barrios para incrementar a súa comodidade e habitabilidade, comezará en breve.

Xardíns de choiva e un carril bici completarán o Impulso Verde

O Executivo de Lara Méndez transformará a parcela que ocupa o Impulso Verde para acondionala baixo criterios de sostibilidade, acordes aos usos administrativo e expositivo que terá o edificio, en prol da concienciación medio ambiental, pero tamén como futura sede coworking, dando resposta, así, ás súas propias necesidades e en consonancia coa idiosincrasia da construción: a primeira de titularidade pública feita con madeira local e que combinará solucións urbanísticas e edificatorias para reducir a contaminación e combater o cambio climático.

A Xunta de Goberno autorizou a adxudicación dos traballos á empresa Ovisa, por importe de 168.190 euros, que disporá de 4 meses para executalos e lembrou que a urbanización contempla a creación de zonas verdes e outras peonís e de estacionamento, así como un carril bici xunto á humanización da contorna na que se instalará mobiliario urbano e iluminación e sinalización LED. As zonas verdes ocuparán, aproximadamente a metade da extensión dispoñible "combinando especies vexetais tapizantes e aromáticas,



A zona do proxecto

xardíns de choiva e cultivos enerxéticos coa idea de dar continuidade ao novo bosque urbano ubicado nas Gándaras. Tamén se plantarán árbores autóctonas que creen zonas de sombras". A selección destas especies vexetais foi realizada, de maneira conxunta, con expertos da Universidade de Santiago de Compostela, a fin de fomentar a biodiversidade.

"Por outra banda se habilitará, con pavimentos drenantes, unha zona peonil e outra de estacionamento de vehículos con capacidade para 7 prazas, das que dúas estarán reservadas a persoas con mobilidade reducida

e outras dúas para modelos eléctricos". Habrá, igualmente, unha zona de bicicletas, composta por un carril de pavimento cerámico permeable, que contará con aparcamento específico.

Entre o carril bici e a beirarrúa existente onde se proxecta un dos xardíns de choiva que recolle a auga da propia superficie pavimentada.

"De xeito que non só se lle dará continuidade á rede peonil pública xa existente, que se engazará coa nova, senón que tamén se crearán elementos que faciliten a flexibilidade e a orientación", abundou.

A alcaldesa pide axilidade na posta a disposición das parcelas das Gándaras

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, asistiu aos actos de recepción por parte do Concello das obras de urbanización da II fase do parque empresarial das Gándaras, "ubicadas nun enclave privilexiado, pola proximidade tanto co Polígono do Ceao coma da autovía A-6 e que supoñen unha oportunidade nun momento, ademais, no que desde o Concello de Lugo estamos a desenvolver o maior investimento da historia da cidade con recursos propios para dinamizar a economía e diversificar os sectores produtivos co fin de que a cidade salga reforzada da experiencia da pandemia".

A rexedora, que estivo acompañada dos tenentes de alcaldesa, Miguel Fernández e a Paula Alvarelos, instou á Xunta de Galicia axilidade na posta a disposición das parcelas para que "Lugo non perda oportunidades económicas nun momento no que desde o Concello estamos a traballar na captación de investimentos co fin de que se asenten empresas na cidade e se poidan crear postos de traballo".

Neste senso, lembrou que "estamos a traballar en diferentes plans co tecido económico e empresarial da nosa cidade, tanto a través da Estra-

tegia Lugo Transforma, mobilizando 12 millóns de euros na constitución dun fondo público emprendedor para atraer empresas que xeren un alto impacto social, innovador e medioambiental, como a través de outras iniciativas como a Mesa de Diversificación Industrial ou o Plan de Dinamización de Barrios".

Lara Méndez agradeceu a liña de colaboración existente co departamento autonómico de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, que lidera Angeles Vázquez, que anunciou onte que o Instituto Galego dá Vivenda e Solo prevé adxudicar en breve a III fase do Polígono, que permitirá crear unha bolsa de chan de case 36.000 m² e 27 parcelas, unha praza de máis de 3.000 m² e case 140 prazas de aparcadoiro.

XUNTA. Pola súa banda, a Xunta anunciou que convocará no primeiro trimestre deste ano o concurso de venda de solo no parque empresarial das Gándaras, co que se disporán 88.000 m² para a instalación de empresas.

Detallou que na actualidade neste parque hai dispoñibles 14 parcelas nos ámbitos xa urbanizados, que representan unha superficie de

case 52.000 m², ás que se suman as 27 que resultarán tras a execución das obras de urbanización da 3ª fase. Nese sentido, avanzou que o Instituto Galego da Vivenda e Solo prevé adxudicar en breve esta actuación, que permitirá crear unha bolsa de solo de case 36.000 m², unha praza de máis de 3.000 m² e case 140 prazas de aparcamento.

CEAO. Por outra banda, o Goberno de Lugo levará adiante a renovación do treito final da rúa da Industria, no polígono do Ceao.

"Con esta actuación melloraremos tanto a estrada, que se atopa nun avanzado estado de desgaste, creando novas prazas de estacionamento e zonas que permitan mellorar a maniobrabilidade dos camiños", explicou Alexandre Penas, que engadiu "renovarase tamén a beirarrúa e as canalizacións actuais, eliminando o fibrocemento".

Os traballos realizaranse tamén na rede de alcantarillado, coa colocación de novos sumidoiros, e renovarase ao mesmo tempo a sinalización horizontal e vertical.

A adxudicación desta obra foir para Ovisa Pavimentos y Obras, cun orzamento de 317.000 euros.

Rematadas varias obras da seguridade vial



O tenente alcalde, Rubén Arroso, xunto co edil de Infraestruturas, Alexandre Penas, visitaron o barrio da Ponte, onde se realizaron actuacións enmarcadas no plan de calmado do tráfico da cidade posto en marcha pola área de Mobilidade. “trátase de mellorar a seguridade vial na zona, esta actuación engáde-se a outras moitas que xa realizamos neste barrio da cidade”, explicou Rubén Arroso. Segundo Alexandre Penas, “estamos a transformar a mobilidade en Lugo, planificando unha cidade cun tráfico calmado e menos vehículos a motor nas rúas na que as persoas sexan o centro”.

RÍO SIL. Tamén se xecutaron traballos de renovación da parte inferior, na unión coa avenida Infanta Elena. Arroso explicou que “nos últimos meses reordenamos o tráfico nesta rúa, poñendo fin a un dos puntos negros máis importantes de Lugo e agora continuamos a mellorar esta zona para dar unha solución definitiva que mellore tamén a estética da zona”.

Os traballos consistiron na mellora estética da zona afectada. “Ampliando a beirarrúa, creando un novo

espazo para o desfrute de toda a veciñanza no treito que se pechou á circulación de vehículos”, declarou Arroso.

ÁS GÁNDARAS. No polígono tamén se fixeron obras destinadas a aumentar a seguridade viaria e a maniobrabilidade na zona. A avenida que conecta a nova fase será unha obra necesaria para a nova instalación de empresas e a creación de emprego grazas á instalación de novas empresas. Arroso lembrou que “procuramos aumentar a seguridade e a fluidez do tráfico con respecto ao modelo anterior aproveitando o espazo para vehículos en polígonos industriais”.

Os traballos consistiron en aproveitar mediana para novos carrís de circulación, pasando dos 11 metros a 5. Con isto permitiuse habilitar os novos carrís de circulación de 3 metros de ancho. Rubén Arroso explicou que “isto permitirá, unha vez o novo carril entre en funcionamento, mellor a fluidez do tráfico e máis maniobrabilidade dos vehículos industriais, o que en conxunto producirá un aumento da seguridade vial na contorna”.

O proxecto da glorieta da N-VI con Alfonso X, publicado no BOE

O BOE recolleu o anuncio de licitación para construír unha nova Glorieta na confluencia da N VI coa rúa Alfonso X O Sabio.

A rexedora agradeceu ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana o cumprimento do convenio, asinado o pasado mes de xuño, para sacar a contratación a obra antes de que rematara o ano co fin de “dotar ao municipio dunha infraestrutura acorde ás necesidades dos e das lucenses que permitirá mellorar a situación do tráfico nunha das principais arterias de comunicación da capital”, engadiu.

A intervención, que disporá dun orzamento de 409.944 euros, ten, como características técnicas máis destacadas que a glorieta, para



a que se adecuarán 2.929 m³ de chan, terá un diámetro de 50 metros. Os carrís que a integran disporán dunha anchura de 4 m, mentres que a dos viais de acceso será de 3'5 m. Para acometer os traballos será preciso escavar, en total, 5.896 m³ de terra e empregaranse outros tantos de saburra artificial, así como 469 m³ de terra vexetal e 660 m³ de semente de pradeira.



Infografía sobre como quedará a obra

Comeza a peonalización da Calzada da Ponte

O proxecto de peonalización da Calzada da Ponte Romana adxudicouse en Xunta de Goberno Local. Será a empresa Ovisa Pavimentos y Obras quen execute a obra por un importe de 1.371.748 euros e un prazo de execución de 12 meses.

Segundo a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, esta ambiciosa actuación de rexeneración e recuperación dos traxectos e espazos que van desde a Ponte Romana ata a rúa Santiago a través dun proxecto de peonalización e humanización “dunha das zonas máis fermosas da cidade e de maior riqueza histórica, nos permitirá avanzar no noso obxectivo de que Lugo deixe de vivir de costas ao bastión dun envexable patrimonio natural como é o Miño”, sinalou.

O ámbito de intervención abarca a explanada diante da Ponte Romana, a rúa Calzada da Ponte, o acceso desde o enlace da Volta da Viña coa N-VI e os ramais de San Lázaro e de acceso á N-VI, aínda que non se actuará no viario que se achega ata as termas porque Patrimonio non o autorizou. Actuarase nun total de 640 metros de lonxitude, que

coinciden, en gran parte, co Camiño Primitivo e a Vía Romana XIX.

Este proxecto conlevará, entre outras accións, a peonalización e humanización de todo o percorrido, creación de zonas axardinadas e instalación de mobiliario urbano respectuoso coa contorna patrimonial protexida. Tamén se soterrarán os servizos que estean aéreos: iluminación pública, telefonía e baixa tensión; actuarase na rede de saneamento existente, que se atopa en mal estado e presenta diversas fugas e roturas; mellorarase a iluminación, e demoleranse os pavimentos do ámbito de actuación, que serán substituídos por outros máis adecuados para o tráfico peonil e máis respectuosos co ámbito de protección patrimonial.

Ademais, mellorarase os dous 2 pasos inferiores (en Ronda do Carme e na N-VI) que se rexenerarán visualmente para darlle un aspecto máis respectuoso ao ser Camiño Primitivo, ademais de proceder a dotalos de maior luz, seguindo criterios de eficiencia enerxética e de xénero.

Unha Ordenanza procurará a harmonización das terrazas

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, anunciou a creación dunha nova Ordenanza Municipal (de carácter non fiscal) que regulará a homoxeneización das terrazas de hostalaría. “Un documento no que quedará recollido o marco normativo polo que pasará a rexerse a colocación deste tipo de instalacións tanto no que ten que ver coas zonas autorizadas para ese fin”, explicou a rexedora.

O texto comezará a redactarse inmediatamente “co obxectivo de que entre en vigor canto antes e durante o 2022 xa sexa posible apreciar o impacto positivo que esta unificación de criterios terá sobre a imaxe da capital, diminuíndo

alén os condicionantes que este permiso provisional supuxo para a mobilidade urbana”, engadiu.

A rexedora trasladou a iniciativa aos representantes da Asociación Provincial de Empresarios de Hostalaría e Turismo cos que mantivo un encontro. Méndez lles avanzou tamén que durante o vindeiro exercicio o Concello de Lugo lles mantendrá a exención da taxa por ocupación de vía pública, para o que será preciso incorporar a correspondente modificación na Ordenanza fiscal. “Trátase de apostar pola viabilidade destes establecementos, pequenas e medianas empresas que xeran emprego na cidade, das que dependen moitas familias”, sinalou.

A Asociación da Milagrosa solicita o cambio do alumeadado

A Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais Distrito da Milagrosa de Lugo denuncia a situación de “discriminación na que nos atopamos no que respecta á remodelación do alumeadado público”.

Durante os últimos meses realizáronse melloras na Escalinata da Estación, nas rúas da contorna da Avenida das Américas e, aprobáronse novos proxectos para a mellora na Rolda das Mercedes e na Rolda Xosé Castiñeira así como nas rúas Monte Faro e Illas Canarias.

Dende a Asociación séntense “discriminados neste sentido” xa que o alumeadado público do barrio da Milagrosa data de 40-50 anos atrás, polo que na actualidade se encontra obsoleto e conta con pouca potencia luminosa supoñendo un elevado custo e contaminación.

O colectivo solicita a renovación integral “con luminarias de maior potencia, menor custe e consumo e maior respecto cara o Medio Ambiente xa que suporía unha mellora na seguridade e vida diaria de miles de veciños”.

O cemiterio de Lugo é un referente a nivel internacional

O Tenente Alcalde, Rubén Arroso e a concelleira de Participación e Servizos para a Veciñanza, Cristina López, visitaron o Cemiterio Municipal xunto co Secretario Permanente da Rede Iberoamericana de Valoración e Xestión de Cemiterios Patrimoniais, o colombiano Diego Andrés Bernal Botero. O Tenente Alcalde destacou “o traballo realizado nestes anos para consolidar o Cemiterio de Lugo como un referente a nivel internacional no eido dos cemiterios patrimoniais”.

Arroso destacou as accións realizadas nestes meses, “consolidouse unha programación cultural durante todo o ano, con actividades de calidade e que contan cunha gran aceptación por parte da veciñanza”, e engadiu “neste mandato executamos tamén a primeira ampliación do Cemiterio Municipal desde o ano 2006, unha acción moi necesaria e moi reclamada pola veciñanza”.

Rubén Arroso afirmou que “de cara ao 2022 continuaremos a traballar no Cemiterio Municipal desde a área de Participación”, e destacou que os orzamentos xa aprobados para o vindeiro ano inclúen partidas para a creación dun espazo expositivo que contará cunha exposición permanente da historia do Cemiterio e do antigo cemiterio de Magoi”.

A área de Participación reserva en total 190.000€ para continuar a mellorar o Cemiterio de Lugo.

DEPUTACIÓN

Aprobado o Plan Único 2022

O último Pleno do ano deu para adiante á proposta do equipo de Goberno, que contempla un investimento de 21,5 millóns

O Goberno da Deputación de Lugo sacou adiante no Pleno ordinario de final de ano as bases do Plan Único do ano 2022, que está dotado con 21,5M€ e que simplifica aos concellos a xestión dos fondos ao eliminar trámites administrativos intermedios. A proposta foi aprobada cos votos a favor dos grupos do PSdeG e do BNG, e coa abstención do Partido Popular.

O presidente, José Tomé Roca, subliñou a importancia de dar este paso no ano anterior ao período de vixencia do plan porque así as entidades locais “poden planificar as accións municipais con maior antelación e traballar con máis previsión e tempo, co que aproveitan mellor os recursos económicos”.

José Tomé destacou así mesmo que dende o inicio do mandato “incrementamos a dotación económica do Plan Único de 21 a 21,5M€”, a ferramenta “máis importante que ten a Deputación para a colaboración cos concellos” e, ademais, “cada ano melloramos as condicións para que sexa máis útil”, subliñou o presidente, destacando neste sentido que no 2022, como novidade, os concellos só deberán enviar a documentación que acredite e xustifique debidamente as actuacións realizadas, eliminando trámites intermedios.

Pola súa banda, a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, incidiu en que este programa “forma parte do noso compromiso de máxima cooperación cos concellos. Cada ano tratamos de incorporar melloras no Plan Único, sempre pensadas para facilitarlles a planificación e a xestión dos investimentos e para



O presidente da Deputación, entrando no salón de plenos

que estes fondos sirvan da mellor maneira posible para atender as necesidades dos seus veciños e veciñas”.

Neste sentido, García Porto afirmou que a simplificación dos trámites administrativos, coa supresión de prazos intermedios, que se aplicará no 2022, “algo moi importante sobre todo para os concellos máis pequenos, que teñen menos recursos humanos e técnicos”, súmase a outras melloras implantadas nos últimos anos, “como o incremento do Plan Único ata acadar os 21,5M€, que mantemos este ano, a apertura dunha liña para que os concellos poidan ofrecer apoio á hostalería, ao turismo e ao comercio, dos sectores máis afectados pola pandemia, ou a posibilidade de imputar gastos con cargo a estes fondos dende principios de ano”.

O Goberno da Deputación prevé que

a principios de xaneiro xa se poida abrir o prazo para que os concellos presenten os proxectos que queren desenvolver cos fondos do Plan Único, ao aprobarse as bases.

CRITERIOS OBXECTIVOS. No Plan Único do 2022, a Deputación mantén a distribución con criterios públicos e obxectivos dos fondos públicos entre os 67 concellos da provincia, “algo que botamos en falta doutras administracións e que redonda na cohesión social e no equilibrio territorial, e, polo tanto, no beneficio da provincia”, asegurou a deputada. A poboación, a superficie, a dispersión territorial e a taxa de envellecemento, segundo os datos oficiais do Instituto Nacional de Estatística, son os criterios de reparto que se aplican. Ademais, fíxase unha contía máxima de 500.000 e mínima de 200.000€, coa que se blinda o financiamento

do concellos máis pequenos.

UN PLAN ÚNICO DA XUNTA. No Pleno deste martes saíu adiante tamén, cos votos a favor do PSdeG e o BNG e en contra do PP, unha proposta do Goberno para reclamar á Xunta de Galicia a elaboración dun Plan Único para concellos e deputacións. A voceira socialista destacou que esta proposta vén a recoller a petición que “o presidente da Deputación formulou en novembro no Parlamento de Galicia e recolle as reclamacións formuladas pola FEGAMP e a FEMP pedindo un financiamento suficiente baseado en criterios obxectivos”.

O Goberno da Deputación, dende o inicio do mandato, inxectou 64M€ nos concellos da provincia, un investimento co que acometeron en total unhas 1.000 obras e subministracións e contrataron a máis de 900

persoas, lembrou a deputada, asegurando que, pola súa banda, “con datos de 2015, un da cada cinco concellos galegos dedicou máis do 20% do seu orzamento a facer fronte a gastos impropios. Ese ano, os municipios galegos gastaron nese sentido uns 242M€. Pola contra, o Fondo de Cooperación Municipal da Xunta era duns 113M€”.

“O desprezo da Xunta ós concellos púxose de manifesto con toda a crueza na pandemia. 1.800 millóns de fondos extra percibidos do Estado e da UE. Nin un euro transferido ós concellos, aos que, ademais, se lles pediu que asumiran o custo das desinfeccións ou mesmo que estableceran controis perimetrais de co-rentena”, apuntou García Porto.

Por iso, a proposta do Goberno, o Pleno aprobou instar á Xunta de Galicia a aprobar un Plan Único para concellos e deputacións elaborado de acordo con criterios obxectivos similares aos empregados na institución provincial lucense; garantir que o devandito Plan Único iguale, polo menos, a porcentaxe orzamentaria que a Deputación de Lugo dedica á cooperación cos concellos, que supón un 20% do total, polo que, cos orzamentos da Xunta para 2022, de 11.627 M€, isto equivalería poñer á disposición da administración local galega 2.325M€; e presentar á maior brevidade un proxecto de lei de financiamento local acordado coa Fegamp, un proxecto que clarifique as competencias municipais, determine o seu financiamento e garanta un fluxo de fondos anuais repartidos de xeito obxectivo que permita a planificación das políticas municipais.

ABADIN	337.055,11 €
ALFOZ	274.196,80 €
ANTAS DE ULLA	274.301,59 €
BALEIRA	277.464,84 €
BARALLA	292.595,56 €
BARREIROS	276.404,18 €
BECERREA	303.947,87 €
BEGONTE	296.673,21 €
BOVEDA	246.877,91 €
BURELA	376.404,19 €
CARBALLEDO	316.550,68 €
CASTRO DE REI	395.470,03 €
CASTROVERDE	304.596,43 €
CERVANTES	329.824,00 €
CERVO	297.362,87 €
CORGO (O)	341.414,11 €
COSPEITO	363.065,05 €

CHANTADA	471.849,81 €
FOLGOSO DO COUREL	269.009,93 €
FONSAGRADA (A)	444.285,24 €
FOZ	429.621,41 €
FRIOL	412.703,31 €
GUITIRIZ	446.479,57 €
GUNTIN	318.059,51 €
INCIO (O)	289.486,97 €
LANCARA	298.607,89 €
LOURENZA	252.721,86 €
LUGO	500.000,00 €
MEIRA	224.743,86 €
MONDOÑEDO	309.135,66 €
MONFORTE DE LEMOS	500.000,00 €
MONTERROSO	307.724,16 €
MURAS	284.064,87 €
NAVIA DE SUARNA	306.506,68 €

NEGUEIRA DE MUÑIZ	194.267,77 €
NOGAIS (AS)	243.368,74 €
OUROL	305.960,67 €
OUTEIRO DE REI	359.001,21 €
PALAS DE REI	378.157,78 €
PANTON	330.103,55 €
PARADELA	291.020,42 €
PARAMO (O)	245.691,31 €
PASTORIZA (A)	327.219,01 €
PEDRAFITA DO CEBREIRO	254.013,46 €
POBRA DO BROLLON (A)	283.495,95 €
POL	268.331,14 €
PONTENOVA (A)	274.668,93 €
PORTOMARIN	263.989,47 €
QUIROGA	351.988,04 €
RABADE	195.887,76 €
RIBADEO	450.612,27 €

RIBAS DE SIL	231.114,70 €
RIBEIRA DE PIQUIN	231.652,20 €
RIOTORTO	238.089,60 €
SAMOS	282.251,29 €
SARRIA	500.000,00 €
SAVIÑAO (O)	383.959,75 €
SOBER	323.730,24 €
TABOADA	329.800,53 €
TRABADA	253.891,01 €
TRIACASTELA	204.414,27 €
VALADOURO (O)	288.261,69 €
VICEDO (O)	258.502,76 €
VILALBA	500.000,00 €
VIVEIRO	500.000,00 €
XERMADE	308.297,41 €
XOVE	279.051,89 €
TOTAL	21.500.000 €



Reunión da comisión de Igualdade

Artellan os mecanismos para aprobar o primeiro Plan de Igualdade

A Deputación de Lugo está artellando os mecanismos necesarios para elaborar, negociar e aprobar o primeiro Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes co que contará a institución provincial. A voceira socialista do Goberno Provincial e Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, anunciou que se trata dun instrumento de “modernización do sistema de xestión da Deputación que garanta unha estrutura interna e unhas relacións coa sociedade guiadas pola igualdade de xénero”.

O presidente, José Tomé Roca, convocou unha Xunta de Voceiros e Voceiras para manifestar a vontade por parte do Goberno de elaborar un Plan de Igualdade, unha propos-

ta que recibiu o apoio unánime dos grupos políticos representados na Corporación.

Tras esta xuntanza, constituíuse a comisión encargada de impulsar e coordinar os traballos para sacar adiante o Plan de Igualdade, que estará formada por 8 persoas, entre representantes da institución, persoal técnico da Deputación e representantes das organizacións sindicais.

A institución está, ao mesmo tempo, traballando nun estudo de diagnose da situación actual do organismo en materia de igualdade, que “servirá para detectar as medidas de mellora a incorporar no Plan, que, se non hai imprevistos, esperamos ter listo nos primeiros meses do vindeiro ano 2022”, apuntou a voceira socialista.

Garante o apoio á prestación dos GES

A Deputación de Lugo volveu a garantir na reunión da comisión de seguimento dos GES o seu apoio á prestación do servizo, así como a súa firme vontade de avanzar no deseño dun novo modelo de funcionamento. A voceira socialista, Pilar García Porto, subliña que non se trata de poñer en cuestión o servizo, senón de mellorar o sistema de prestación do mesmo.

A institución provincial aposta pola substitución do actual modelo por outro que avance na profesionalización dos GES e que modifique o actual marco laboral do persoal. Neste sentido, na reunión propúxolle á Xunta de Galicia prorrogar por un ano o convenio actual, en vigor ata finais deste 2021, e durante ese tempo buscar e consensuar, dende a lealdade institucional, un novo modelo que garanta un servizo profesionalizado e que evite a fraude na contratación por parte dos concellos por mor do incumprimento da lexislación laboral, tal e como xa acreditan reiteradas sentenzas xudiciais. Estes ditames demostran que non é posible manter un sistema que leva a perpetuar vicios e irregularidades que se coñecen de antemán.

Polo que respecta ao marco de financiamento, a Deputación de Lugo lembra que as administracións provinciais duplicaron as súas contribucións porcentuais no período 2019-2021, polo que re-



claman que o modelo non supoña novos incrementos. Nesos anos, a contribución provincial pasou de significar o 20% do orzamento dos GES ata chegar a un 40%, mentres a Xunta reducía a súa participación do 60 ó 52%.

A entidade reclama á Xunta que acabe cos intentos de imposición e que adopte unha actitude de diálogo porque todo convenio de colaboración leva implícito un acordo entre as partes. Tamén demanda que o Goberno autonómico teña en conta a opinión e a vontade dos concellos, e que non tome decisións unilaterais.

Neste sentido, destaca que a Xunta non explicou aínda por que o GES que estaba decidido crear en Baleira finalmente non se constituíu e, sen embargo, intenta impoñerllo á Fonsagrada, cando este Concello manifestou que non está en disposición de acollelo.

Fallados os premios do concurso das reservas da biosfera

A voceira socialista do Goberno provincial, Pilar García Porto, informou de que a Xunta de Goberno aprobou a resolución da comisión avaliadora da sétima edición do Concurso de Fotografía Sendeiros das Reservas da Biosfera Terras do Miño e os Ancares Lucenses.

Lina Iglesias Forneiro, pola súa obra Camiño Primitivo, recibirá o primeiro premio dotado con 800€; Germán Limeres López, coa súa fotografía Lagoa de Cospeito, será galardoado co segundo premio, que está dotado con 500€; e Manuel María Balbas Naveira, que inmortalizou Cores de inverno na senda dos muíños, acadará o terceiro premio, que conta cun importe de 300€. O fallo sairá publicado a semana que vén no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

“Coa temática desta edición pretendíamos poñer en valor, dar a coñecer e divulgar o patrimonio natural e cultural destas Reservas da Biosfera que xestiona a Deputación, e que son unha das ferramentas importantes para o desenvolvemento da provincia”, explicou García Porto. A temática incluía, tanto redes de rutas de sendeirismo e itinerarios, como o conxunto de vías e camiños tradicionais, co obxectivo de amosara riqueza natural, cultural e paisaxística das reservas Terras do Miño e Os Ancares Lucenses.

O ente provincial realizou máis de 60 accións para impulsar o turismo provincial

O Consello de Turismo celebrou a última reunión do ano na que se deu conta das accións realizadas pola área de Turismo ao longo deste 2021.

A Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, abriu a sesión recalando que as máis de 60 accións postas en marcha pola Deputación de Lugo no 2021 en materia de turismo tiñan o obxectivo prioritario de apoiar ao sector turístico “como un sector estratéxico para a nosa provincia”. Neste sentido García Porto expuxo que traballouse para “axudar na súa recuperación fronte ó impacto que as restricións pola pandemia tiveron na súa actividade, e facelo impulsando un modelo de turismo de calidade e sostible, non masificado, de experiencias, na natureza, que pon en valor o

patrimonio, un modelo no que levamos traballando dende hai moito tempo, pero que, precisamente, se viu revalidado coa chegada da pandemia”.

Entre as diferentes accións levadas a cabo polo servizo de Turismo da institución provincial destacan programas como Saborea a túa provincia e Coñece a túa provincia, centrados no turismo de proximidade; o programa de ocio Actívate; as rutas fluviais en catamarán pola Ribeira Sacra ou as diferentes actividades vinculadas á Ruta Transrománica. Iniciativas que se combinaron cos patrocinios de grandes eventos deportivos como La Vuelta Ciclista, a Gold River Race ou a participación do piloto monfortino Eduardo Iglesias no Dakar 2021; e audiovisuais como a película Live is Life do cineasta Dani de la Torre.

Licitan a rehabilitación da fachada do Pazo de San Marcos

A Xunta de Goberno acordou volver a sacar a contratación a través dun procedemento negociado sen publicidade, as obras de rehabilitación e mellora da fachada do Pazo de San Marcos, despois de que o proceso aberto de licitación xa convocado quedase deserto. As obras contan cun orzamento base de licitación de 120.000€ e cun prazo de execución de 3 meses.

A voceira socialista do Goberno lembrou que estas melloras consistirán na limpeza da fachada e da súa mampostería, o saneamento de fisuras e grietas, a eliminación de humidades e de filtracións de auga e o pintado das paredes. Tamén se colocarán na fachada unhas letras en aceiro pintado co texto Deputación Provincial de Lugo, que xa existían antes da remodelación da Praza de San Marcos.

García Porto destacou que “con



Pazo de San Marcos no seu estado actual

todas estas actuacións, ademais de garantir a conservación da sede provincial, tamén contribuiremos a darlle unha maior presenza a este edificio histórico, que é emblemático no conxunto do patrimonio monumental da cidade e da provincia de Lugo”.

Por outra banda, a Xunta de Goberno aprobou a adxudicación do contrato para a prestación de servizos de colaboración coa intervención provincial no exercicio de actuacións de control financeiro en materia de subvencións, dentro do Plan Anual de Control Financieiro.

AO NOSO CARÓN

outeiro de rei

Convocada unha nova edición do concurso escolar Rosalía sempre viva

A Casa-Museo Manuel María convocou unha nova edición do Concurso escolar de recitado poético Rosalía sempre viva; retomando, así unha actividade que tiña un altísimo éxito de participación entre o alumnado, despois de dous anos que non se puido celebrar pola situación socio-sanitaria.

Centrado no recitado de versos da obra en galego de Rosalía ou da ampla produción poética de Manuel María, o concurso es-

colar, dirixido a todo o alumnado de ensino non universitario, ten como obxectivo potenciar a expresión oral e a creatividade do alumnado a través do coñecemento e o recitado da poesía de dúas das voces máis importantes e populares da literatura. O 3 de febreiro é a data límite para que os centros educativos se inscriban no certame e a fase final celebrárase no auditorio da Casa-Museo Manuel María o sábado 19 de marzo de 2022.

O Pleno aproba o plan de emerxencia contra a seca

A corporación de Outeiro de Rei reuniuse a final de ano para a aprobación do plan de emerxencia ante situacións de seca, que regulará a xestión da auga da rede de abastecemento, captada nos ríos Miño e Ladra.

Este plan, promovido por un convenio entre a Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), contempla medidas como a baixada de presión na rede ou a regulación do consumo de auga mediante cortes. Contou co respaldo de grupo de Goberno, tres votos en contra e unha abstención.

Así mesmo, o pleno deu o visto

bo á concesión da bonificación do 50% no Ibi e a licenza de obra pola creación de emprego á empresa Destinos Galicia, para a construción de apartamentos turísticos no municipio. Esta medida contou coa negativa dos dous grupos da oposición.

Tamén foi aprobada cos votos a favor do PP e as 4 abstencións da oposición a conta xeral do exercicio 2020.

Por outra banda, o equipo de goberno rexeitou unha moción do BNG sobre a conservación da Casa do Maiordomo, que pasou a ser propiedade da Xunta ante a falta de herdeiros.



MESA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO. O Concello de Outeiro de Rei acolleu unha nova xuntanza da mesa local de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero. O obxectivo xeral é a promoción, no ámbito municipal, de políticas e actuacións para a erradicación da violencia de xénero e fíxose unha posta en común da situación actual da violencia de xénero no municipio a través do intercambio de datos existentes nos diferentes ámbitos de actuación. Así mesmo, deuse conta do programa de formación concedido a este Concello pola Secreataría Xeral de Igualdade destinado á activación e dinamización das MLC buscando saber o interese por parte das persoas integrantes da mesa de participar no mesmo.

Tegestacín inicia o proceso de ERE ao anunciar a fábrica o seu peche

A Confederación Intersindical Galega (CIG) informou que a empresa Tegestacín comunicou á representación legal do persoal o inicio de período de consultas para a extinción da totalidade das relacións laborais da factoría de Outeiro de Rei.

A noticia foi trasladada en asemblea ó persoal polo comité, "sendo o particular e macabro agasallo de Nadal da empresa ó seu persoal, por diante fican datas intensas nas cales haberá que avaliar o contido e xustificacións realizadas pola empresa", din dende a CIG.

Dende o comité e o persoal, amosouse a preocupación máxima diante desta situación pero tamén a incertidume polo futuro que a empresa terá para as instalacións.

O comité diante da inminente noticia ten solicitado diversas reunións coa administración galega na intención de que sexa parte interesada polo futuro das instalacións desta industria e na conservación dos pos-



tos de traballo.

Dende a CIG manifestamos "o noso total rexeite da actuación empresarial, quen ven orquestrando o seu particular desenlace nunha clara operación especulativa, sen solución de futuro para o persoal nen para as instalacións da empresa, dende a CIG entendemos que calquer futuro para as instalacións, necesariamente ten que ter cabida o seu persoal".

A empresa comunicou a mediados de mes a súa intención de pechar nun breve espazo de tempo a empresa e proceder á extinción da totalidade dos postos de traballo tras varios episodios de cortes de subministro eléctrico.

Segundo informou a CIG esta decisión suporá a perda do posto de traballo para 70 persoas, "o que terá un importante impacto na economía dos concellos limítrofes".

O BNG critica "que se pida un crédito para pagar as facturas do día a día"

O BNG de Outeiro vén de comunicar que "a situación económica nos últimos tempos fixérase insostible, pois os provedores do concello estábanse a negar a seguir a subministrando produtos ou servizos ao concello, dado que a débeda acumulada con eles non facía máis que aumentar, agrandándose o burato económico cada vez máis". "A imposibilidade de limpar as cunetas no seu debido tempo, o retraso de máis de 18 meses no pago de moitas facturas ou a negativa das tendas a seguir servindo o material para reparar o servizo de traída de auga, por exemplo, obrigou ao alcalde a ter que pedir outro crédito para poder pagar todas estas facturas atrasadas e que o concello puidera seguir funcionando".

"A obriga de solicitar este crédito indica a grave situación económica que vive o Concello, pois este é o terceiro préstamo que o alcalde se ve obrigado a solicitar nos últimos tempos para que o concello poida funcionar un pouco". Hai que lembrar que previamente solicitouse outro cos orzamentos deste ano para que dende o concello se pui-

dera facer algún investimento e anteriormente xa se solicitara outro á Xunta para poder levar a cabo a construción do Centro de Día.

BANCARROTA. Chama a atención que "mentres esta situación de bancarrota económica se asenta no Concello", segundo os nacionalistas, "o alcalde continúe coa súa política de despilfarro, pois acaba de dar dúas novas dedicacións exclusivas a dous concelleiros por valor de 60.000 €, segue repartindo gratificacións entre os seus fillos e vén de aprobar unha ampliación do negocio particular que ten montado sen ningún tipo de control no Circuito de Velocidade de Outeiro de Rei".

"E por se todo iso fora pouco, esta situación dáse cando se está a esquilmar os petos dos veciños e veciñas de Outeiro ata límites nunca vistos antes, pois o pago de taxas e do IBI multiplicouse este ano, así como se empezou a pagar por servizos polos que nunca se pagara antes, como é por exemplo a entrada ao Campo da Santa Isabel ou a retirada de árbores dos camiños", rematou dicindo Xosé Ferreiro.

Escollida a postal do concurso de Nadal

Iván Río Pernas, de 10 anos, foi o gañador este ano do concurso de postais do Nadal de Outeiro de Rei, polo que o seu traballo será usado polo Concello para felicitar as festas.

Iván foi o gañador na categoría de 4º a 6º de Primaria xunto a Natalia Feijóo e Cora Hernández. Os accesitos nesta categoría foron para Mateo Lamas e Lara García.

Por outra banda, Roque Vilela, Daniel Romero, Bela Hernández foron premiados na categoría de primeiro a terceiro de primaria, con accesitos para Daniel Corujo, Adriana Gómez, Iago Río e Mateo López.

Idoia Cuesta, premio Artesanía de Galicia

O Premio Artesanía de Galicia, dotado con 9.000 euros, recaeu no obradoiro Idoia Cuesta. Cestería Contemporánea pola súa peza Abisal, un cesto elaborado con tanza de pesca, un material plástico e translúcido empregado para a pesca artesanal, que conforma a peza central dunha colección de cestos máis ampla e baseada na zooloxía mariña. O xurado destacou que Abisal é unha "peza contemporánea cunha manufactura tradicional e unha manifestación contutende do oficio".

A DEPUTACIÓN REMATA A CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A MAIORES DE BECERREÁ



A Deputación remata a construción do Centro de Atención a Maiores de Becerreá

A Deputación de Lugo vén de rematar a construción do edificio que albergará o Centro de Atención a Maiores de Becerreá. A institución provincial comezará agora o proceso de contratación dun centro de transformación eléctrica para o inmoible e do equipamento necesario para o seu correcto funcionamento.

As obras consistiron na construción dun Centro de Día e unha residencia de maiores en Becerreá, utilizando un sistema combinado de produción de bomba de calor e caldeira de pellets. A Deputación de Lugo investiu preto de 3,5ME, e levouse a cabo nunha parcela de 1.200 metros cadrados.

O Centro de Día, dunha soa planta, sitúase na fronte oeste conectado de forma inmediata co entorno urbano para facilitar o acceso dos usuarios. Por esta fronte dende a rúa Ancares e na esquina oposta hai tamén un acceso independente ao Centro Residencial. O pequeno volume do Centro de Día contribúe á percepción gradual do conxunto edificado, reducindo a escala das plantas deseñadas no edificio do Centro Residencial ó afastarse, discretamente das vías de acceso do entorno urbano próximo.



Pequenos patios axardinados separan e unen a un tempo ambos centros con conexións puntuais, para compartir os servizos comúns, que esixía o programa. A cociña queda unida a través dos oficios sucios e limpos aos dous comedores. A zona de servizos xerais (salóns, TV, cafetería, etc...) pode tamén compartirse a través doutra pasaxe de cristal. Os patios axardinados son espazos tranquilos que, no caso do patio central serve de terraza exterior da cafetería do Centro residencial e conecta de forma visual os dous centros proxectados. O resto de patios iluminan a zonas de circulación e espazos de traballo.

O Centro Residencial posúe **6 plantas máis baixo cuberta**. A planta baixa acolle os servizos de cociña, comedor, salón, terrazas e zona de enfermaría. Na planta inferior -1, baixo o acceso, sitúase a Área Parasitaria e de Atención Técnica. Salas de rehabilitación e terapia ocupacional dan a unha ampla terraza exterior. Nesta planta sitúanse tamén os servizos xerais coma vestiarios, lavandería e almacéns xerais.

O soto -2 engloba tódalas salas técnicas de instalacións. As plantas P1, P2 e P3 corresponden á Área Residencial e de Atención Socio-Sanitaria: Nas plantas primeira, segunda e terceira sitúanse só habitacións dobres. Nas tres plantas, fronte ao corredor, proxéctase unha zona de control e descanso de enfermería con acceso inmediato a zona de habitacións.



Características, sistemas construtivos e acabados

En total, este centro contará con 22 habitacións individuais con baño, 28 dobres con baño individual e outras 8 habitacións dobres con baño asistido.

Tanto no Centro de Día como nas fachadas laterais do centro residencial empregáronse cerámicas con acabados pétreo que garante o illamento térmico. Un acabado que xunto coa madeira sintética tratada nas lamas de protección solar evocan a imaxe construída máis habitual da montaña lucense.

As carpinterías exteriores puxéronse ao ras cos pavimentos interior e exterior para evitar obstáculos e garantir a mobilidade, facilitando o tránsito dentro e fóra. O que será Centro de Día conta cunha cuberta con acabado en grava e listóns de diferentes cores, mentres que no edificio destinado a residencia optouse por un panel sándwich apoiado en correas metálicas que garante un bo illamento térmico na planta superior.

En definitiva, a Deputación de Lugo construíu un edificio compacto e sostible que conta coa certificación de máxima eficiencia enerxética.

A DEPUTACIÓN CONTINÚA A TRABALLAR PARA MELLORAR A CALIDADE DE VIDA DOS VECIÑOS E VECIÑAS DA PROVINCIA DE LUGO

Obra realizada por:

COPCISA

Un convenio coa Deputación permite a urbanización da área recreativa de Vilalvite

O alcalde de Friol, José Á. Santos e a deputada do BNG, delegada da Área de Medio Rural da Deputación Provincial, Mónica Freire, veñen de asinar un convenio por un importe de algo mais de 25.000 euros para a urbanización da área recreativa de Vilalvite.

O importe total previsto para estes traballos ascende a máis de 27.000 euros, distribuírse no 90% de aportación da área de Medio Rural da administración provincial e o 10% restante trátase dunha aportación municipal, está previsto que comencen as obras no primeiro trimestre do vindeiro ano 2022.

Con este convenio preténdese acondicionar e mellorar o espazo para o desfrute e a comodidade da veciñanza, de forma que teñan un lugar práctico e seguro para participar nas actividades.

Tamén se pretende potenciar o uso social e recreativo da zona de actuación aumentando a integración co entorno, para o cal se mellorará o pavimento, dotarase de mobili-

ario urbano, como tamén de instalación de ocio, así como a instalación dunha zona de xogos para a práctica da poboación infantil.

Segundo o alcalde, "trátase dunha colaboración histórica, dado que había máis de quince anos que non existía colaboración neste sentido entre ambas administracións. Santos agradece a implicación e a sensibilidade da Deputada provincial responsable da área de medio rural Mónica Freire, dado que desde que se lle propuxo a necesidade de levar a cabo estas obras, mostrou a súa plena dispoñibilidade para colaborar en que dito acondicionamento poida ser unha realidade". Santos agarda que o presidente da Deputación, "tome nota e vexa que si realmente e o presidente de todos os lucenses como di, debe abrirse a aportar desde os seus departamentos provinciais o apoio necesario e demandado polos Concellos, independentemente da cor política que está no goberno dos mesmos".

Oito empresas optan a executar as obras do saneamento en Roimil

Un total de 8 empresas veñen de presentar as súas ofertas para executar as obras de mellora do saneamento na parroquia de San Xiao de Roimil, no concello de Friol, cun investimento de 253.000 euros.

Esta actuación, cun prazo de execución de 6 meses, enmárcase no convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, e o Concello de Friol para estender a rede de saneamento e depuración de augas residuais aos lugares do Campo da Feira, O Pazo, Currás e A Penagateira.

Segundo ese acordo, a Xunta cofinanciará a actuación nun 80%, ademais da contratación e a construción da rede de colectores necesarios para evacuar as augas residuais ata o sistema de depuración previsto que estará formado por unha depuradora de oxidación total.

Pola súa banda, o Concello de Friol contribuirá ao financiamento



do 20% restante, ao tempo que asume a tramitación das autorizacións precisas para posibilitar a súa realización, así como a recepción, mantemento e conservación das actuacións que se leven a cabo. As actuacións serán financiadas pola Unión Europea, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta de la Unión á pandemia da covid-19.

A rede de saneamento proxectada

componse dunha condución principal, 2 colectores que verten ao principal e recollen sendas rúas do núcleo e 4 ramais secundarios. A rede complétase con 59 pozos de rexistro.

Para o funcionamento do sistema de depuración inclúense partidas para a acometida eléctrica, así como o sistema de medida e protección, e instalación interior para o seu correcto funcionamento.

Coa rede proxectada por Augas de Galicia veranse beneficiadas 20 vivendas, que reúnen unha poboación equivalente de 200 habitantes.

A Xunta mantén o seu apoio técnico e financeiro aos municipios para que estes poidan prestar de xeito eficaz os servizos de saneamento e abastecemento, que son de competencia local. Neste eido, os orzamentos do departamento que preside Ethel Vázquez para 2022 destinan 14,8 M€ para mellorar infraestruturas hidráulicas na provincia de Lugo.

Volven elaborar o calendario con imaxes da localidade

Un ano máis, o Concello friolés elaborou un calendario do próximo ano 2022 para repartir entre os veciños da localidade e no que se recollen imaxes do termo municipal.

Nesta ocasión está composto por imaxes de distintos lugares, paisaxes ou núcleos de poboación que hai no municipio de Friol.

O Concello fai todos os anos o envío do almanaque xunto coa felicitación do Concello aos veciños.



Rematan as obras da pista de tenis e a urbanización do Camiño Real

O Concello de Friol vén de rematar a obra de mellora da pista de tenis que se atopa no complexo fluvial do municipio. Esta executouse a través dun convenio coa Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte. O importe total das actuacións que se realizaron ao abeiro de este convenio ascende á cantidade de case 40.000€, da que a Secretaría Xeral para o Deporte achegou o 80% e o Concello de Friol a cantidade restante, o 20%, o que supuxo case 8.000€.

As actuacións que se realizaron na pista de tenis existente de 36 x 18 m, cunha área total de 648 m², foron retirar o equipamento e o cerramento do perímetro existente, renovación da superficie da pista e correspondente pintado do pavimento, colocación do novo feche e equipamento da pista con postes e rede.

Outro dos proxectos que se rematou foi a Execución do adquinado do Camiño Real no entorno do núcleo de Friol, que se levou a cabo gracias a unha subvención da Axencia Galega de Turismo. Dita subvención cu-



A pista de tenis na que se fixeron as obras

briu o 100% da actuación, que supuxo un investimento de case 30.000€. Esta actuación consistiu no acondicionamento do camiño existente para posterior afirmado, realización de drenaxes necesarios e formación de pavimento mediante colocación flexible de lastras de pedra natural en 258 m².

A pista de tenis levaba moito tempo nunhas condicións pésimas, o que dificultaba o seu uso polas persoas interesadas en practicar este deporte.

O tramo do Camiño Real que se arranxou, foi porque debido á

falta de drenaxe, tiña zonas que en épocas de chuvias se vían moi afectadas. E tamén porque é un tramo moi transitado para pasear, e deste xeito facilítase o paso polo mesmo.

O alcalde José A. Santos indica que "estas actuacións leváronse a cabo en beneficio dos veciños e veciñas como tamén dos visitantes que ase achegan cada ano a coñecer o noso municipio, unha vez máis agradezo a colaboración da Xunta de Galicia, que gracias a súas aportacións foi posible a execución de ambos proxectos".



AGASALLO DE NADAL. O equipo de Goberno de Friol obsequiou aos usuarios do Centro de Día en estas datas tan sinaladas.

Friol aproba un orzamento inicial duns 4.000.000 de euros

O Concello vén de aprobar un orzamento inicial para o vindeiro ano duns 4.000.000 de euros. O capítulo dedicado a inversións está dotado dun importe inicial duns 800.000 euros e representa máis do 20,00% da totalidade do orzamento e cun superávit inicial de 14.810,41 euros. A carga fiscal non aumenta en relación coas taxas de abastecemento de auga ou cemiterio municipal, sumidoiros, postos de feira ou uso das piscinas municipais. Tampouco é o prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar e do punto de atención á infancia. Nin se incrementan os tipos impositivos establecidos nas vixentes ordenanzas municipais para a recadación do IBI de urbano, rústico, de bens de características especiais e do imposto sobre vehículos de tracción mecánica. En relación co IBI de rústica, mantense a bonificación co máximo que permite a Lei, un 95%, da cota íntegra do imposto, nos casos dos bens co destino a actividade agraria, co fin de favorecer ao sector primario. Esta bonificación xa alcanza a 8.358 parcelas. Supón unha diminución nos ingresos municipais de máis de 48.000,00 euros, que se quedan no fomento do sector primario.

En canto ao gasto de persoal, as cifras son extremadamente baixas, tanto que son unha porcentaxe do 24,80%, posiblemente unha das máis baixas da provincia, na que tamén están contemplados os custes da posta en marcha do GES. Para o funcionamento, está previsto recibir das administracións participantes, máis de 270.000,00 euros.

O capítulo segundo de gastos correntes en bens e servizos, representa o 42,68 % do total 1.658.085,05 euros. Con toda esta partida, "damos cobertura ao mantemento en bo estado das vías públicas municipais, dedicando a política de gasto de infraestruturas unha cantidade inicial duns 400.000 euros. Do mesmo xeito, o mantemento, renovación e consumo dos alumeados públicos, con máis de 3.500 puntos de luz en todo o municipio, traída de augas, maquinaria municipal, edificios públicos, recollida e traslado dos residuos e o seu tratamento; todo o que se corresponde co benestar comunitario, alcanza a cifra de 552.543,90 euros", comentou o rexedor friolés. Segundo comenta o José Á. Santos, "temos moi en conta a promoción e fomento da educación, cultura e deporte, sabemos que, de novo,

iniciamos o ano con limitacións que pero orzamentariamente estamos preparados e témolos en conta para o 2022, sempre na medida en que o covid-19 nolo permita. Ou sexa para as políticas de gasto en sanidade, educación, cultura e deporte, dispoñemos de 382.350,16 euros".

O alcalde continua facendo unha mención especial para o servizo de axuda a domicilio, ou sexa todo o que abarca a política de gasto denominada Servizos sociais e promoción social, dotada cun importe de 755.108,67 euros, case o 20 por cento do Orzamento. "Está previsto o mantemento da unidade de atención temperá, contaremos coa aportación da Xunta de Galicia con máis de 125.000 euros", di Santos. Mantéñense as axudas a natalidade con 1.200 euros por nacemento, o 50% dos custes notariais por permuta de fincas no ano 2022, contarase cun novo servizo, pois Friol pasou a formar parte das escolas municipais de música, que xa están en marcha en algún Concello limítrofe, a través da Asociación Músico Crisanto. Neste capítulo, supérase os 100.000,00 euros, unha cantidade moi xenerosa para un municipio das características de Friol.

O Concello friolés compra un novo vehículo



Presentación do novo vehículo

O persoal de mantemento do Concello de Friol fai diversas labores a diario por todo o territorio do municipio, que ten unha extensión de case 300 km². Por isto, como explica o alcalde, precisan vehículos que lles permitan desprazarse para poder realizar estas tarefas, e cuxo consumo de combustible e gastos de mantemento sexan o mais reducidos posible.

Debido á necesidade que estes traballadores manifestaban, o Concello decidiu realizar os trámites oportunos para poder adquirir un vehículo axeitado, para poder facilitar os desprazamentos que deben facer para realizar tarefas de medio


ambiente e de espazos naturais, e ao mesmo tempo reducir custos de mantemento.

Para poder mercar este vehículo o Concello contou co apoio da Xunta de Galicia, que cooperou na realización da actuación coa sinatura dun convenio, aportando a cantidade de 30.000 €, importe que representa o 96,56 % do orzamento total do proxecto.

A actuación ten un orzamento total de 31.069 euros segundo a memoria valorada elaborada. Polo tanto, o importe que se aportou dende as arcas municipais foi 1.069 euros, o que supón un 3,44 % do total do valor do vehículo.

castro de rei

Un reto para incentivar as rutas de sendeirismo



Os concellos de Outeiro de Rei e de Castro de Rei veñen de publicar conxuntamente, grazas a unha subvención acadada a través do Fondo de Compensación Ambiental, un material de difusión das rutas de sendeirismo existentes nos seus respectivos termos municipais. Ademais de publicitarse as rutas, un total de sete, propónse un reto para animar ás persoas amantes da natureza e do sendeirismo a realizalas. As rutas que se propoñen neste reto discorren polo territorio das Paisaxes da Auga, moi representativo da Terra Chá, e exaltan recursos naturais, culturais e patrimoniais que se atopan nestes concellos.

O reto consiste en percorrer de principio a fin cada unha das 7 rutas propostas e facerse unha foto co mapa correspondente da ruta nos distintos puntos de cada recorrido que aparecen enumerados.


Como agasallo por rematar o reto obterase unha maqueta para a montaxe dunha libélula. A libélula é un puzzle 3D de madeira apto para todas as idades a partir dos 6 anos. As persoas que realicen as rutas e saquen as fotos acreditativas, para recibir o seu agasallo tan só deberán envalas achegando os seus datos de contacto ao enderezo: xuventude@concellodeouteiroderei.org; máis información no 982 393 408.

O Concello organiza un obradoiro de manexo do estrés e a ansiedade

O servizo de prevención de condutas adictivas da agrupación de Concellos de Begonte, Castro de Rei, Friol, Outeiro de Rei e Rábade organiza un obradoiro de manexo do estrés e a ansiedade no Concello de Castro de Rei dirixido á poboación en xeral.

A formación realizarase en dúas convocatorias para poder facilitar a participación das persoas interesadas. A primeira será o xoves 13 de xaneiro no local enriba de Correos na praza maior e a segunda o 20 na casa da cultura de Castro Ribeiras de Lea. Ambas serán en horario de 16.30 a 20.30 horas.

Os obxectivos son aprender a xestionar as emocións, conseguir un manexo axeitado do estrés e da ansiedade e lograr unha adaptación óptima a calquera situación de cambio e/o



transición vital: enfermidade, dolo etc.

Para participar será necesario unha inscrición previa antes do 12 de xaneiro a través web da escola galega de saúde ou no email prevenciondrogas@raba-de.org.

O Aeroclub de Rozas mellorará a piscina

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o presidente do Real Aeroclub de Lugo, Luis Abelleira Mayor, asinaron un convenio de colaboración para renovar as instalacións da depuración das piscinas que a entidade ten nas súas instalacións de Castro de Rei. A institución provincial achega 30.000€ para estes traballos, que ascenden a 94.495,29€, asumindo a cantidade restante o propio colectivo.

O Club conta con dúas piscinas, unha grande e unha pequena, nas súas instalacións de Mondriz, ao carón do aeródromo de Rozas. Os traballos de mellora consisten na renovación dos equipos de filtración, desinfección, circuito hidráulico, instalación eléctrica, electrolisis e regulador de PH das piscinas para que cumpran coa normativa vixente. Actualmente este sistema é antigo e non funciona axeitadamente.

A Deputación colabora con estas obras co obxectivo de manter viva a afección aeronáutica que desfruta destas instalacións, ás que non só teñen acceso os socios e socias, senón que tamén acude a veciñanza.

portomarín

A empresa adxudicataria da obra da residencia renuncia ao contrato

A Xunta de Goberno aprobou resolver de mutuo acordo o contrato de obra para a construción da residencia de Portomarín a petición da adxudicataria, Coto Estudio y Construcciones S.L. O presidente da Deputación lembrou que a primeira empresa adxudicataria deste contrato (Copcisa,SA) decidiu renunciar, momento no que a Deputación reactivou o proceso administrativo e o pasado mes de setembro resultou adxudicatario a firma que presentou a segunda mellor oferta, Coto Estudio y Construcciones SL, a mesma que agora tamén decide renunciar ó contrato.

Neste caso, a adxudicataria alegou a necesidade dunha revisión dos prezos, algo que, segundo certifican os

técnicos, non é posible segundo a Lei de Contratos do Sector Público.

Estas circunstancias, “que son totalmente alleas á Deputación, alteran os prazos, pero dende logo non alteran a nosa vontade de construír un centro público de atención a maiores en Portomarín”, subliñou José Tomé.

“Como dixen dende a miña toma de posesión e como estamos demostrando en todo o que vai de mandato, respectaremos todos os compromisos adquiridos pola Deputación cos concellos en materia de residencias. Polo tanto, daremos os pasos necesarios para dotar a Portomarín dun centro público de atención a maiores”, recalcou o presidente.



MADRUGADORES. Deu comezo o servizo de madrugadores de Portomarín. Os nenos e nenas xa poden chegar antes ao CEIP Virxe da Luz facilitando así a conciliación laboral e familiar dos veciños. Este tipo de servizos apoian que os rapaces da vila permanezan nas escolas do rural promovendo a vida nos pobos e aldeas. Evitando que os veciños marchen cara un ámbito máis urbano ao facilitarlles as condicións laborais. Este tipo de iniciativas impiden o despoboamento das zonas do interior da provincia.

pol

Mulleres con historia

A asociación de Mulleres Rurais Olvido é un dos colectivos máis activos da vila, cun total de 90 socias, que mantén unha actividade constante

No ano 1999 Pol acolleu a formación dunha das asociacións da vila con máis continuidade, a de Mulleres Rurais Olvido, un colectivo no que a presenza feminina é obrigada, de feito na actualidade conta con arredor de 90 socias que participan, en maior ou menor medida, nas actividades que organizan.

Unha das primeiras cuestións que chama a atención é o nome da asociación, que ten unha xustificación histórica non exenta de ironía. Aseguran que cando se ía formar a asociación, unha das directivas olvidouse de ir á reunión, o que fixo gracia ás demais, que quixeron facer unha broma poñéndolle ese nome á asociación recién formada. Hoxe en día esa socia aínda está na directiva.

A función principal das Mulleres Rurais Olvido é a realización de cursos, obradoiros e outras actividades de ocio dirixidas ás mulleres de Pol.

De feito, tralo parón polo covid retomaron este outono as súas actividades. Así, imparten nesta ocasión ioga, bolillos, pilates e restauración de mobles ademais de clases de piscina e aguagym. A Caseta da Carballeira é un dos lugares habituais dos cursos, que se desenvolven durante as tardes de luns a venres.

Tamén hai clases na biblioteca ou no local social de Mosteiro e a de piscina faise na Pastoriza. Agora, por cuestións de aforos, os cursos están limitados a dez persoas, “fáisenos algo máis complicado, pero o importante é seguir facendo cousas”, explica Mercedes Lopez Dorado, presidenta da asociación.

Pero ademais destas actividades



Mulleres do colectivo nunha das viaxes organizadas este ano

diarias, o colectivo tiña por costume organizar a Cabalgata de Reis e As Letras Galegas, celebracións suspendidas durante este tempo de covid pero que estudan retomar durante os próximos días. Sempre foron realizadas en común acordo co Concello de Pol, pero debido ao seu carácter gastronómico, valoran se volver celebrar estes eventos, “sobre todo agora que a situación empeora”, explica Mercedes.

Outras das actividades que retomaron son as viaxes. Fixeron dúas recentemente, unha organizada pola Deputación dentro do programa Coñece a túa provincia, na que visitaron os Ancares, e outra invitadas pola Deputación da Coruña para facer unha pequena ruta no veleiro Joaquín Vieta para 12 persoas.

Pero, como afirman, se a situación non empeora retomarán na primavera as viaxes, que era unha das actividades que máis participación tiña. A asociación de Mulleres Rurais Olvido de Pol conta actualmente con 90

socias, a maior parte delas na segunda xuventude, pero recentemente veñen de ampliar as súas filas con sangue nova coa que tamén estudan novas actividades.

Nestes días celebran tamén a súa asemblea xeral para renovar a directiva en Mosteiro, unha cita anual que se converte tamén nunha celebración. Un total de dez persoas forman parte da dirección do colectivo, liderada por Mercedes Lopez Dorado, xunto á que están Rosa María Pérez Barja de vicepresidenta, Elsa Carballés como secretaria e de tesoureira Vera López Rivas.

Formar parte da asociación polense é sinxelo. De feito só hai que inscribirse e pagar unha cota anual de 12 euros pero como o ano pasado non se fixo nada, decidiron prorrogar un ano máis polo que este ano non se cobra.

O colectivo conta co respaldo do Concello, que é o que aporta os locais para poder organizar os cursos “ademais de prestarnos a axuda que necesitamos”, indica Mercedes.

O Concello compra a Casa da Lavada para novos proxectos

O Concello de Pol certificou a compravenda dunha céntrica propiedade en Mosteiro, a Casa da Lavada, por importe de 150.000 euros, que contempla 30.000 metros cadrados de solo (23.000 rústico e 5.600 urbano), propiedade de cinco herdeiros diferentes.

O obxectivo é utilizar estas terras, ubicadas na céntrica Praza de Galicia xusto diante da carballeira, para impulsar novos proxectos, como a construción de vivendas sociais en Mosteiro ou ofrecer ao Concello novas dotacións municipais. Entre estas obras farase a restauración do edificio para habilitar nel a bibliote-



ca municipal e un centro etnográfico para reforzar a oferta cultural, e en tres das fincas adquiridas tamén se preve unha zona de aparcadoiro e a colocación de placas solares para dotar de enerxía ás instalacións.

A antiga Casa da Lavada conta con

dúas plantas de 227 metros cadrados ademais dun almacén duns 70 metros e unha construción anexa de 24. Para esta compra o Concello investiu 53.000 euros e o resto sufrágase cunha subvención da Deputación de Lugo.

Ikigai
Centro Holístico

... Masaje · Acupuntura · Reiki ...

696 62 96 96 ☎
Av. de Madrid, 42 - Lugo

COLABORACIÓN

Medio século de ilusión

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Custa imaxinarse aqueles intrépidos e inquietos homes que alá a principios dos setenta romperon os miolos para crearen en Begonte, a carón da vella nacional sexta, un belén electrónico. Nuns tempos nos que a modernidade e o progreso eran, polo xeral, alleos a aquela Galicia profunda, pero viva, un crego, don José, e un argalleiro emprendedor, José Rodríguez Varela, foron quen de darlle vida ao nacemento do Neno Xesús.

Un lembra de neno a tradicional visita do colexio ás instalacións onde contemplabamos en apenas uns minutos como o día se transformaba en noite, o sol daba paso

á chuvia e á neve, mentres aquelas figuras que representaban os oficios tradicionais do País non paraban de moverse. O Ferreiro, o zoqueiro, os pastores coidando o seu gando, labregos sementando, leñadores serrando na madeira ou a muller amasando no pan, atendían o seu lero a carón do presebe onde o fillo de Deus, acompañado dos seus pais, un boi e unha mula que lle daban calor, agardaba pola chegada dos Reis Magos de Oriente, que viñan nos seus camelos para adoralo. A maxia embaucaba a pequenos e a grandes por igual, hai cincuenta anos, vinte e cinco, dez e tamén no día de hoxe. O resultado daquela brillante iniciativa constatábase nadal a nadal cos milleiros de visitantes que se achegaban a Begonte para contemplar o belén. Cada edición era distinta á anterior, pero ao mesmo tempo moi parecida, xa que



todo estaba inventado. Begonte foi coñecido no resto de Galicia, identificando o municipio co seu belén electrónico. Foron ducias os artistas e creadores premiados nos distintos certames de poesía, xornalismo ou arte e moitos máis os participantes nos mesmos. Os medios de comunicación facíanse e fanse eco do acontecemento, sendo un clásico nesta época do ano.

Co paso do tempo xurdiron imitacións noutras localizacións, moi meritorias todas elas, mais se existe un belén electrónico con galóns, ese é o de Begonte. Cincuenta anos é toda unha vida, pero na historia da Humanidade non supón máis ca un suspiro. Chegar á idade da madurez cunha saúde de ferro ten o seu aquel, polo que todos os que dunha ou doutra maneira participan na continuidade

deste milagre en plena Terra Chá, merecen un gran recoñecemento pola súa labourea. Os últimos dous anos están a ser complexos e difíciles pola situación que condiciona a vida de toda a sociedade, supoñendo todo un desafío á hora de dar resposta a unha realidade que nos supera amplamente.

Virán tempos mellores, ou incluso tan malos ou peores cós actuais. E abofé que o belén electrónico de Begonte seguirá abrindo a súas portas un ano máis, a carón da nacional sexta, para que persoas, familias e grupos chegadas de moi pretoño ou de lonxe, contemplan como tras da noite chega o día e as figuras vólvense mover.

As vodas de ouro tiveron lugar. A partir de agora, o reto é chegar ás de platino coa forza e ilusión que caracterizan esta obra de arte que leva medio século entre nos outros.

Por ser unha cidade cultural

RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

Neste tempo de pandemia, e sobre todo cando se podía saír da casa pero con algunhas restricións á mobilidade, non cheguei a aburrirme, senón todo o contrario, xa que disfrutei moitísimo pasando unha morea de sábados pola tarde no cine, unha das miñas afeccións favoritas.

Considererei que era (e é) unha forma segura de pasar o tempo. Ademais, temos a sorte de que en Lugo a maioría das salas son accesibles, por exemplo, pódese acceder sen problema aos cines Cristal e, por se queredes ver películas de autor, están os Códex. Tamén se pode ir ao teatro xa que o Auditorio Gustavo Freire carece de barreiras arquitectónicas, así como tamén son accesibles pequenas salas coma a de Hipócrata Teatro, ubicada na escola de artes escénicas Ítaca. E se falo de cine e de teatro, estoume refirindo a "consumir" cultura. A cultura, ese fenómeno social fundamental para o



noso desenvolvemento persoal, pero que vai moito máis aló da nosa contorna xa que chegamos a compartila cunha colectividade máis grande e que, se ben podemos disfrutar individualmente, fainos partícipes coma membros desa comunidade. E hai que dicilo, tanto o deporte como a cultura en Lugo están moi ligados á cidade. Deixando para outra ocasión o deporte, neste artigo estou a refirirme á nosa cultura que, aínda que ten unha orixe máis ou menos local, pero cando se proxecta cara fóra, se fai universal. Temos claros exemplos nos artistas que, recentemente, nos deixaron: Paco Pestana, Darío Xohán Cabana ou Víctor Corral. Un recor-

do na súa honra para todos eles. E así, nas festas patronais do San Froilán, para divertir tanto aos lucenses coma aos turistas, visítannos cada ano Pelúdez e familia (con Filomena incluída), personaxes míticos da nosa cidade, interpretados por actores de Achádego teatro e que fan gala de toda a sorna que hai en Lugo e provincia.

No Arde Lucus, a xente, propia e allea, non se disfraz, senón que se caracteriza para retroceder case dous mil anos e revivir a época romana da cidade, sendo espectadores dunha serie de espectáculos lúdicos e dramáticos.

O 16 de decembro tivo lugar a estrea de 'Formigas no peto' no

ELISARDO BARCALA



Auditorio Gustavo Freire. Nesta peza teatral, o actor Carlos Rebolo de Ítaca teatro, facendo gala do seu gran sentido de humor, fala de pequenos anacos da súa biografía persoal que se misturan coa historia cotidiá dun barrio popular de Lugo: a Milagrosa.

Todo isto pode ser unha das maneiras que atopamos para darnos a coñecer; de reflectir a

idiosincrasia da cidade, de amosar a súa esencia ao resto do mundo.

Quizais sexa a maneira que temos de superar ese "illamento" xeopolítico ao que sempre estivo sometida esta cidade ao longo da súa historia.

Segura e accesible é a cultura en Lugo. Desfrutala en igualdade de condicións é unha realidade de na nosa cidade.

DEPORTES



Os gañadores da carreira

Case 900 persoas participaron na Carreira Lugo Monumental

876 lucenses participaron na Carreira Popular Monumental de Lugo. O percorrido polo centro da cidade e o seu casco histórico tiña un total de 10 quilómetros de ruta, sendo o final da proba sobre un Monumento Patrimonio Histórico da Humanidade como é a Muralla Romana.

Os atletas ao longo da proba, correron por algúns dos máis fermosos emprazamentos da capital lucense, escoltados en todo momento polas pedras da Bimilenaria Muralla Romana de Lugo.

O circuito deste ano era novo dado a que o trazado urbano da cidade está en obras. Despois de que no ano 2020 non se celebrara esta competición, esta 19 edición era unha convocatoria moi esperada polos deportistas de Lugo.

Tanto a saída como a meta estaban situadas na avenida de Ramón Freireiro, coa praza da Horta do Seminario como centro de operacións. O traxecto foi en parte circular arredor da Muralla cunha última volta

sobre o adarve co fin de manter o espírito de tódalas edicións anteriores pero adaptándoa ás circunstancias actuais. O premio da carreira foron uns grelos, un produto moi característico da provincia lucense.

OS PODIOS. A primeira posición acadouna Esteban Iglesia Vila que realizou o percorrido en 30 minutos e 17 segundos, a segunda posición foi para Gustavo Santiago Fernández cunha marca de 31 minutos e 18 segundos. Terceiro, quedou Ivo Maseda Dorado que fixo un tempo de 31 minutos e 21 segundos.

O podio feminino estivo encabezado por María Cedrón que quedou na 29 posición da carreira cun tempo de 35 minutos e 51 segundos. A segunda muller en cruzar a meta foi Lucía Varela Molejón que realizou o percorrido en 39 minutos e 8 segundos. Terceira no podio colocouse Ana González Margaride cunha marca de 39 minutos e 47 segundos.

Enara Fernández, segunda no Trail de Lousame

Os deportistas do C.D Biosbardo desprazáronse ata a localidade coruñesa de Lousame para disputar unha das probas clásicas do calendario autonómico, o Trail San Silvestre.

Esta icónica proba sae da contorna das minas de San Finx para percorrer os montes da zona e remata no centro da localidade.

A lucense Enara Fernández disputaba a proba de 17 quilómetros e 1000 metros de desnivel loitando pola primeira praza ata o tramo final da proba, que sería para a padronense Verónica Calvo.

Na distancia longa de 25 quilómetros e case dous mil metros de desnivel, os deportistas sufriron a climatoloxía moi adversa da proba quedando descolgados do grupo de cabeza.

Marcos Codesal, Jonathan Pérez e Guillermo Grandal entraron no segundo pelotón da carreira entre os postos 20 e 30 da clasificación.

Con esta proba, os atletas lucenses rematan a tempada de Trail con grandes sensacións. Sobre todo no caso de Enara Fernández que suma un novo podio, sendo a actual subcampioa galega da modalidade.

No conxunto dos resultados o C.D. Biosbardos despide o ano 2021 con múltiples podios tanto autonómicos, nacionais e internacionais situando a varios dos seus deportistas nos postos máis destacados dos respectivos rankings.

Tras uns días de descanso, volverán á carga cunha nova tempada de probas estatais e internacionais.

Segue a liga billardeira

O club Troitas Bravas faise co podio no Aberto do Galo de Ribadeo

Por mor da auga que anegou o campo de Outeiro na Devesa, a cuarta xornada da LNB NorLeste tivo que adiarse unha semana.

Así pois o XIV Aberto do Galo celebrouse aproveitando que o tempo deu un pouco de respiro cun día de sol espléndido.

Malia que o troque de data sempre trae algunha complicación, a participación foi boa acadando un total de 68 palanadores (49 homes, 16 donas e 3 cativos).

O ter catro campos de xogo simultáneos, a xornada fuxiu a fume de carozo. “Cando nos dimos conta xa tiñamos acabado e malia que xa non había auga no campo os Troitas Bravas nadaron máis bravas ca nunca e gañaron con 82 puntos por diante de Billardeiros Musicais (81) e de Chainzos Cadaval (74)”, explicaron.

Por outra banda, tiveron que loitalo duramente pois o nivel dos palanadores cada volta é máis alto e un golpe mellor ou peor dado pode chimparte o podio ou deixarte a velas vir.



Unha xogada da última competición

Tanto é así que os catro mellores da xornada só se distanciaron nun punto. Dous con 23 e outros dous con 22. Javier (Chainzos-Cadaval) gañou a Toño (Troitas Bravas) as dúas carreiras polo primeiro posto e Basilio (Billardeiros Musicais) a súa vez tamén gañou as dúas carreiras a Gándara (Filloas de Sangue) acadando o terceiro posto.

En donas Aroa e Geni (Billardeiros Musicais) deixaron como terceira a

Vivi (Chainzos-Cadaval) e en infantís repetiu Aroa por diante do seu compañeiro Xoel e de Roi (Troitas Bravas). Os poderosos brazos de Charli, Sachas, Basilio, Bonxe, Félix, entre outros, zouparon con forza nas billardas, mais como era de esperar non houbo varados. Remataron coa entrega de agasallos.

A liga regular retómase en xaneiro co Aberto da Pita de Mos en Castro de Ribeiras de Lea.

Con dereito a soñar

Por Adrián Fernández.

Acábase o ano 2021 con moi bo sabor de boca coa ilusión e o dereito para soñar con alcanzar unha das 8 prazas para xogar a Copa.

Moito tempo levaba esperando a afección breoganista, entre partidos aprazados e o parón polas seleccións, para volver ver ao seu equipo, e notábanse as ganas ao ver a cantidade de xente que aproveitara a ponte para ir a Bilbao. Pero a mala sorte fixo que este partido tamén se aprazase por un fallo técnico, situación que non sentou ben nos que viaxaron e empezaba a crear un ambiente de nerviosismo pola cantidade de inconvenientes que se estaba sufrindo.

Unha semana máis de espera coa incerteza do rendemento que daría o equipo despois de tanto tempo sen competir, pero esta vez si se disputou o partido, e que mellor que facelo no Pazo. Ao final 83-74 ante Andorra, vitoria moi traballada de principio a fin ante un rival moi duro que demostraba que este equipo sabe loitar contra as adversidades.

Tocabo agora volver a Bilbao pero esta vez sen o apoio da afección, partido entre semana pensando ta-

mén en se se podería xogar esa fin de semana en Valencia. Ambiente estraño e derrota 83-75 ante un, a priori, rival directo, resultado que podería ser distinto de disputarse no seu día.

Borrón e conta nova, había que centrarse no próximo rival, nada menos que Valencia Basket. Partidazo e Vitoria por 97-98 pese ao desenlace final, 47 puntos meteu Valencia no último cuarto, récord ACB, pero aínda así vitoria, tal vez deslucida por este feito, dun Breogán que dominara todo o partido.

Celebramos Noiteboa con moita ilusión e collíamos forza para unha semana con dous partidos importantísimos na casa, Fuenlabrada e o aprazado contra Joventut. A primeira vitoria por 97-89, non sen esforzo, pero con certa sensación de que o partido acabaría caendo polo seu propio peso do noso lado e o segundo, sorpresa, outra vez aprazado, pero esta vez por positivos no club de Badalona.

Tíñanse dúbidas de como se volvería tras o parón e Dzan Musa encargouse de disipalas. Nomeóuse-lle xogador franquía e de momento respondeu cando máis facía falta,

MVP de decembro cunha media de 27,3 puntos e 34 de valoración este mes. Desatouse a Musamanía en España e Europa, o que fixo que clubs como Milán ou o mesmo Real Madrid mostrasen interese, pero por sorte e segundo dixo o seu axente Misko Raznatovic, “necesítase un milagre para que el cambio de contorna esta tempada”.

O que si cambia de aires é Kevin Larsen que por falta de minutos vaise a Estudantes, polo que o club fichou a Nikola Jankovic para substituírle. Só queda darlle as grazas e desexarlle sorte na súa nova etapa. Tamén toca despedirse de Seydou Aboubacar que se desvincula do club e ficha polo COB. Un mes con moito movemento xa que tamén se inscribiu na ACB a Alex Urtasun pola baixa por lesión de Sergi Quintela.

Non sabemos o que nos deparará o 2022, de momento tráenos redución de aforos e a suspensión do derbi contra Obradoiro, pero o que está claro é que deixamos atrás un dos mellores anos para o breoganismo en moito tempo e que temos dereito a ilusionarnos co que queda de tempada, o soño da Copa está aí por dereito propio.

“O reto foi crecer, empezamos con 20 nenos e agora temos 176”

Óscar Rodríguez é o presidente do Club Polideportivo Lucense

O CP Lucense é un club que oferta balonmán e atletismo aos rapaces de Lugo. A idea xurdiu fai cinco anos como resultado de intentar recuperar a actividade de balonmán na cidade. Había algo de actividade pero non era o mesmo que cando os membros da directiva eran xogadores en activo. Xurde dende o cariño a este deporte e un intento de relanzar a actividade.

Como vive un club destas características?

A actividade como pasa en case todo o deporte base susténtase en base ás axudas públicas por unha banda e outra parte sufrábase a través das cotas que pagan os usuarios que disfrutan da actividade no club. Esas son as dúas formas de ingreso. As axudas públicas poden ser tanto económicas como coa cesión de instalacións deportivas. O restante obtense en base as cotas dos usuarios.

Que deporte ofrecen?

A idea inicial era ter un club multidisciplinar. O club naceu con fútbol, balonmán e atletismo. Do fútbol desvinculámonos porque a súa filosofía é diferente a do resto dos deportes. O fútbol é un deporte que move a moita xente, mentres que atletismo e balonmán son deportes máis minoritarios e requiren unha atención diferente. O atletismo non é tan minoritario coma o balonmán xa que hai máis clubs que ofertan esta disciplina. O que nos resulta interesante do atletismo é que é complementario ao balonmán e outros deportes. Axuda á coordinación, gañar destreza, condición física. É un deporte que se complementa nestas idades temperás con estas actividades. Moitos nenos practican ambas actividades e segundo van crescendo e desenvolvéndose optan a unha ou outra. O noso percorrido é curto e no noso traxecto de vida, cinco anos, tampouco hai moitas conclusións ao respecto.

Para que idades son as actividades?

Agora mesmo temos nenos de todas as idades. Desde moi pe-

quenos, prebenxamíns nenos de 5 anos, ata a categoría xuvenil que son chicos que están na semi-madurez dos 17 anos. A nosa idea inicial era traballar dende moi pequenos. Agora mesmo tal e como foi crescendo e evolucionando o club cubre esa base.

Cantos clubs de atletismo hai en Lugo? E de balonmán?

Agora por desgracia somos o único club de balonmán en Lugo. Ata fai pouco había outro pero é complicado facerse un oco porque hai moita oferta de actividades en xeral na cidade e case non hai sitio para máis clubs. Hai moita rivalidade a nivel galego. En atletismo hai rivalidade que é algo que vai asociado ao deporte, pero é unha rivalidade ben entendida.

De fútbol agora mesmo estamos desvinculados. Non é unha porta que estea pechada pero as circunstancias conducíronnos a ter soamente dúas disciplinas. É complicado porque require moita dedicación e somos un club afeccionado, non estamos profesionalizados en ningún sentido polo que é unha dedicación altruísta por parte de todos os compoñentes, tanto a directiva como o equipo técnico polo que require un esforzo importante. Segundo evolucionemos e crezamos decidírase en que sentido continúa o traballo. Si se dá un salto e se busca a profesionalización da actividade ou se continuamos como agora.

Como se presenta esta tempada en cada un dos deportes?

Con boas expectativas se a pandemia nos deixa, claro. Temos en balonmán dous campións galegos de tempadas pasadas e, este ano aspiramos a referendar os resultados do ano pasado onde conseguimos ser campións galegos en categoría alevín. Isto foi unha continuación do ano anterior onde xa alcanzamos o campionato galego en categoría benxamín de balonmán.

En atletismo individualmente hai deportistas tanto chicos como chicas que si que aspiran a competir nos galegos. O noso obxectivo é fomentar o deporte. E formar aos

nenos. Os resultados virán se hai boas condicións e se traballan ben.

Cales son os valores fundamentais que se intentan transmitir aos nenos?

Para nós é importante que se interprete ben o traballo en equipo que se pode proxectar en calquera actividade do día a día. A solidariedade, o reforzo do traballo do compañeiro. E entender que o sacrificio e o esforzo son necesarios para alcanzar os obxectivos. Algo que vai asociado sempre ao deporte e a calquera actividade. Esta é unha vía para aprendelo e divertirse ao mesmo tempo.

Ten planeado ampliar a oferta tanto de deportes como de idade?

Estamos abertos a todo pero de momento as circunstancias non son as mellores para facer plans. Iremos ver si se supera primeiro esta situación e o crecemento que teña o club nos indicará cara onde tirar. Agora mesmo o obxectivo é crecer tanto en balonmán e atletismo e consolidar os resultados das categorías inferiores nas superiores.

Cal foi o maior logro do club?

O campionato galego do ano pasado. Está ben para a vida corta que ten o club. Conseguir iso en cinco anos é importante.

Cal foi o maior reto?

Sobrevivir ao ano pasado. O maior reto foi crecer. Nós empezamos cunha base que estaba en torno a 20 nenos e agora hai 176 deportistas e o crecemento foi moi grande.

Como afrontaron tanto os nenos como os adestradores a covid?

Por parte dos nenos foron moi disciplinados. En balonmán se estableceu un protocolo moi esixente e estricto que nós seguimos para poder ter competición e podemos dicir que foi con bos resultados porque o total dos contaxios durante a actividade foi cero. Isto é un indicativo de que se está a facer ben. En atletismo outro tanto, sempre se seguiron as pautas e indicacións do Sergas e sanidade en canto a uso de máscaras, dis-



Dous equipos de balonmán e atletas do club

tancias e reducindo o número de participantes da actividade. Esixiu máis traballo para os monitores pero con bos resultados. Foi un período esgotador nalgún sentido porque parecía que non tiña fin. Os nenos teñen moita capacidade de adaptación e resisten máis do que pensamos os adultos.

Cantos socios son actualmente?

176 nas dúas disciplinas (100 de balonmán máis ou menos e o resto están en atletismo). Cadro técnico máis grande en balonmán, o que permite atender a máis deportistas nesta disciplina.

Cal é o deporte máis demandado?

Están bastante equiparados.

Realizan algunha actividade a maiores dos adestramentos e campionatos?

A intención este ano é reeditar un campus de tecnificación en balon-

mán. A data non está decidida pero é un proxecto que temos en mente e que comezaremos a desenvolver para levalo a cabo. Xa o fixemos noutra ocasión na que nos visitou o seleccionador nacional Manolo Cadenas e foi unha experiencia moi interesante para todos os nenos. É posible que no verán tamén se formule algunha actividade, esta é unha idea embrionaria.

A estas alturas do ano pódense apuntar rapaces ao club?

Pódense apuntar en calquera momento. Calquera neno é ben recibido para facer deporte nunca hai cotas cerradas. Estamos encantados de recibir a novos integrantes.

Que propósitos teñen para o 2022?

Facelo igual de ben que no 2021. Continuar no nivel de traballo que se ten agora mesmo e mellorar si se pode.

DE RUTA EN RUTA

A Fonsagrada: Liñares de Bidul-Ponte de Villabol

A ruta Liñares de Bidul-Ponte de Villabol conta con 16,8 quilómetros sendo a súa dificultade media con desniveis. A duración, dependendo do ritmo que leve cada persoa, está arredor das catro horas. Esta ruta iníciase na aldea de Liñares de Bidul, continuando entre interesantes aldeas, bosques autóctonos, regatos para chegar ao camiño feito a man nos anos 30 e 40 que une á Fonsagrada con San Antolín de Ibias, e continuar xunto ao canal do río Navia e as súas espectaculares paisaxes de áreas fluviais, antigos fornos e o camiño da República que leva ata a ponte de Villabol, onde finaliza. Esta ruta destaca pola boa sinalización e o fácil acceso.

Para chegar, dende Lugo tomárase a estrada LU-530 que leva á Fonsagrada, e dende aí colleráse a estrada LU-701 ata Liñares de Bidul, onde dá comezo a ruta, no interior da comarca de Terras de Burón que forma parte da Reserva da Biosfera e que ten un gran valor paisaxístico, cultural e patrimonial da que desfrutar durante o percorrido.

En Liñares de Bidul, cóllese o camiño que sae á esquerda en dirección este. Ao comezo, os pasos discorren por un bo camiño que atravesa o monte cara abaixo. Ao pouco a vía convértese nunha ruta descendente de bastante pendente. Máis adiante, atópanse as ruínas do pobo de Ludeiro dando entrada a unha paraxe de rocas e bosque autóctono. Continuarase por un camiño bastante esvaradío, que atravesa varios soutos e regatos pasando xunto aos restos de antigas corripas.

En cada paso, o camiño resulta máis fermoso, seguindo o regato do Navallo, encaixado no fondo do val, onde se atopa unha casa habitada temporalmente e que posúe unha fonte. Seguindo o camiño ata chegar á estrada, onde se collerá cara á esquerda ata a entrada da pista co indicador a Riodeporcos, pola que continuará o roteiro.

Deixando a ponte colgante de Riodeporcos á esquerda, seguirase a andaina de fronte, atopando o camiño da República



(antigo camiño feito a man nos anos 30 e 40 que une A Fonsagrada e San Antolín de Ibias), que discorre pegado ao encoro de Grandas de Salime.

Continuando a canle do río Navia, cunha paisaxe fluvial de gran beleza e valor ecolóxico, chégase á Fábrica, lugar onde se fundía o

mineral ata o ano 1875, e do que aínda hoxe se conserva a súa imponente cheminea.

Na aldea abandonada da Fornaza atópanse os restos de antigos fornos de fundición de ferro e unha antiga capela.

Seguindo o camiño pegado ao río Lamas, chegarase á Ferre-

ría de Vilar de Cuiña, que tivo actividade ata finais do século XIX. Despois de deixar este lugar, hoxe convertido en área recreativa, continuarase o camiño da República acompañados da beleza paisaxística da ribeira do río Lamas ata chegar á ponte de Villabol, onde finaliza a andaina.

INFORMACIÓN



4 h.



16,8 km.



Dificultade media



Cursos mensuales de CAP CONTINUA

- Permisos de conducir
- CAP inicial mercancías y viajeros
- ADR mercancías peligrosas / obtención y renovación
- Carretillas / plataformas elevadoras / Camión grúa
- Gestor de Transporte / Tacógrafo
- Formación bonificada de empresas



CURSOS GRATUITOS Sector turismo

AVECUS
Río Narla, 48-50 Lugo
Telf. 982 817 561 info@avecus.es
www.avecus.es